



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 353
6 de setembro de 2018

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 34780 (10/POC-005526)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento de valoración do grao de discapacidade en Galicia [115798](#)

I 34786 (10/POC-005528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o conflito laboral do persoal da central de coordinación do 061 [115800](#)

I 34791 (10/POC-005529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a situación da escola de San Mateo de Oliveira, pertencente ao Colexio Rural Agrupado A Picaraña, de Pontearreas [115803](#)

I 34794 (10/POC-005530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para controlar a praga da nespriña do castiñeiro [115805](#)

I 34797 (10/POC-005531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación da empresa pública Seaga [115808](#)

I 34801 (10/POC-005532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as causas polas que aínda non recibiron as axudas prometidas os gandeiros afectados polos lumes de outubro [115813](#)

I 34802 (10/POC-005533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posibilidade de que a Consellería do Medio Rural abra unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola, así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente [115816](#)

I 34805 (10/POC-005534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a proposta da Consellería do Medio Rural de incautar por cincuenta anos os montes veciñais que consideran en abandono [115820](#)

I 34807 (10/POC-005535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural, e as previsións de futuro, en relación coa obriga de que conste na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado [115824](#)

I 34810 (10/POC-005536)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a oferta pública de emprego para a categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría [115827](#)

I 34814 (10/POC-005537)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública [115830](#)

I 34820 (10/POC-005538)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a incidencia que tivo, para os doentes citados no Centro de Saúde de Viveiro o 14 de agosto de 2018, a ausencia do médico substituto para a quenda da tarde, e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura de xeito estable de todas as prazas do centro [115834](#)

I 34824 (10/POC-005539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir unha atención sociosanitaria axeitada en condicións de equidade a toda a poboación envellecida do concello de Navia de Suarna, así como as súas previsións respecto do reforzo da atención sanitaria nel e o impulso dunha lei específica referida ás zonas de montaña [115836](#)

I 34916 (10/POC-005540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda de man de obra cualificada existente no sector agrogandeiro [115839](#)

I 34922 (10/POC-005541)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento da oferta pública de prazas en residencias de persoas maiores nas comarcas de Muros, Noia e da Barbanza, e a achega de financiamento a un proxecto de centro dese tipo en Boiro [115843](#)

I 35022 (10/POC-005542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á suficiencia das medidas desenvolvidas para a protección e conservación do cruceiro de Melide, o cumprimento do disposto nesta materia na lexislación relativa aos bens de interese cultural e as denuncias presentadas ao respecto, así como as razóns da demora na súa inclusión no inventario público dese tipo de bens e actuacións impulsadas polo actual Goberno galego para a protección e realización dun inventario dos cruceiros [115847](#)

I 35113 (10/POC-005543)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á solicitude de condonación do préstamo outorgado por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira, a realización de xestións para deixar sen efecto o protocolo asinado o 18 de abril de 2018 entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña, así como a súa adhesión á proposta do Concello referida á creación dun consorcio para a xestión dos terreos portuarios da cidade [115851](#)

I 35116 (10/POC-005544)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos estatísticos referidos á vivenda protexida en Galicia dende o ano 2009, así como as súas intencións en relación coa introdución dalgún cambio substancial na súa política na materia e a modificación da reserva de solo reflectida na Lei 8/2012 para cumprir cando menos as porcentaxes establecidas na normativa estatal [115856](#)

I 35166 (10/POC-005545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención ás demandas veciñais reflectidas nas alegacións presentadas á segunda modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, así como o establecemento de negociacións co Concello de Vigo e co Ministerio de Fomento para darlles resposta [115860](#)

I 35170 (10/POC-005546)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as xestións levadas a cabo, as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

[115866](#)**I 35176 (10/POC-005547)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264

[115869](#)**I 35180 (10/POC-005548)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación existente nos centros de saúde do concello de Soutomaior

[115873](#)**I 35193 (10/POC-005549)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre os incendios forestais declarados en agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense, as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para a súa prevención, extinción e restauración da zona afectada, así como o estado de elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia

[115875](#)**I 35198 (10/POC-005550)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais e a súa dotación dunha memoria económica, así como os danos ambientais provocados e a superficie queimada polos lumes rexistrados a finais de agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense

[115880](#)**I 35209 (10/POC-005551)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de cumprimento do acordo parlamentario do 6 de xullo de 2018, referido á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, o prazo e as actuacións previstas para ese fin

[115882](#)**I 35212 (10/POC-005552)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as axudas e subvencións concedidas, así como os convenios de colaboración subscritos pola Xunta de Galicia con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009 [115888](#)

I 35220 (10/POC-005553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao destino do 1 % do total, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, de xeito específico, á loita contra a violencia machista, a valoración que fai da execución dos recursos orzamentarios consignados para ese fin para o ano 2018 e dos seus resultados, así como a súa opinión referida ao cumprimento dos obxectivos de igualdade establecidos no Plan estratéxico [115893](#)

I 35221 (10/POC-005554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para evitar a exclusión de Galicia das axudas do Goberno central destinadas a favorecer a adaptación das centrais térmicas á normativa europea de emisións medioambientais, e as medidas que vai desenvolver para garantir as actuacións necesarias para a transición enerxética por parte das empresas [115896](#)

I 35223 (10/POC-005555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz para evitar o seu pechamento durante os meses de verán [115900](#)

I 35225 (10/POC-005556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo [115905](#)

I 35227 (10/POC-005557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión [115909](#)

I 35229 (10/POC-005558)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ás análises realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos da contorna da antiga mina de Touro e a decisión que vai adoptar en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre promovido por Atalaya Mining, S. L. nos concellos de Touro e do Pino, así como a súa opinión respecto da necesidade de depurar res-

ponsabilidades políticas pola contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración [115912](#)

I 35230 (10/POC-005559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o brote de tuberculose detectado no IES de Cacheiras (Teo) e as actuacións e protocolos seguidos polo Sergas para controlalo [115916](#)

I 35231 (10/POC-005560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de persoal celador existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación á do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro [115920](#)

I 35232 (10/POC-005561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as intencións do Goberno galego en relación coa dotación do centro de saúde de Vila de Cruces cun punto de atención continuada, así como respecto do mantemento polo seu alcalde dalgún contacto co Sergas para ese fin [115924](#)

I 35233 (10/POC-005562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación dun servizo de pediatría do centro de saúde da Covada e o reforzo dese servizo no centro de saúde de Santa Cruz [115928](#)

I 35249 (10/POC-005563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións en relación coa solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización [115932](#)

I 35253 (10/POC-005564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía do stock de polbo mediante o establecemento de só unha veda de mes e medio para esa especie e as súas razóns para non establecer

unha veda totalmente subvencionada co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros [115936](#)

I 35254 (10/POC-005565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa situación do sector do biodiésel en Galicia, as actuacións levadas a cabo ou previstas para favorecer a investigación nel, a adaptación a novos materiais para a súa fabricación, así como aos obxectivos europeos acordados en xuño de 2018 respecto do horizonte das enerxías renovables e a progresiva eliminación do aceite de palma

[115939](#)

I 35256 (10/POC-005566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón, así como as medidas levadas a cabo pola Consellería do Mar para solucionar os problemas que veñen padecendo as persoas dedicadas a esa actividade coa aplicación dos actuais plans de seguridade

[115943](#)

I 35258 (10/POC-005567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

[115949](#)

I 35260 (10/POC-005568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez e as súas intencións respecto da súa modificación para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro, referidas ao depósito dos sedimentos, así como sobre a existencia dalgunha partida orzamentaria para o inicio das obras no ano 2018

[115953](#)

I 35262 (10/POC-005569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos catorce informes-denuncia do Seprona referidos ás louseiras situadas no val do río Vaos

[115957](#)

I 35263 (10/POC-005570)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte pú-

blico de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten á escala metropolitana no modelo de planificación elixido e a incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación [115959](#)

I 35264 (10/POC-005571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista respecto disto

[115964](#)

I 35266 (10/POC-005572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués, as xestións levadas a cabo para defender os intereses e dereitos da frota galega, así como a avaliación das súas repercusións para o sector en Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación con isto

[115968](#)

I 35268 (10/POC-005573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede en Canarias

[115971](#)

I 35269 (10/POC-005574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito *Marteilia refrigens* e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo sobre isto

[115975](#)

I 35281 (10/POC-005575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras

[115979](#)

I 35283 (10/POC-005576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros [115982](#)

I 35284 (10/POC-005577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiras no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento [115986](#)

I 35285 (10/POC-005578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia [115989](#)

I 35287 (10/POC-005579)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co resultado para a industria electrointensiva galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de maio de 2018, así como da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa dese servizo, as súas repercusións para o sector, así como as demandas realizadas e as alegacións presentadas ao Goberno central respecto disto [115994](#)

I 35289 (10/POC-005580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos [115998](#)

I 35293 (10/POC-005581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non xeneralizar a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os pacientes que non teñan contraindicación [116002](#)

I 35298 (10/POC-005583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas [116006](#)

I 35300 (10/POC-005584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo [116010](#)

I 35302 (10/POC-005585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posibilidade de garantía pola Xunta de Galicia do cumprimento das cláusulas sociais inseridas nas diferentes concesións de encoros hidroeléctricos, os datos referidos ao remate destas concesións na demarcación Galicia-Costa, así como nas demarcacións hidrográficas do Cantábrico, do Miño-Sil e do Douro, e as previsións dos gobernos galego e central respecto disto [116014](#)

I 35306 (10/POC-005586)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co contido do informe de impacto ambiental emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático respecto da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovida pola empresa Gesmaga, así como as razóns existentes para non demandar a realización dunha avaliación ambiental ordinaria [116019](#)

I 35307 (10/POC-005587)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015 referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticoltura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica, e a estratexia da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola no tocante á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra [116023](#)

I 35308 (10/POC-005588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coas condicións de seguridade peonil que presenta a estrada N-VI ao seu paso por Bergondo e as actuacións previstas respecto disto [116026](#)

I 35309 (10/POC-005589)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre os beneficios que terían nos ámbitos social, territorial e laboral dos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S.L., así como o seu impacto nos terreos, na gandaría, no contorno natural e no patrimonio do Camiño Inglés

[116029](#)**I 35310 (10/POC-005590)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento de residuos no concello de Teo, presentado pola empresa Toca Salgado, S. L., e a súa opinión respecto da idoneidade da localización proposta, así como da suficiencia e rigorosidade da documentación presentada

[116032](#)**I 35311 (10/POC-005591)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos do informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar en relación coa proliferación de lixo nas nosas costas, os datos que manexa respecto disto e as medidas que se están levando a cabo para combater este problema

[116035](#)**I 35312 (10/POC-005599)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras, así como as actuacións previstas respecto disto

[116038](#)**I 35315 (10/POC-005602)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no informe da Asociación Española de Carreteras (AEC) titulado *Necesidades de investimento en conservación 2017-2018*, as actuacións levadas a cabo para evitar a continua deterioración da rede viaria galega e a súa opinión referida á suficiencia do investimento estatal realizado nela nos últimos anos, así como a súa valoración respecto do nivel de afección do seu estado de conservación na sinistralidade e nos vehículos que circulan polas estradas

[116043](#)**I 35319 (10/POC-005604)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as condicións térmicas padecidas no mes de xullo de 2018 polos viaxeiros do tren rápido 09173, que fai o traxecto A Coruña-Vigo, a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo en relación co estado do servizo ferroviario galego e, se é o caso, as súas principais conclusións

[116046](#)

I 35343 (10/POC-005605)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de seguimento en relación co escaso caudal que ten o río Sil á altura da central hidroeléctrica de San Pedro I e a súa posible incidencia na conservación da fauna piscícola e da flora da ribeira, a súa valoración e a dispoñibilidade de estudos específicos respecto disto

[116049](#)**I 35347 (10/POC-005606)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e 2 máis**

Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación co proxecto de construción dun parque acuático na parroquia de San Vicente, no concello pontevedrés de Meis, así como o seu posible impacto paisaxístico e para os veciños

[116051](#)**I 35354 (10/POC-005607)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, así como as alegacións presentadas, respecto da orde do Goberno central referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso da enerxía eléctrica

[116054](#)**I 35366 (10/POC-005608)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre o tipo de residuos tóxicos e perigosos que está autorizada a xestionar a empresa PMA (Protección Medioambiental), do Grupo Campo

[116057](#)**I 35368 (10/POC-005609)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos

[116060](#)**I 35370 (10/POC-005610)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as condicións do contrato de xestión de tratamento coa empresa Cerámicas Campo para a xestión e tratamento dos pneumáticos depositados nas súas instalacións

[116063](#)**I 35372 (10/POC-005611)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e

mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, a súa incidencia na mellora da calidade da asistencia sanitaria e a demanda realizada ou prevista diante do Goberno central respecto disto

[116066](#)

I 35373 (10/POC-005612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licenzas do persoal do Sergas

[116070](#)

I 35374 (10/POC-005613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a certificación que teñen que realizar os traballadores da banca respecto da idoneidade dos clientes para determinados produtos

[116074](#)

I 35375 (10/POC-005614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a fase en que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento

[116079](#)

I 35376 (10/POC-005615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no centro de saúde de Gondomar

[116082](#)

I 35378 (10/POC-005617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que namentres vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual, así como sobre a súa opinión respecto da garantía nela das condicións de seguridade laboral necesarias

[116086](#)

I 35380 (10/POC-005619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares e a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento

[116090](#)

I 35381 (10/POC-005620)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Sergas e as súas previsións para garantir a cobertura das prazas de pediatria necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia

[116093](#)**I 35383 (10/POC-005621)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respecto

[116097](#)**I 35389 (10/POC-005622)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A.

[116102](#)**I 35396 (10/POC-005623)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar os atascos e retencións que se veñen producindo na AP-9

[116105](#)**I 35404 (10/POC-005624)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas ao respecto

[116108](#)**I 35405 (10/POC-005625)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación co trazado da autovía A-52, ao seu paso pola provincia de Ourense e as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio de Fomento da súa mellora

[116112](#)**I 35411 (10/POC-005626)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ás causas da baixada que presenta dende o ano 2013 o número de viaxeiros na liña A Coruña-Ferrol, a avaliación que fai en relación co seu estado e as actuacións levadas a cabo ao respecto [116115](#)

I 35413 (10/POC-005627)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018 en relación co conxunto das comunidades autónomas, así como os datos ao respecto

[116118](#)

I 35414 (10/P4OC-005628)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos ingresos percibidos pola sociedade galega no ano 2016 a través dos salarios, pensións e prestacións por desemprego

[116121](#)

I 35416 (10/POC-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para a apertura do albergue de peregrinos de Ourense, a garantía da súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para dar a coñecer esta nova infraestrutura

[116124](#)

I 35420 (10/POC-005631)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co estado medioambiental dos ríos Barbaña e Barbañica, no concello de Ourense, tras as sucesivas verteduras padecidas nos últimos meses

[116127](#)

I 35422 (10/POC-005632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que vai ter a contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade no problema estrutural de falta de persoal existente na provincia de Pontevedra, así como as súas razóns para non dotar de xeito permanente dos equipos precisos esa provincia

[116130](#)

I 35424 (10/POC-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os prexuízos que lles están a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e as vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do punto de atención continuada

[116135](#)

I 35427 (10/POC-005634)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos a Galicia reflectidos no informe mensual publicado polo Ministerio de Faccenda e Función Pública respecto da execución orzamentaria das comunidades autónomas, correspondente ao mes de decembro de 2017 e cos datos acumulados para o conxunto do exercicio

[116140](#)

I 35428 (10/POC-005635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio do curso escolar 2018-2019

[116145](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de setembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 34780 (10/POC-005526)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento de valoración do grao de discapacidade en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34786 (10/POC-005528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o conflito laboral do persoal da central de coordinación do 061

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34791 (10/POC-005529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a situación da escola de San Mateo de Oliveira, pertencente ao Colexio Rural Agrupado A Pí-caraña, de Ponteareas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 34794 (10/POC-005530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para controlar a praga da nespriña do castiñeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34797 (10/POC-005531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación da empresa pública Seaga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34801 (10/POC-005532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as causas polas que aínda non recibiron as axudas prometidas os gandeiros afectados polos lumes de outubro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34802 (10/POC-005533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posibilidade de que a Consellería do Medio Rural abra unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola, así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34805 (10/POC-005534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a proposta da Consellería do Medio Rural de incautar por cincuenta anos os montes veciñais que consideran en abandono

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34807 (10/POC-005535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural, e as previsións de futuro, en relación coa obriga de que conste na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34810 (10/POC-005536)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a oferta pública de emprego para a categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34814 (10/POC-005537)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34820 (10/POC-005538)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a incidencia que tivo, para os doentes citados no Centro de Saúde de Viveiro o 14 de agosto de 2018, a ausencia do médico substituto para a quenda da tarde, e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura de xeito estable de todas as prazas do centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34824 (10/POC-005539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir unha atención sociosanitaria axeitada en condicións de equidade a toda a poboación envellecida do concello de Navia de Suarna, así como as súas previsións respecto do reforzo da atención sanitaria nel e o impulso dunha lei específica referida ás zonas de montaña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34916 (10/POC-005540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda de man de obra cualificada existente no sector agrogandeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 34922 (10/POC-005541)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento da oferta pública de prazas en residencias de persoas maiores nas comarcas de Muros, Noia e da Barbanza, e a achega de financiamento a un proxecto de centro dese tipo en Boiro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35022 (10/POC-005542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á suficiencia das medidas desenvolvidas para a protección e conservación do cruceiro de Melide, o cumprimento do disposto nesta materia na lexislación relativa aos bens de interese cultural e as denuncias presentadas ao respecto, así como as razóns da demora na súa inclusión no inventario público dese tipo de bens e actuacións impulsadas polo actual Goberno galego para a protección e realización dun inventario dos cruceiros

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 35113 (10/POC-005543)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á solicitude de condonación do préstamo outorgado por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira, a realización de xestións para deixar sen efecto o protocolo asinado o 18 de abril de 2018 entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña, así como a súa adhesión á proposta do Concello referida á creación dun consorcio para a xestión dos terreos portuarios da cidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35116 (10/POC-005544)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos estatísticos referidos á vivenda protexida en Galicia dende o ano 2009, así como as súas intencións en relación coa introdución dalgún cambio substancial na súa política na materia e a modificación da reserva de solo reflectida na Lei 8/2012 para cumprir cando menos as porcentaxes establecidas na normativa estatal

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35166 (10/POC-005545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención ás demandas veciñais reflectidas nas alegacións presentadas á segunda modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, así como o establecemento de negociacións co Concello de Vigo e co Ministerio de Fomento para darlles resposta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35170 (10/POC-005546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo, as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35176 (10/POC-005547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampayo e a estrada PO-264

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35180 (10/POC-005548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación existente nos centros de saúde do concello de Soutomaíor

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35193 (10/POC-005549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os incendios forestais declarados en agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense, as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para a súa

prevención, extinción e restauración da zona afectada, así como o estado de elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35198 (10/POC-005550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais e a súa dotación dunha memoria económica, así como os danos ambientais provocados e a superficie queimada polos lumes rexistrados a finais de agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35209 (10/POC-005551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de cumprimento do acordo parlamentario do 6 de xullo de 2018, referido á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, o prazo e as actuacións previstas para ese fin

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 35212 (10/POC-005552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as axudas e subvencións concedidas, así como os convenios de colaboración subscritos pola Xunta de Galicia con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35220 (10/POC-005553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao destino do 1 % do total, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, de xeito específico, á loita contra a violencia machista, a valoración que fai da execución dos recursos orzamentarios consignados para ese fin para o ano 2018 e dos seus resultados, así como a súa opinión referida ao cumprimento dos obxectivos de igualdade establecidos no Plan estratéxico

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35221 (10/POC-005554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para evitar a exclusión de Galicia das axudas do Goberno central destinadas a favorecer a adaptación das centrais térmicas á normativa europea de emisións medioambientais, e as medidas que vai desenvolver para garantir as actuacións necesarias para a transición enerxética por parte das empresas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35223 (10/POC-005555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz para evitar o seu pechamento durante os meses de verán

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35225 (10/POC-005556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35227 (10/POC-005557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35229 (10/POC-005558)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ás análises realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos da contorna da antiga mina de Touro e a decisión que vai adoptar en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre promovido por Atalaya Mining, S. L. nos concellos de Touro e do Pino, así como a súa opinión respecto da necesidade de depurar responsabilidades políticas pola contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35230 (10/POC-005559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o brote de tuberculose detectado no IES de Cacheiras (Teo) e as actuacións e protocolos seguidos polo Sergas para controlalo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35231 (10/POC-005560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de persoal celador existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación á do

resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Personal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35232 (10/POC-005561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as intencións do Goberno galego en relación coa dotación do centro de saúde de Vila de Cruces cun punto de atención continuada, así como respecto do mantemento polo seu alcalde dalgún contacto co Sergas para ese fin

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35233 (10/POC-005562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación dun servizo de pediatría do centro de saúde da Covada e o reforzo dese servizo no centro de saúde de Santa Cruz

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35249 (10/POC-005563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións en relación coa solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35253 (10/POC-005564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía do stock de polbo mediante o establecemento de só unha veda de mes e medio para esa especie e as súas razóns para non establecer unha veda totalmente subvencionada co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35254 (10/POC-005565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa situación do sector do biodiésel en Galicia, as actuacións levadas a cabo ou previstas para favorecer a investigación nel, a adaptación a novos

materiais para a súa fabricación, así como aos obxectivos europeos acordados en xuño de 2018 respecto do horizonte das enerxías renovables e a progresiva eliminación do aceite de palma
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35256 (10/POC-005566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón, así como as medidas levadas a cabo pola Consellería do Mar para solucionar os problemas que veñen padecendo as persoas dedicadas a esa actividade coa aplicación dos actuais plans de seguridade

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35258 (10/POC-005567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35260 (10/POC-005568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez e as súas intencións respecto da súa modificación para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro, referidas ao depósito dos sedimentos, así como sobre a existencia dalgunha partida orzamentaria para o inicio das obras no ano 2018

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35262 (10/POC-005569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos catorce informes-denuncia do Seprona referidos ás louseiras situadas no val do río Vaos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35263 (10/POC-005570)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación

por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten á escala metropolitana no modelo de planificación elixido e a incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35264 (10/POC-005571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista respecto disto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35266 (10/POC-005572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués, as xestións levadas a cabo para defender os intereses e dereitos da frota galega, así como a avaliación das súas repercusións para o sector en Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación con isto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35268 (10/POC-005573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede en Canarias
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35269 (10/POC-005574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito *Marteilia refrigens* e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo sobre isto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35281 (10/POC-005575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as

razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35283 (10/POC-005576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35284 (10/POC-005577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiras no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35285 (10/POC-005578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35287 (10/POC-005579)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co resultado para a industria electrointensiva galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de maio de 2018, así como da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa dese servizo, as súas repercusións para o sector, así como as demandas realizadas e as alegacións presentadas ao Goberno central respecto disto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35289 (10/POC-005580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así

como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35293 (10/POC-005581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non xeneralizar a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os pacientes que non teñan contraindicación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35298 (10/POC-005583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35300 (10/POC-005584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35302 (10/POC-005585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posibilidade de garantía pola Xunta de Galicia do cumprimento das cláusulas sociais inseridas nas diferentes concesións de encoros hidroeléctricos, os datos referidos ao remate destas concesións na demarcación Galicia-Costa, así como nas demarcacións hidrográficas do Cantábrico, do Miño-Sil e do Douro, e as previsións dos gobernos galego e central respecto disto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35306 (10/POC-005586)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co contido do informe de impacto ambiental emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático respecto da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovida pola

empresa Gesmaga, así como as razóns existentes para non demandar a realización dunha avaliación ambiental ordinaria

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35307 (10/POC-005587)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015 referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticoltura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica, e a estratexia da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola no tocante á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35308 (10/POC-005588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coas condicións de seguridade peonil que presenta a estrada N-VI ao seu paso por Bergondo e as actuacións previstas respecto disto

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35309 (10/POC-005589)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre os beneficios que terían nos ámbitos social, territorial e laboral dos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S.L., así como o seu impacto nos terreos, na gandería, no contorno natural e no patrimonio do Camiño Inglés

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35310 (10/POC-005590)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento de residuos no concello de Teo, presentado pola empresa Toca Salgado, S. L., e a súa opinión respecto da idoneidade da localización proposta, así como da suficiencia e rigorosidade da documentación presentada

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35311 (10/POC-005591)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos do informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar en relación coa proliferación de lixo nas nosas costas, os datos que manexa respecto disto e as medidas que se están levando a cabo para combater este problema

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35312 (10/POC-005599)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego referida á análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras, así como as actuacións previstas respecto disto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35315 (10/POC-005602)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no informe da Asociación Española de Carreteras (AEC) titulado *Necesidades de investimento en conservación 2017-2018*, as actuacións levadas a cabo para evitar a continua deterioración da rede viaria galega e a súa opinión referida á suficiencia do investimento estatal realizado nela nos últimos anos, así como a súa valoración respecto do nivel de afección do seu estado de conservación na sinistralidade e nos vehículos que circulan polas estradas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35319 (10/POC-005604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as condicións térmicas padecidas no mes de xullo de 2018 polos viaxeiros do tren rápido 09173, que fai o traxecto A Coruña-Vigo, a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo en relación co estado do servizo ferroviario galego e, se é o caso, as súas principais conclusións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35343 (10/POC-005605)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún tipo de seguimento en relación co escaso caudal que ten o río Sil á altura da central hidroeléctrica de San Pedro I e a súa posible incidencia na conservación da fauna piscícola e da flora da ribeira, a súa valoración e a dispoñibilidade de estudos específicos respecto disto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35347 (10/POC-005606)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación co proxecto de construción dun parque acuático na parroquia de San Vicente, no concello pontevedrés de Meis, así como o seu posible impacto paisaxístico e para os veciños

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35354 (10/POC-005607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, así como as alegacións presentadas, respecto da orde do Goberno central referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso da enerxía eléctrica
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35366 (10/POC-005608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o tipo de residuos tóxicos e perigosos que está autorizada a xestionar a empresa PMA (Protección Medioambiental), do Grupo Campo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35368 (10/POC-005609)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35370 (10/POC-005610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as condicións do contrato de xestión de tratamento coa empresa Cerámicas Campo para a xestión e tratamento dos pneumáticos depositados nas súas instalacións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35372 (10/POC-005611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, a súa incidencia na mellora da calidade da asistencia sanitaria e a demanda realizada ou prevista diante do Goberno central respecto disto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35373 (10/POC-005612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licenzas do persoal do Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35374 (10/POC-005613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a certificación que teñen que realizar os traballadores da banca respecto da idoneidade dos clientes para determinados produtos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35375 (10/POC-005614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a fase en que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35376 (10/POC-005615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no centro de saúde de Gondomar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35378 (10/POC-005617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que namentres vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual, así como sobre a súa opinión respecto da garantía nela das condicións de seguridade laboral necesarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35380 (10/POC-005619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares e a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35381 (10/POC-005620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Sergas e as súas previsións para garantir a cobertura das prazas de pediatría necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35383 (10/POC-005621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35389 (10/POC-005622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A.

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35396 (10/POC-005623)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar os atascos e retencións que se veñen producindo na AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35404 (10/POC-005624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35405 (10/POC-005625)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación co trazado da autovía A-52, ao seu paso pola provincia de Ourense e as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio de Fomento da súa mellora

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35411 (10/POC-005626)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ás causas da baixada que presenta dende o ano 2013 o número de viaxeiros na liña A Coruña-Ferrol, a avaliación que fai en relación co seu estado e as actuacións levadas a cabo ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35413 (10/POC-005627)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018 en relación co conxunto das comunidades autónomas, así como os datos ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35414 (10/POC-005628)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos ingresos percibidos pola sociedade galega no ano 2016 a través dos salarios, pensións e prestacións por desemprego

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35416 (10/POC-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para a apertura do albergue de peregrinos de Ourense, a garantía da súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para dar a coñecer esta nova infraestrutura

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35420 (10/POC-005631)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co estado medioambiental dos ríos Barbaña e Barbañica, no concello de Ourense, tras as sucesivas verteduras padecidas nos últimos meses

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35422 (10/POC-005632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que vai ter a contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade no problema estrutural de falta de persoal existente na provincia de Pontevedra, así como as súas razóns para non dotar de xeito permanente dos equipos precisos esa provincia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35424 (10/POC-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os prexuízos que lles están a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e as vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto

da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do punto de atención continuada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35427 (10/POC-005634)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos a Galicia reflectidos no informe mensual publicado polo Ministerio de Facenda e Función Pública respecto da execución orzamentaria das comunidades autónomas, correspondente ao mes de decembro de 2017 e cos datos acumulados para o conxunto do exercicio

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35428 (10/POC-005635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio do curso escolar 2018-2019

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Na solicitude electrónica para a valoración do grao de discapacidade en Galiza inclúese a opción de renunciar á valoración dos factores sociais, co cal as persoas galegas con discapacidade quedan en desvantaxe con respecto ao resto do Estado – onde en ningunha solicitude se dá a posibilidade de renunciar á valoración social – e, tal como alerta o Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza, “poden estar renunciando a 15 puntos na valoración sen ser conscientes”, quince puntos que poden ser determinantes tanto para chegar ao 33% de discapacidade recoñecida como para acadar o 65%, que dá dereito a prestacións económicas.

O artigo 1 do Real Decreto 1971/1999, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, dispón que o recoñecemento do grao de discapacidade ten que ser uniforme en todo o territorio do Estado. Con iso garántese a igualdade de condicións para o acceso da cidadanía aos beneficios, dereitos económicos e servizos que os organismos públicos outorguen.

Na sesión plenaria do 6 de xuño de 2018, o Conselleiro de Política Social afirmou que a posibilidade de renunciar á valoración social axudaría a axilizar os expedientes.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas:



1.ª) Non considera a Xunta que dar a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento para a valoración da discapacidade é unha discriminación das persoas discapacitadas galegas a respecto das do resto do Estado?

2.ª) Non considera a Xunta esta unha medida que pretende axilizar os prazos baseándose no descoñecemento da poboación a respecto dos seus dereitos?

3.ª) Non considera a Xunta que a valoración da discapacidade, sendo un procedemento multidisciplinar, require a valoración dos factores sociais da persoa?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/08/2018 09:42:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O cadro de persoal do Grupo Norte, que xestiona a Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza 061, iniciou a comezos de agosto unha campaña de mobilizacións para lograr unha compensación xusta polo traslado forzoso desde Compostela á Estrada.

Logo de suspender a folga indefinida convocada e iniciar negociacións coa empresa, ao longo do mes de agosto tiveron lugar varias xuntanzas de negociación. Na última delas, que se produciu o mércores 22 de agosto, a empresa informou á representación de traballadores e traballadoras que lles resultaba imposíbel a interlocución coa administración autonómica por estar de vacacións as persoas responsábeis. Esta situación provoca na práctica que non se lle poidan trasladar á administración as demandas do persoal.

Para o BNG resulta absolutamente inadmisíbel que as persoas responsábeis das urxencias sanitarias estean de vacacións mentres se dá unha situación de conflito laboral nun servizo de máximo interese público.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que seguimento se fixo desde a Xunta de Galiza da convocatoria de folga e das negociacións para resolver o conflito laboral do persoal da central de coordinación do 061?

2. Por que, logo da xuntanza do 22 de agosto, a empresa non puido contactar con ningunha persoa responsábel da administración para trasladarlle as demandas do persoal?

3. Ten previsto o goberno galego atender as xustas demandas de traballadoras e traballadores dunha compensación polo traslado forzoso de Compostela á Estrada?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 34786
Data envío: 24/08/2018 11:03:03.363

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 11:00:18

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 11:00:24

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 11:00:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 11:00:27

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 11:00:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 11:00:30

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Abel Losada Álvarez deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.

A grave crise demográfica que sofre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de país.

A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

No caso do Concello de Pontearreas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de modificar a composición do Colexio Rural Agrupado (CRA) A Picaraña, que presta un servizo educativo fundamental nas parroquias deste Concello. Esta modificación supón:

1. A redución dunha unidade de educación infantil na escola de A Portela.
2. A supresión da escola de San Mateo de Oliveira.
3. A supresión de cinco postos de mestras e mestres de educación infantil.

As anteriores modificacións fanse nun contexto no que o Concello ten investido preto de 18.000 € en distintas tarefas de mantemento e adecuación das instalacións da escola de San Mateo de Oliveira nos últimos tres anos e ademais conta co rexeitamento unánime da corporación municipal, o que inclúe ao Partido Popular.

O anterior é consecuencia de que se sabe que, aínda que a escola de San Mateo de Oliveira non reunise para o curso próximo o mínimo esixido para o seu mantemento, si que o faría para o seguinte, co que o seu peche podería terse evitado xa que resulta de todo punto inverosímil que a Consellería de

Grupo Parlamentario

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria volva a poñer en funcionamento esta escola.

O certo é que hai un aforro de cinco postos de traballo (e polo tanto cinco profesionais que deixan de formar alumnos de educación infantil no rural do Concello de Pontearreas) e un desmantelamento de servizos públicos claramente evitable (e polo tanto unha falla de compromiso político evidente).

Ante a situación exposta, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Coñece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a previsión de matrícula da escola de San Mateo de Oliveira, pertencente ao CRA A Picaraña de Pontearreas para o curso 2019/2020?
2. Podería manterse en funcionamento esa escola se non se aplicase exclusivamente a demanda existente para o próximo curso 2018/2019?
3. Considera coherente o goberno galego este tipo de actuacións co feito de repetir permanentemente que esta é a lexislatura do rural?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/08/2018 11:43:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/08/2018 11:43:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/08/2018 11:43:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Nesta Comisión 7ª afirmouse recentemente a preguntas deste grupo parlamentario que a solta de *Torymus* este anos en curso sería de 1.600.000 individuos.

As novas aparecidas na prensa destes días falan de 750.000 individuos sen que se dean razóns para esta diminución.

Pero o que máis chama a atención é o secreto con que se levan a cabo as soltas. Non hai notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos e novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de *Torymus* si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é a razón pola que non se divulgou no seu momento en que zonas xeográficas se ían facer soltas de *torymus sinensis*?

-Non cre a Consellería de Medio Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpece-la instalación de poboacións do predador da nesperiña?

-Cal é a incidencia, ás luces da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nesperiña e a onde chegou a súa expansión este último ano?

-Cales son as previsións iniciais de encomenda de individuos *torymus sinensis* para o ano próximo vista a expansión en áreas xeográficas e en intensidades?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 11:48
Nº Rexistro: 34794
Data envío: 24/08/2018 11:48:05.831

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 11:40:27

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 11:40:33

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 11:40:35

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 11:40:37

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 11:40:38

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 11:40:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A empresa pública Seaga leva sendo unha peza clave no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

A empresa pública Seaga leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de Seaga organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:39
Nº Rexistro: 34797
Data envío: 24/08/2018 12:39:41.878

investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.

A capacidade organizativa e estrutural, a experiencia acumulada polo seu persoal título individual e colectivo non é substituíble por brigadas formadas circunstancialmente polas administracións locais que estivesen dispostas a facelo.

Se temos en conta as denuncias das organizacións sindicais, acerca das condicións salariais dos traballadores da empresa, tampouco se pode argumentar unha cuestión económica e de aforro para prescindir do dispositivo de Seaga. E dado que Seaga, como empresa pública da Xunta de Galicia, non ten como obxectivo principal a xeración de beneficios económicos (que en todo caso volverían a reverter nas propias arcas da administración galega), enténdese que o custo unitario deste dispositivo debería ser máis económico, ou en todo caso á par que o dispositivo do persoal da Consellería.

O perfil e as características do persoal de Seaga fai que poidan desempeñar outros labores fundamentais para o medio rural galego, baixo as directrices axeitadas da Consellería do Medio Rural, en temas non tan só de prevención e extinción de lumes, senón tamén en moitos outros agroforestais, medioambientais, de sanidade vexetal e animal, de emerxencias.... A xeito de exemplo o persoal de Seaga podería estar realizando para distintas administracións traballos de control e erradicación de pragas (nespra velutina, polilla guatemalteca das patacas, picudo das palmeiras, pragas forestais....), control de biomasa forestal onde a administración local non dispoña de recursos, xestión e mantemento de montes de titularidade pública e/ou colaboración coas CMVMC, traballos en espazos naturais galegos, etc.....etc....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de Seaga e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que se habiliten as disposicións necesarias pra que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Conselleira vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: *“se te contratou un Distrito Forestal “váleme” a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou Seaga nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da “Xunta”, e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me “vale” a túa experiencia e non cha puntúo.*

Os contratos nas brigadas municipais si lle son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó “lume” ou non. É dicir, se o Goberno Galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: *só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública Seaga.*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Está en risco de extinción a empresa pública Seaga, de ser así cales son os motivos?

-Cales son as razóns polas que non se lles recoñecen os traballos realizados, ós traballadores de Seaga, á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia?

-Por que non se lles aplica o V Convenio?

-Por que se continúa coa duplicidade de tarefas de prevención e extinción no período de alto risco?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:39
Nº Rexistro: 34797
Data envío: 24/08/2018 12:39:41.878

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 12:38:26

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 12:38:31

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 12:38:33

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 12:38:34

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 12:38:36

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 12:38:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:48
Nº Rexistro: 34801
Data envío: 24/08/2018 12:48:07.285

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Sete meses despois da vaga de lumes de outubro as axudas prometidas ás explotacións de gando de Cervantes e doutras zonas queimadas seguen sen chegar. E o que é peor, non teñen permiso para levaren, agora en primavera, o gando pacer ós pastos queimados.

Non abonda con que o ano pasado a herba seca fose escasa, que tivesen de ser socorridos pola solidariedade exemplar despois dos lumes, agora están pacendo os prados que destinan á recolección silo e máis herba seca, no seu tempo. O temor está no inverno próximo.

Neste pasado, moitos esgotaron as reservas pois non puideron saca-lo gando ó monte por mor das nevaradas ou do queimado e agora pola prohibición.

Non se entendeu no seu momento a soidade fronte ó lume. Non se entende agora o silencio administrativo diante da problemática que padecen.

A sociedade en xeral, que aproba a existencia de zonas protexidas coma a Rede Natura, non estaría tan de acordo se soubese as limitacións que ten para a xente que alí vive e os escasos beneficios que lle proporciona.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:48
Nº Rexistro: 34801
Data envío: 24/08/2018 12:48:07.285

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cales son os impedimentos para que non teñan chegado aínda as axudas prometidas ós gandeiros afectados polos lumes de outubro?

-Que pensa face-lo Goberno Galego cos gandeiros das zonas onde arderon pastos e a prohibición de uso?

-Ten pensado, o goberno galego, algún tipo de compensación ós gandeiros e labradores que vivindo en espazos protexidos ven limitada a súa actividade?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:48
Nº Rexistro: 34801
Data envío: 24/08/2018 12:48:07.285

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 12:47:32

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 12:47:38

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 12:47:39

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 12:47:41

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 12:47:42

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 12:47:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión.**

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos producidos a prezos irrisorios por poboacións que viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Existe, en Guísamo, antiga sede do CIAM unha colección de variedades autóctonas galegas, preto do medio centenar, recollidas e seleccionadas polos anos 60, de mazás de sidra e de mesa que están á espera de que alguén con bo criterio se lembre da súa existencia e da renomeada sona que antano tiñan entre a poboación deste País e entre a de fóra.

Houbo perante o moi lembrado Bipartito, e non sempre con boas intencións, proxectos para a reintrodución dalgunhas destas variedades que contan con tódolos elementos necesarios: presentación, aroma e sabores, para seren introducidas nun mercado cada vez máis esixente nas personalidades propias e sabores e aromas con "pedigrí".

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten pensado a Consellería de Medio Rural facer algo co tesouro xenético, en forma de maceiras, depositado en Guísamo e Mabegondo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten feito algún estudo de mercado, algún xeito de prospección arredor das posibilidades de futuro e de implantación destes produtos de marca galega ?

-Estaría disposta a Consellería de Medio Rural a considerar a posibilidade de abrir unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 12:49:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:49
Nº Rexistro: 34802

Data envío: 24/08/2018 12:49:54.988

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 12:49:07

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 12:49:08

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 12:49:09

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 12:49:11

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 12:49:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión.**

O derradeiro dos moitos avisos que nos leva dado o lume nos últimos tempos, agravado co que xa é certeza de estarmos inmersos nun ciclo climático seco e con altas temperaturas, debería facernos reflexionar seriamente sobre a ordenación dos nosos montes e o como defendelos e defendernos dos posibles lumes, cada vez máis virulentos e ameazadores non so co monte senón con vivendas, infraestruturas e facendas.

A inaceptable culpabilización a tramas terroristas incendiarias, cuestionadas pola fiscalía e por todos aqueles que din entender algo deste asunto, que serviu para evadir responsabilidades directas por parte do goberno galego no desastre do mes de outubro, ten que levarnos a pensar seriamente no tema.

O noso monte está ameazado por varias circunstancias que inciden no caos en que se encontra. Dado que a gran ameaza reside na súa dificultade para ser xestionado será aí onde teñamos de busca-las solucións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:57
Nº Rexistro: 34805
Data envío: 24/08/2018 12:57:20.472

Temos os montes veciñais en man común, 700.000Has, con exemplos modélicos de xestión e aproveitamento multifuncional pero tamén cunha significativa cantidade deles que están mal xestionados ou en franco abandono.

Como solución a este problema a Consellería de Medio Rural proponnos nesta última lei de Acompañamento dos Orzamentos a incautación destes Montes Veciñais por 50 anos e a súa inclusión no Bantegal.

Todo isto sen probar antes un plano de incentivación dos comuneiros e posta en marcha dun plan de reactivación desta singular figura tan arraigada antano e que a súa desaparición e posterior recuperación deu lugar a tantos e tantos conflitos coma defensa á desaparición do uso comunal do monte e repoboacións salvaxes do ICONA de mediados do século XX.

Ten a ver esta iniciativa co convencemento de que o feito de que o monte teña unha función social, participativa, de propiedade e xestión común, ten a ver coa concienciación, vixilancia e rexeitamento social do lume coma práctica de risco ou coma agresión e solución a vellos e enquistados problemas.

Soamente desde a visión do monte coma espazo necesario, de propiedade común, posto en valor e con rendementos visibles, en definitiva coma valor de futuro poderemos iniciar unha longa andaina de eliminación e extinción social do lume coma solución ó caos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Van facer unha incautación por 50 anos, entregando á iniciativa privada aquelas comunidades de montes que consideren en abandono antes de tentar medidas de intermediación que respecten a titularidade da veciñanza comuneira?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 12:56:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:57
Nº Rexistro: 34805

Data envío: 24/08/2018 12:57:20.472

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 12:56:22

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 12:56:23

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 12:56:24

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 12:56:26

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 12:56:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A quen se lle acorda a mobilización do sector produtor lácteo no 2015, nin como esta rematou na traizón do acordo?

O caso é que case tres anos despois un dos puntos do citado acordo e que en teoría tiña a ver con darlle un sopro de alento ó sector do estado (nós vimos sendo, de momento case o 50%), está sendo posto en cuestión pola *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)*. Referímonos a establece-la obriga de constar na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado.

Era tal o convencemento aparente a que se chegara e era tanta a présa que o goberno tiña por quita-los tractores da rúa e acalma-lo sector que o mesmo presidente se reuniu con tódolos implicados no conflito rememorando unha mesa de negociación necesaria para o sector pero nunca recoñecida coma tal polo goberno da Xunta.

Coma xesto de boa vontade e de présa púxose en circulación a campaña do leite "galega", distintivo que se mantén aínda que dun xeito suave e sen repercusión palpable no sector.

En resume, non é de recibo que unha vez máis primen os intereses das multinacionais instaladas no sector cós intereses do mesmo. É ben para o sector e para o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consumidor en xeral que a orixe do produto lácteo figure no etiquetado tal e coma acontece noutros países da UE.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que accións e medidas efectuou e tomou a Consellería de Medio Rural desde aquel 2015 para que a orixe do produto lácteo figurase na etiquetaxe do mesmo?

-Que ten pensado facer diante das reticencias da *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)* a incluír na etiquetaxe a procedencia do produto lácteo en venda?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 12:59
Nº Rexistro: 34807
Data envío: 24/08/2018 12:59:25.894

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/08/2018 12:58:26

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2018 12:58:32

Ana Pontón Mondelo na data 24/08/2018 12:58:33

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2018 12:58:34

Noa Presas Bergantiños na data 24/08/2018 12:58:36

Xosé Luis Bará Torres na data 24/08/2018 12:58:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a, relativa á OPE para a categoría de técnica/o en coidados auxiliares de enfermaría.**

As e os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría son profesionais imprescindibles dentro do sistema sanitario público e presentes en múltiples servizos asistenciais.

Son múltiples as ocasións nas que se teñen denunciado a insuficiencia de persoal de esta categoría nalgunhas unidades, sobre todo nas de hospitalización, que durante os últimos anos sufriron as taxas de reposición e a non cobertura de prazas.

Por outra banda, ate vinte e seis centros de formación profesional imparten os estudos para a obtención da titulación de TCAE na nosa comunidade.

Maila todo, a pesares da existencia sobrada de profesionais e da demanda, a oferta pública de emprego nos últimos anos dentro do Servizo Galego de Saúde ten sido escasa.

Tras a convocatoria no exercicio 2008/2009 de 535 prazas, só foron convocadas 60 máis seis anos despois, no exercicio 2014/2015.

No último ano a Xunta de Galicia gabábase da recuperación económica e da nova oferta de prazas públicas en diversas categorías no 2017. Sen embargo, esta OPE fica semiparalizada nalgunhas categorías coma na do persoal TCAE.



Para dita categoría, somentes existe o decreto da oferta, publicado xa o ano pasado, sen que nin tan sequera se teña convocado o proceso selectivo para poder inscribirse as persoas aspirantes, coma si ten acontecido noutras categorías.

Resulta difícil comprender a existencia de motivos para retrasar o inicio dun proceso selectivo nunha categoría central no sistema e da que nos últimos anos só se renovaron 60 prazas.

Ante estas circunstancias, **En Marea pregunta:**

- 1.- ¿ Cando vai publicar a convocatoria do proceso selectivo do SERGAS para a categoría de TCAE ?
- 2.- ¿ Cal é o motivo para retrasar a convocatoria nesta categoría?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/08/2018 13:27:55

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**

A Xunta anunciou a creación dun bono (Bono Autonomía en Residencia) para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública. Este bono consistirá nunha axuda directa para as persoas que, tendo recoñecido un grao de dependencia, estean en agarda para acceder a unha das escasas prazas nas residencias públicas da Comunidade Autónoma. Optar polo Bono é compatible con permanecer na lista de agarda para residencias públicas.

A Xunta calcula que se beneficiarían un milleiro de maiores, cunha axuda de 490 euros ao mes de media, afirmando o Conselleiro que “cubrirá unha porcentaxe elevada do gasto da praza”. O importe máximo da axuda será de 715 €. Segundo datos do IMSERSO, unha praza en residencia privada ten un custe duns 1.500 euros ao mes, prezo inasumible tendo en conta as baixas pensións das galegas e galegos (780,2 € de media en 2017).

A Xunta calcula a axuda media de 490 euros ao mes por ser a media das contías da Libranza para Adquisición de Servizo residencial (axuda esta xa recollida na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia).

No desenvolvemento da citada Lei establécese que, pasados tres meses dende que se recibe a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) co recurso de servizo residencial sen ter praza pública asignada, pódese solicitar o “dobre



PIA”, consistente en permanecer na lista de espera de residencia pública e simultaneamente percibir a libranza para adquisición de servizo para axudar a custear unha praza en residencia privada mentres non se acceda á praza pública.

De momento non existe ningún procedemento novo activado nos servizos de Dependencia para solicitar este “Bono Autonomía en Residencia”, máis que as cartas con formulario que se envían ás persoas potenciais beneficiarias. Por outra banda, o Bono ofertado é exactamente igual á Libranza para Adquisición de Servizo (residencia) xa existente, pois o que se ofrece coa “creación deste novo” Bono xa é posible facelo na actualidade se pasados tres meses da aprobación do recurso non se fai efectiva a asignación da praza en residencia pública, co cal nos atopamos ante unha medida electoralista, que pretende vender fume, ser un parche, sen máis.

Nas cartas que se envían, a Xunta calcula a contía da prestación á que terían dereito as persoas potenciais beneficiarias, indicando que “a contía exacta obterase no momento da resolución da concesión”, sen especificar cando se producirá esta.

A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes, elevándose a case 2000 en 2017.

En total, en 2016 (Consello Económico e Social), había en Galicia 20.467 prazas residenciais de maiores e dependentes, das cales o 67% eran privadas, a maior porcentaxe do Estado. En conxunto, a rateo de prazas por persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado (3,07%), cando a OMS recomenda un 5%.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:



- 1.ª) Por que a Xunta afonda no modelo privatizado de residencias de maiores?
- 2.ª) Como vai a Xunta resolver a carencia de prazas públicas en residencias de maiores cando sigue apostando por un modelo que favorece a privatización?
- 3.ª) Cando vai desenvolver de xeito pleno o anunciado “Bono Autonomía en Residencias”?
- 4.ª) Cando se van conceder os primeiros bonos?
- 5.ª) Como vai garantir a cobertura dunha porcentaxe elevada do gasto da praza?
- 6.ª) Por que se burlan da cidadanía ofertando unha nova axuda cando é exactamente igual que as libranzas para adquisición de servizo cando se está a agardar por praza en residencia pública?
- 7.ª) A quen xa está pagando unha residencia privada e en agarda por libranza para adquisición de servizo, váiselle ofrecer o bono?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/08/2018 11:51:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O 14 de agosto de 2018 faltou o médico substituto para a quenda de tarde no Centro de Saúde de Viveiro. Así, pacientes que foran citadas para consultas tiveron que marchar sen atención.

Esta situación evidencia unha carencia estrutural. Das tres prazas de Medicina Xeral que pasan consultas pola tarde no Centro de Saúde de Viveiro só está unha cuberta, mesmo en verán, época na que o Concello de Viveiro (15.550 habitantes en 2017) aumenta en poboación. Unha segunda praza refórzase con substitucións.

O Centro de Saúde de Viveiro conta cunha praza de Odontoloxía, que non foi substituída nas vacacións, o cal motivou que os e as pacientes con consultas de urxencia tiveran que ser derivadas ao Centro de Saúde de Burela durante un mes este verán.

Ademais, é habitual na comarca da Mariña a non substitución das vacantes do persoal nos centros de Atención Primaria, coa conseguinte saturación laboral por exceso de cupo de pacientes por profesional e a perda de calidade na atención.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben presentan as seguintes preguntas:



- 1.^a) Por que se tarda tres horas en comunicar a pacientes citados e citadas no Centro de Saúde de Viveiro o 14 de agosto de 2018 pola tarde que non serán atendidas?

- 2.^a) Cando vai dar cobertura estable a todas as prazas do Centro de Saúde de Viveiro?

- 3.^a) Ata cando vai persistir no deterioro da Atención Primaria na Mariña?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/08/2018 14:16:32

Luis Villares Naveira na data 24/08/2018 14:16:38

Eva Solla Fernández na data 24/08/2018 14:16:46

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O Concello de Navia de Suarna conta con 1.140 habitantes (IGE 2017), aumentando notablemente a poboación no verán, cunha idade media de 60 anos, tendo unha das taxas de envellecemento máis elevadas do mundo (1.1015,21).

Navia de Suarna conta cunha extensión de 242,56 km², cunha poboación espallada nunha zona montañosa.

O Centro de Saúde de Navia de Suarna conta con unha praza de Medicina Xeral, unha de Enfermería e outra administrativa. No caso de ter que saír a atender un domicilio, o Centro de Saúde queda sen persoal médico.

En 2015, a baixa do médico titular non foi substituída en medio ano, o que colapsou o centro de saúde.

Para as urxencias, a referencia é o PAC de Becerreá, que se atopa a máis dunha hora de distancia en coche de poboacións do Concello de Navia de Suarna, e a máis de media hora da capital municipal.

A única farmacia do Concello non conta con servizo 24 horas.

As poboacións avellentadas, como é o caso, son máis vulnerables ante fenómenos habituais como as gripes estacionais ou as vagas de calor.



Tamén se constata o desigual tratamento salarial do persoal de enfermería substituto a respecto do fixo, co que se da unha clara vulneración do principio de igual traballo igual salario, nunha mesma categoría profesional.

Por outra parte, o cadro de persoal non conta cos elementos materiais mínimos necesarios para desenvolver a súa labor con eficacia. Así, non contan con pés de goteiro, algo básico para o desenvolvemento das súas tarefas, polo que é necesario que se faga unha provisión destes e outros materiais necesarios.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben preguntan á Xunta:

- Como vai garantir a Xunta a atención sociosanitaria axeitada a toda a poboación envellecida do Concello de Navia de Suarna en condicións de equidade?
- Vai a Xunta reforzar a atención sanitaria no Concello de Navia de Suarna?
- Considera xusto que haxa núcleos do Concello de Navia de Suarna que teñan o PAC de referencia para urxencias sanitarias a máis dunha hora de camiño?
- Vai a Xunta impulsar unha Lei específica sobre as zonas de montaña galegas?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Vilares Naveira



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/08/2018 14:30:13

Luis Villares Naveira na data 24/08/2018 14:30:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Galiza experimentou nos últimos anos unha perda importante de explotacións gandeiras de vacún de leite co conseguinte efecto negativo no emprego e despoboamento do medio rural. As que continúan coa actividade precisan redimensionarse optando moitas veces pola agrupación. Así é que a día de hoxe a porcentaxe de sociedades de distinto tipo (SAT, SC, SL, SCG) representan cada vez unha porcentaxe máis elevada.

A dinámica laboral destas explotacións mudou moito do que ata agora funcionaba nas explotacións familiares. A estrutura territorial e de instalación así como a especialización obriga a que algunhas tarefas sexan externalizadas. Así ocorre cos cultivos de forraxes e tamén en grande medida na recría de xovencas.

Por distintos motivos a man de obra familiar xa non é suficiente para atender este novo tipo de explotacións e faise preciso contratar persoal externo. Cada día son máis as granxas que poden ter futuro grazas ao persoal asalariado.

O que debería ser unha boa alternativa ante o desemprego no rural atópase con un grande inconveniente: non hai oferta de persoal cualificado para traballar nestas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explotacións e existe unha crecente demanda do mesmo. Nalgunhas zonas de forte actividade leiteira esta falta de persoal cualificado está sendo un grave problema.

A Administración debería ser quen de transformar esta carencia nunha dupla oportunidade: o sector precisa persoal cualificado para traballar nas explotacións mais tamén precisa formarse para xestionar equipos e organizar tarefas.

Gandeiras e gandeiros deben afrontar este reto, ademais de manexar gando e cultivos, ocuparse da burocracia ligada á actividade. Teñen que incorporar persoal alleo e xestionar o equipo de xeito que a explotación funcione e sexa rendible.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Que pensa facer o goberno diante a demanda de man de obra cualificada para explotacións leiteiras e a escaseza de oferta?

2- Ten previsto algún tipo de accións formativas encamiñadas á capacitación de persoal laboral no sector agrogandeiro?

3- Ten previsto a Xunta de Galicia accións encamiñadas a dar solucións á problemática burocrática, de formación laboral e idiomática a respecto da contratación de inmigrantes?

4- Ten previsto dar saída á desconexión existente entre a formación regulamentada e a necesidade de man de obra?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5- Pensa facer algo a respecto da creación de bolsas de emprego para explotacións que permita cubrir a demanda existente e dar solución a problemas coma a cobertura dos tempos en vacacións?

6- Está disposta a deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para as persoas propietarias das explotacións enfocados á xestión de equipos e tarefas?

7- Vería ben, nas axudas á incorporación de xente moza, incluír criterios de puntuación máis favorables para as persoas que presenten formación específica regulamentada na xestión de explotacións gandeiras?

8- Ten previsto habilitar axudas específicas para a contratación de servizos de substitución naquelas explotacións nas que, pola súa dimensión, non é posible a contratación de persoal asalariado?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:26
Nº Rexistro: 34916
Data envío: 27/08/2018 10:26:05.296

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2018 10:23:30

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2018 10:23:36

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2018 10:23:37

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2018 10:23:38

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2018 10:23:40

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2018 10:23:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

A comarca da Barbanza – concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira – ten unha poboación de 66.672 habitantes, dos cales 14.375 teñen máis de 65 anos (datos IGE 2017).

A comarca de Muros – concellos de Carnota e Muros – conta con 12.852 habitantes, 4.179 por riba dos 65 anos.

A comarca de Noia – concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son – conta con 33.527 habitantes, dos cales 12.852 teñen máis de 65 anos.

En total, as tres comarcas contan cunha poboación maior de 65 anos de 45.781 persoas.

A rateo recomendada pola OMS en canto a prazas residenciais por cada 100 habitantes maiores é do 5%, o que significaría, no conxunto das comarcas, 2.290 prazas residenciais.

No conxunto das comarcas da Barbanza e de Muros e Noia só hai dous centros residenciais da terceira idade propios da Xunta: o da Pobra do Caramiñal, con 48 prazas, xestionado directamente, e o de Ribeira, con 106 prazas, xestionado por



Domus VI. A maiores, só hai recursos privados: as vivendas comunitarias para persoas maiores en Outes e a residencia privada DomusVI de Noia, con 97 prazas financiadas.

Dende a posta en marcha da residencia da Pobra pola Xunta de Galiza en 1986 no Barbanza non aumentou a oferta pública, malia aumentar a poboación maior e a lista de agarda para este servizo.

En marzo de 2017, o Pleno da Corporación Municipal de Boiro aprobou por unanimidade unha moción en apoio á construción na finca do Pazo de Goiáns dunha residencia de persoas maiores.

O Concello de Boiro está a tramitar unha modificación do PXOM na finca pública do Pazo de Goiáns, para permitir a edificabilidade de 22.000 m², coa finalidade de ubicar nestes terreos a futura residencia, emprazamento que permite a ubicación dun servizo destas características con estándares de alta calidade.

O PP de Boiro pretende utilizar este patrimonio municipal para que un suposto “grupo inversor” execute neles un suposto investimento de 12,5 millóns de euros para a construción dun centro de atención á terceira idade con servizos de asistencia, formación e observatorio xerontolóxico, prometendo 200 prazas de residencia para maiores.

O modelo de prazas privadas de residencias de maiores non é asumible pola maioría das persoas do noso País, custando cada unha delas unha media de 1.500 € ao mes.



As persoas xubiladas de Boiro estiveron recollendo sinaturas, acadando máis de 2700 en apenas tres días, o que amosa o gran interese social por este equipamento.

A Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en materia de “asistencia social”, entre a cal se atopa o servizo de atención residencial, debe fornecer ás comarcas de Boiro, Muros e Noia de prazas en residencias de maiores en número suficiente.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben esta iniciativa presentan as seguintes preguntas:

1. Vai aumentar a oferta pública de prazas en residencias de maiores nas comarcas de Muros, Noia e Barbanza?
2. Vai achegar financiamento a un proxecto de residencia de persoas maiores en Boiro?
3. Non considera insuficiente a oferta de prazas de residencias de persoas maiores nas comarcas de Muros, Noia e Barbanza?
4. Ten constancia do interese dalgún grupo inversor nos terreos da finca do Pazo de Goiáns en Boiro?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/08/2018 10:29:21

Luis Villares Naveira na data 27/08/2018 10:29:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á atención por parte da Xunta de Galiza e das administracións implicadas da adecuada conservación e protección do Cruceiro de Melide

Recentemente, coñecéronse feitos graves no tocante á adecuada conservación e protección do Cruceiro de Melide, do século XIV, situado nas inmediacións da Igrexa de San Roque e catalogado, segundo a Xunta de Galiza, como Ben de Interese Cultural. Na penúltima semana de agosto, ao tocar unha orquestra nas súas inmediacións, volveu correr perigo. Estes feitos repítense cada ano durante as festas e ten sido denunciado polo Museo Terra de Melide, que leva anos demandando a insuficiencia da protección. Habitualmente sitúase unha protección metálica durante as festas mais desta volta por mor do gran tamaño do escenario, a protección ficou recortada.

Desta volta, após a denuncia pública do Museo, mesmo a Policía Local acudiu ao lugar, levantando acta, agrandando o máximo posíbel o perímetro de seguridade e mesmo movendo parte da aparataxe da orquestra, que tiña sido apoiada no pé do monumento.

Estes acontecementos son de extrema gravidade e veñen a sumarse a moitas outras denuncias de semellante índole ao longo do país, froito das carencias de protección e posta en valor dos cruceiros. Máis aínda, neste caso obsérvase un obvio incumprimento da lexislación vixente, agravado pola situación urbanística do concello de Melide. Cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 92 relativo a Hórreos, cruceiros e petos de ánimas recolle que “*Son bens de interese cultural e quedan sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens nesta lei, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no seu título I, os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901.*”

Así mesmo, o Artigo 38 referente a Contornos de protección subsidiarios que “*Para os monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados nos que non se establecese o seu contorno de protección de modo específico, os contornos de protección subsidiarios nos solos rústicos, nos de núcleo rural histórico-tradicional ou nos urbanizables estarán constituídos, de forma subsidiaria, por unha franxa cunha anchura, medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe, de:*

a) 20 metros para os elementos singulares do patrimonio etnolóxico como hórreos, cruceiros e petos de ánimas, pombais, alvarizas, pesqueiras, muíños, foxos de lobo ou chozos.”

A instalación dun escenario nese espazo de protección de 20 metros debería contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio e ademais, non é o primeiro ano que se denuncia a súa delicada situación.

Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego xulgamos precisa unha maior implicación por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera a Xunta de Galiza que ten desenvolvido as medidas suficientes de protección do cruceiro de Melide?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Teñen sido compatíbeis as actuacións do Concello de Melide coa correcta conservación? Conta o goberno galego con algún tipo de informe propio ao respecto? En que datas e con que contido?

-Coñece o goberno galego a situación referida? Que actuacións levou a cabo Patrimonio con carácter previo? E posterior? Considera que foi cumprido o estipulado pola lexislación?

-Cantas denuncias privadas ou de colectivos ten recibido a Xunta de Galiza ao respecto nos últimos dez anos? Que fixo ao respecto?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a suxestión do Museo de que o monumento sexa protexido de forma permanente con algún tipo de contorna?

-Que avances ten impulsado o goberno do señor Feijoo canto á protección dos cruceiros durante o seu período? Cales son as razóns de que a día de hoxe non constemos cun inventario total dos cruceiros do noso país? E parcial? Que medidas impulsou ou vai impulsar para corrixir esta situación?

-Por que non consta aínda no inventario público de BIC o cruceiro de Melide? Cando será actualizado dito listado?

-Considera o goberno galego que ten sido abondo cumprido e desenvolvido o Capítulo III da Lei de Patrimonio canto a bens que integran o noso patrimonio etnolóxico?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35022
Data envío: 27/08/2018 10:56:58.093

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2018 10:53:10

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2018 10:53:14

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2018 10:53:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2018 10:53:22

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2018 10:53:23

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2018 10:53:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, relativa a medidas de actuación en relación coa situación económico-financeira do Porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiro.- Recentemente o Goberno do Estado, no marco das negociacións no Consello de Política Fiscal e Financeira, vén de asumir a demanda do goberno autonómico de Valencia para condonar débeda do Consorcio Valencia 2007, por un montante duns 350 millóns de euros, débeda derivada da organización da Copa América, da Fórmula 1 e instalacións para deportes náuticos, e formalizada daquela nun préstamo ICO.

Esta condonación ao Consorcio Valencia 2007, sen vir acompañada dunha actuación análoga coa Autoridade Portuaria da Coruña, suporía un agravio comparativo para Galiza que non se pode tolerar, moito máis cando, como é o caso, na Coruña a débeda con Portos do Estado (préstamo de 200 millóns de euros, outorgado en xullo de 2011) tivo por obxecto a execución dunha obra de infraestrutura portuaria (o porto exterior de Punta Lagosteira), declarado de interese xeral do Estado.

É un préstamo que, Convenio de Normalización Financeira e Plans de empresa por medio, pretendía amortizarse coa enaxenación de terreos portuarios, nunha operación deseñada nos Convenios urbanísticos de 2004. Uns Convenios que na actualidade deben ser obxecto de imprescindible revisión, tal e como se



evidencia no consenso político, social e cidadá ao respecto.

Unha condonación que non ten máis impedimento que a vontade política do Goberno do Estado. Con independencia das diferencias que poden existir entre causa e forma dos instrumentos de financiamento de Consorcio Valencia 2007 e a APAC, a realidade é que o Goberno do Estado condona un préstamo ao Consorcio (entidade de dereito público, na que participa o Estado, a quen está adscrito, de acordo cos seus Estatutos) e non fai ata o momento o propio coa APAC, entidade de dereito público dependente de Portos do Estado e, polo tanto, do Ministerio de Fomento-Goberno do Estado.

Hai mecanismos e procedementos máis que suficientes para que se poida condonar ese préstamo de 200 millóns que a APAC debe amortizar. Moito máis nun escenario de maior flexibilidade no réxime europeo de axudas aos portos e infraestruturas portuarias.

Segundo.- Unha condonación da débeda que tamén se xustifica pola imposibilidade de xeración dos recursos ordinarios suficientes cos que atender o custo do servizo da débeda da APAC.

A situación da Autoridade Portuaria da Coruña está caracterizada pola elevada débeda e carga financeira e a incapacidade da xeración de recursos para re-equilibrar a situación e facer fronte aos vencementos nos próximos anos. Situación económico-financeira que verase agravada a partir do 2021 cando a Autoridade Portuaria comece a amortizar o préstamo dos 200 millóns de euros do préstamo de Portos do estado outorgado para o financiamento do porto exterior e outras actuacións.

Ante tal panorama, a previsión da Autoridade Portuaria de obtención de recursos e fluxos de efectivo cos que atender a débeda pasa pola enaxenación privada de terreos portuarios, procedentes en parte de recheos gañados ao mar e da propia

desaparición de praias urbanas.

Enaxenacións que ademais de supoñer a privatización de solo público (terreos gañados ao mar nun caso, antigos bens comunais da cidade, noutro) pretenden alterar o ben máis prezado da cidade da Coruña, a súa fachada marítima e borde litoral, ao contemplarse no PXOM unha ordenación urbanística (conveniada no 2004) que proxecta mamotretos de ata 9 plantas de uso terciario, hoteleiro e de ata 10 plantas de uso residencial nos peiraos a desafectar do actual dominio público portuario, nos peiraos de Bateria/Calvo Sotelo e San Diego, respectivamente.

Enaxenacións que, por riba, tampouco darían solución á actual situación estrutural de débeda do porto da Coruña e ao re-equilibrio das contas. Unhas contas que deben re-axustarse pola acción combinada de plans de ocupación do porto exterior e do propio volume de tráfico portuario e servizos portuarios anexos e complementarios, e pola re-negociación e re-financiamento da débeda; un refinanciamento que co precedente do acontecido agora para o caso de Consorcio Valencia 2007, debe pasar pola súa condonación e asunción polo Estado.

Terceiro.- Por outra banda, o contido do protocolo asinado de costas ao Concello da Coruña, en abril de 2018 entre a Xunta de Galicia, Fomento e a APAC, así como o Convenio que se anexa ao mesmo, non garante o respecto á vontade maioritaria de eliminar os intereses especulativos e inmobiliarios da definición e xestión dos terreos, e mantén a aposta polos Convenios do pelotazo de 2004, trasladado ao PXOM, coas características antes sinaladas, co pretexto de financiar o custe da construción do Porto Exterior ou a débeda da Autoridade Portuaria.

Dito Protocolo mantén a previsión de privatización do espazo portuario para financiar a débeda da Autoridade Portuaria, e sen que se teñan en consideración



outras alternativas que posibilita o novo marco europeo de financiamento e de xestión económico-financieira dos portos, incluído o da condonación do principal do préstamo dos 200 millóns, tal e como se dixo anteriormente.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Contempla a Xunta de Galicia esixir ao Goberno do Estado a condonación do préstamo de 200 millóns de € outorgado por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira?
- 2) Vai a realizar as xestións oportunas para deixar sen efecto o Protocolo asinado entre Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria de A Coruña, de data 18 de abril de 2018 e, en todo caso, a non asinar o Convenio que se anexa ao mencionado Protocolo?
- 3) Sumarase á proposta do Concello da Coruña para crear un Consorcio para a xestión dos terreos portuarios da cidade da Coruña, xunto co Ministerio de Fomento-Portos do Estado e a APAC e, no seu caso, outras administracións públicas?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/08/2018 12:11:27

Marcos Cal Ogando na data 27/08/2018 12:11:34

Luis Villares Naveira na data 27/08/2018 12:11:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Os datos achegados polo INE sobre transmisións de dereitos de propiedade, nos que se recollen os datos acumulados do primeiro semestre de 2018, que reflicten a porcentaxe de transmisións correspondentes á vivenda protexida, deixan en evidencia os efectos altamente negativos da política nos últimos anos sobre a vivenda e, singularmente, sobre a vivenda de protección. Galiza é a comunidade do Estado, agás as CCAA insulares, que presenta unha menor porcentaxe de vivenda protexida.

Táboa 1.

Estadística de Transmisións de vivenda. Porcentaxe de vivenda protexida	
Resultados por Comunidades Autónomas. Datos primeiro semestre 2018	
	% Vivenda protexida
Andalucía	9,98
Aragón	14,43
Asturies	17,97
Balears	2,42
Canarias	4,27
Cantabria	8,89
Castela-León	14,13
Castela-Mancha	7,52
Catalunya	10,31
Com. Valenciana	10,94
Galiza	4,78
Madrid	7,89
Murcia	11,18
Nafarroa	14,4
Euzkadi	9,88
Rioja	10,42
Estado	9,8



A política liberalizadora do mercado do solo e da vivenda, a rebaixa na porcentaxe de edificabilidade destinada a Vivenda Protexida, plasmada na Lei 8/2012 de vivenda de Galiza, o abandono do IGVS das políticas de construción de vivenda protexida e a baixísima execución, ano tras ano, dos orzamentos destinados a vivenda, tradúcense nun mercado no que pouco máis do 4% do total de vivendas son protexidas, menos da metade da media estatal.

E isto non é algo accidental, casual ou puntual, senón que a evolución estatística demostra e evidencia a decisión da Xunta e do Partido Popular de acabar coa vivenda protexida. Os datos relativos ao número de vivendas iniciadas e a súa porcentaxe sobre o total, no período de goberno de Feijóo son dabondo elocuentes.

Táboa 2

VIVENDA PROTEXIDA E LIBRE		VIVENDAS INICIADAS			
		Vivendas iniciadas			
España	Total	Protexidas	Libres	% Protexida	
2009	159286	79056	80230	49,63	
2010	123616	60526	63090	48,96	
2011	86252	34296	51956	39,76	
2012	52060	17480	34580	33,58	
2013	35721	6489	29232	18,17	
2014	38018	5898	32120	15,51	
2015	50565	5306	45259	10,49	
2016	64766	6787	57979	10,48	
GALIZA		Vivendas iniciadas			
GALIZA	Total	Protexidas	Libres	% Protexida	
2009	7397	1146	6251	15,49	
2010	7037	2965	4072	42,13	
2011	4395	942	3453	21,43	
2012	3053	438	2615	14,35	
2013	1831	107	1724	5,84	
2014	1521	141	1380	9,27	
2015	1677	5	1672	0,30	
2016	2147	4	2143	0,19	



En 2015 e 2016 iniciáronse en Galiza 5 e 4 vivendas respectivamente, que representaron o 0,30% e 0,19 % do total das iniciadas, entre 35 e 50 veces menos que na media do Estado, onde se iniciou neses mesmos anos un 10,49 % e un 10,48% de vivenda protexida sobre o total.

Son unhas cifras escandalosas que se suman a unha paupérrima construción de vivenda de promoción pública por parte da Xunta de Galicia, unha política de abandono que se fixo efectiva durante os peores anos da crise, onde houbo miles de desafiuzamentos e cando a xente expulsada dos seus fogares que non tivo o apoio da Xunta e dun solvente parque público de vivenda.

Hai que lembrar que, en 2017, volveron incrementarse, segundo os datos do CXPX, os desafiuzamentos en Galiza e segue habendo grandes dificultade de acceso a unha vivenda para amplas capas da poboación. Unha situación de desprotección dun dereito básico «que non se solucionará si non se mudan as políticas que vén mantendo a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Como valora o Goberno galego a estatística sobre vivenda protexida en Galiza dende o ano 2009?
- 2) Contempla algún cambio substancial nas políticas de vivenda protexida en Galiza?
- 3) Considera que a rebaixa da reserva de solo que permitiu a Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza tivo efectos positivos?



4) Pensa modificar este aspecto para cumprir cando menos coas porcentaxes establecidas na Lei estatal de vivenda , RDL 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, do 30% como mínimo?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/08/2018 12:55:09

Marcos Cal Ogando na data 27/08/2018 12:55:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 25 de xaneiro de 2018 o Pleno da Corporación Municipal de Vigo deulle o visto bo á Aprobación Inicial da Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, promovido pola Xunta de Galiza.

No proceso de información pública presentáronse máis de 2.500 alegacións, o que pon de manifesto un amplo rexeitamento social e veciñal a aspectos centrais da modificación do Plan. Unha boa parte das alegacións foron promovidas pola Asociación Veciñal Vigo Novo de Navia, que propoñen cambios substanciais en aspectos centrais do proxecto que teñen que ver coa calidade de vida como a edificabilidade, a mobilidade, as zonas verdes, os equipamentos socieducativos ou a protección contra o ruído.

As alegacións presentadas propoñen modificacións nos seguintes aspectos:

a) Número de vivendas:

Diante do incremento significativo das vivendas que se prevé construír, que pasan das 613 previstas en anteriores plans a 1.180 e tendo en conta que o total das vivendas, contando coas 3.732 xa construídas sería de 5.525 vivendas ao final da promoción, as alegacións veciñais propoñen



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Unha redución significativa das vivendas a construír levándoas ás 613 inicialmente previstas.

- Supresión das tipoloxías con alturas superiores a Baixo+II+baixo cuberta.

b) Zonas verdes e preservación da masa forestal:

As alegacións veciñais formulan as seguintes propostas:

-A adecuación das zonas verdes, lecer, edificacións e rede viaria ás masas forestais aínda existentes. Nomeadamente, e sen descartar a protección do resto das masas forestais, a eliminación do viario-continuidade da rúa As Teixugueiras na Etapa IIIB en dirección a rúa Tomada, para salvar na súa integridade a carballeira existente.

- Enlace desde o final da rúa As Teixugueiras (dirección oeste), cunha “pista verde” co actual paseo do Lagares.

- Desenvolvemento, acondicionamento e seguimento dos espazos verdes existentes.

- Provisión masiva de árbores autóctonas no actual parque.

c) Rede viaria:

Tal e como se recolle nas alegacións veciñais, un dos maiores problemas que ten a veciñanza de Navia e a conectividade coa súa contorna: en dirección centro urbano de Vigo pola avenida de Castelao, en dirección norte (a través da avenida de Europa) e en dirección oeste (coa antiga parroquia de Navia e Samil).

Para paliar estes problemas, propóñense as seguintes medidas:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Entrada-Saída de As Teixugueiras á Avda. de Europa diferente, e máis directa, que a proposta nesta 2ª Modificación.

- Entrada-Saída do túnel xa existente baixo o cinto de circunvalación (á altura da rúa As Teixugueiras n. 5-7), prolongándoo ata as rúas Porriño e Baiona.

- Soterramento da VG-20.

Devolución ao PAU de Navia dos terreos ocupados pola VG-20 no seu paso polo barrio, propoñendo o seu soterramento e recuperación da superficie liberada para uso e de lecer veciñal. Caso de aceptar esta proposta, evidentemente modificaría a proposta nº 2 deste apartado das alegacións que pasaría a ser un viario de conexión co barrio de Coia en superficie.

- Eliminación das entradas e saídas nos novos viarios propostos na modificación que conectan coas rúas San Paio de Navia e Xuncal ata que non se desenvolvan as pezas urbanísticas de Casaliños, Tomada e Torre situadas fora do ámbito do Pau. A introdución de máis tráfico por eses viarios supoñería o seu colapso cando non o motivo de graves accidentes.

d) Estacionamentos en superficie

Nesta segunda modificación puntual o incremento da dotación de prazas de estacionamento faise á conta da redución de 17.716 m² en zonas verdes tan “sensibles” como son as situadas entre edificios ou directamente enfronte, e/ou a poucos metros das vivendas.

Por conseguinte, as alegacións propoñen as seguintes modificacións:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 35166
Data envío: 28/08/2018 10:48:10.280

- A supresión da proposta dos novos aparcadoiros reflectida no plano da páxina 54 da Memoria Xustificativa por ir en detrimento da superficie total de zonas verdes tan necesitadas neste barrio .

- Cambio nas rúas Ufas e Lamelas do aparcadoiro en liña a aparcadoiros en batería, nos dous sentidos de circulación.

e) Equipamentos educativos, culturais e sociais:

Ante a actual necesidade de prazas para Educación Secundaria, e a demanda de espazos sociais e de lecer, que faciliten o enraizamento no barrio, as alegacións formulan as seguintes propostas:

- Reserva efectiva e planificada para uso exclusivo educativo (Instituto de Educación Secundaria) das parcelas EQ-III-B e EQ-V-2.

-Reserva efectiva e planificada para uso social en xeral (locais sociais e veciñais, con espazos multiusos, salón de actos ou biblioteca de barrio) das parcelas EQ-V-2 EQ-IV-B e EQ-V-1.

f) Protección acústica

O estudo acústico que acompaña a 2ª Modificación do Plan Parcial de Navia presenta dúas eivas importantes e que condicionan as propostas de protección:

É un estudo que se iniciou no 2012 e finalizou no 2013. Nas datas nas que andamos, ano 2018, polos incrementos importantes de habitantes como de vehículos e a apertura de novas instalacións, parece evidente que se os resultados do estudo fosen actualizados variarían considerablemente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 35166
Data envío: 28/08/2018 10:48:10.280

Non contempla un impacto do tráfico rodado para o resto das etapas xa executadas, e por tanto a ausencia de medidas correctoras.

É por iso que as alegacións veciñais propoñen:

- A elaboración dun novo estudo acústico actualizado, incorporando a previsión das futuras vivendas, viarios e habitantes.
- A incorporación das medidas correctoras necesarias tanto para as etapas contempladas nesta 2ª Modificación como para as etapas I, II e IIIA.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten previsto a Xunta de Galiza atender as demandas da veciñanza de Navia recollidas nas alegacións á Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia?

-Vai establecer negociacións o goberno galego co Concello de Vigo e co Ministerio de Fomento para dar resposta ás demandas veciñais?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 35166
Data envío: 28/08/2018 10:48:10.280

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 10:46:28

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 10:46:33

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 10:46:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 10:46:36

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 10:46:38

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 10:46:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35170
Data envío: 28/08/2018 11:00:38.264

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

A Comisión 1ª do Parlamento galego, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 3 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo unánime:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a

1. Negociar co arcebispo de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa Católica, a retirada da inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas antes de finais de 2017.

2. Estender esta negociación a outras inscricións similares que aínda permanecen nas fachadas das igrexas, co obxecto de que se retiren no prazo máis breve posíbel.

3. No caso de que a igrexa católica non amose disposición, de acordo co establecido na lei 52/2007, de 26 de decembro, (...), coñecida como lei de memoria histórica, e a Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galiza, iniciar os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35170
Data envío: 28/08/2018 11:00:38.264

Transcorridos 10 meses do devandito acordo, formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Que xestións realizou a Xunta de Galiza para o cumprimento deste acordo parlamentar?

-Por que aínda non se retirou a inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas?

-En que prazo está previsto dar cumprimento ao acordo parlamentar?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 10:59:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35170

Data envío: 28/08/2018 11:00:38.264

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 11:00:00

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 11:00:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 11:00:03

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 11:00:05

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 11:00:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

1. A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela, constituíndo un dos principais fitos desta rota pola beleza do conxunto formado polo río e a ponte.

2. A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de realización de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso renovar.
- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.
- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.
- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrós.

3. A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación, mantemento e reforma é competencia da Xunta de Galiza. No paso desta estrada polo núcleo urbano de Ponte Sampaio existen numerosas deficiencias en materia de seguranza viaria, accesibilidade e mobilidade peonil, polo que resulta necesario que a administración autonómica desenvolva unha actuación integral de mellora que contemple, por unha parte, o treito comprendido entre o centro de saúde e a ponte medieval, e, por outra, o treito entre o centro de saúde e o cemiterio. Como exemplo do deficiente estado do vial pódese salientar a ausencia de pasos de peóns, a deficiente sinalización, a ausencia de beirarrúas nalgúns treitos, a existencia de beirarrúas que non cumpren a normativa vixente, e a abundancia de barreiras arquitectónicas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35176
Data envío: 28/08/2018 11:19:29.577

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Que previsións de actuación ten a Xunta de Galiza a respecto da ponte medieval de Ponte Sampaio e da estrada PO-264?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 11:18:20

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 11:18:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35176

Data envío: 28/08/2018 11:19:29.577

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 11:18:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 11:18:30

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 11:18:32

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 11:18:33

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A redución de servizos sanitarios no verán foi debatida como consecuencia de iniciativas deste Grupo Parlamentario antes do remate do anterior período de sesións; iniciativas que foron rexeitadas polo Goberno galego e polo Grupo que o sustenta. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidese ser comprobada, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial dos cidadáns quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa notoria falla de persoal, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se repón ata nas cuestións máis básicas. A maiores, esta situación incide especialmente no eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do SERGAS e da Consellería de Saúde a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde.

O caso dos Centros de Saúde de Soutomaíor non é diferente. No Concello hai dous centros (un en Soutomaíor e outro en Arcade), que suman tres médicos de familia, un pediatra e tres persoas encargadas de enfermería. O consultorio de Arcade atende a cupos de 1800 e 1700 cartillas, respectivamente e, como ocorre en multitude de centros de saúde do rural galego, as substitucións non se cobren, fundamentalmente no verán e no Nadal. O médico de familia que está en Soutomaíor traballa menos horas pola súa situación administrativa e, en máis ocasións das desexadas, o único pediatra non está, o que obriga ás familias a se trasladar á veciña Vilaboa, a uns 10 quilómetros de distancia. Os cidadáns do Concello están xa fartos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.- Que opina o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación dos Centros de Saúde do Concello de Soutomaíor?



Grupo Parlamentario

2.- Parécelle suficiente ao Goberno o número de profesionais que atenden nos dous consultorios dese Concello?

3.- Segundo o Goberno, é suficiente a atención pediátrica prestada nese Concello?

4.- Vai contratar o Goberno persoal necesario para manter o mesmo nivel de atención en verán que no resto do ano?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2018 11:35:10

Julio Torrado Quintela na data 28/08/2018 11:35:17

Noela Blanco Rodríguez na data 28/08/2018 11:35:23



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa aos incendios de agosto de 2018 no Invernadoiro e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galiza para a prevención, extinción e reparación.

Situado no Macizo Central ourensán, O Invernadoiro é un espazo protexido coa categoría de Parque Natural que ten case 6.000 hectáreas e é tamén considerado Rede Natura. Goza dun importantísimo valor canto á riqueza ambiental pola singularidade da súa xeomorfoloxía e paisaxe ao que se suma a variedade da súa fauna e flora.

O pasado 22 de agosto de 2018 declaráronse dous lumes activos que afectaban de forma exclusiva ao territorio do parque natural do Invernadoiro. Segundo a información da propia Xunta de Galiza as labores de extinción prolongáronse durante varios días. Posteriormente, o 28 de agosto iniciouse un novo incendio tamén neste parque. Nese mesmo tempo, existiron diversas denuncias sobre a falta de aplicación das medidas de prevención de riscos, de seguridade e de coordinación, cuestión que a CIG levou nunha nova denuncia na Inspección de Traballo, afirmando ademais que a central elaborara un informe en



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maio do ano pasado no que se recollían as numerosas deficiencias detectadas en materia de seguridade e saúde laboral no parque de xestión pública.

Doutra banda, segundo as informacións públicas emitidas pola propia Xunta de Galiza, a causa inicial dos lumes podería ter sido unha treboada seca. Cómpre recordar que estamos a falar dunha zona de difícil acceso, alén de que calquera visita ao Parque natural ha ser autorizada pola administración.

A protección e salvagarda do noso medio é unha obriga para a Xunta de Galiza e cómpre avaliar os acontecementos para supervisar se estaban tomadas as medidas oportunas, se decorreu todo conforme aos protocolos e cales son as actuacións previstas para a recuperación da contorna afectada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é a avaliación que fai o goberno galego das actuacións correspondentes aos incendios forestais do Invernadoiro en agosto de 2018?

-A que hora exacta tivo o goberno galego constancia de ambos os dous lumes iniciados o 22 de agosto? Por que medio? Por parte de que persoal ou organismo e a que persoal ou organismo? E no caso do lume do día 28?

-A que hora exacta se comezou a intervir no lume? A través de que medio?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cando decidiu a Xunta de Galiza informar publicamente deste lume por medio dos seus instrumentos de comunicación? Cales foron as razóns?

-Cantos medios humanos e materiais, propios e alleos, foron precisos para extinguir ambos os dous incendios?

-Cal é o día e hora de extinción oficial de cada un deles?

-Cal é o número de hectáreas ardidadas definitivo en cada un destes lumes?

-Cantos traballadores e traballadoras propios do parque estaban en activo ese día? Pertencentes a que postos e categorías laborais? Había algunha baixa?

-Existe no Parque algún Plan de Emerxencias e Evacuación? Foi preciso evacuar algún/algunha visitante? Cancelar algunha actividade?

-Existen problemas de cobertura que interferiran nas labores de extinción?

-Existe algún protocolo de actuación específico para o Parque no tocante a incendios? E formación específica para o seu persoal?

-Existía no momento algunha cámara de vixilancia operativa que puidera abranguer esta zona?

-Que valoración fai a Xunta de Galiza do proceso de extinción? Con cantos outros incendios coincidiron estes lumes durante os días nos que estiveron activos? Supuxo iso unha falta de medios nalgún deles?

-Cal é o resultado das investigacións canto ás causas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En que datas tiña ardidado anteriormente o parque?

-Ten estudado a Xunta de Galiza se é posíbel prever este tipo de lumes e deseñar unha intervención máis rápida?

-Que actuacións de reparación ambiental ten programadas a Xunta de Galiza? Desenvolveu algunha xa? Cal é o cronograma?

-Cal é o estado actual das accións encamiñadas á elaboración dos plans de uso e xestión de seis parques naturais? Con que previsión temporal? E orzamentaria?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:39
Nº Rexistro: 35193

Data envío: 28/08/2018 11:39:34.332

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 11:35:53

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 11:35:58

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 11:35:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 11:36:00

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 11:36:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 11:36:03

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. Un ano máis, a pasividade do Goberno da Xunta de Galicia, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévanos a resultados como o acontecido no Parque Natural do Invernadeiro nestes últimos días. Os dous incendios no parque teñen provocado grandes danos ambientais.

Este Grupo Parlamentario non pode máis que rexeitar as declaracións da conselleira de Medio Rural cando dicía que “ningún dos incendios afectan a unha zona especialmente importante do parque natural, posto que se trata dunha zona de matogueira baixa”. Estas declaracións son a mellor manifestación da absoluta ignorancia da conselleira sobre o parque do Invernadeiro e da inexistencia da conselleira de Medio Ambiente. Os danos ecolóxicos son moi graves, polo que é necesario comezar con urxencia os labores de rexeneración ambiental para impedir a desertización das zonas queimadas. Son previsibles escorrentías, graves procesos erosivos, desaparición dos solos por arrastres nas áreas de maior pendente e contaminación de acuíferos. E, como resultado, un empobrecemento do chan.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.- Vai deseñar o Goberno da Xunta de Galicia un Plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais?

2.- Cales foron os danos ambientais provocados polos incendios destes últimos días Parque Natural do Invernadeiro?

3.- Cantas hectáreas foron queimadas?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2018 11:49:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/08/2018 11:49:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/08/2018 11:49:26

Raúl Fernández Fernández na data 28/08/2018 11:49:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo (Ourense).

A ruta da prata ou Camiño Mozárabe é a ruta xacobeá de maior percorrido, conectando o sur da península con Santiago de Compostela constituíndo a prolongación dunha antiga calzada romana que unía a localidade de Mérida con Astorga. Esta vía mantívose viva na Alta Idade Media, primeiro cos visigodos e despois baixo dominación islámica. Posteriormente, na Baixa Idade Media os e as cristiás mozárabes recristianizárona e comezaron as peregrinacións desde o sur, tanto desde Andalucía como desde Estremadura. A día de hoxe é unha ruta moi visitada nos seus diferentes tramos e tamén hai moitas persoas que fan un anaco dela desde diferentes puntos. Xa na Galiza, esta ruta ten dous posíbeis itinerarios, un por Laza e outro por Verín, que conflúen no seu paso pola cidade de Ourense e os seus arredores.

Cómpre recordar que Seixalbo goza da consideración de Núcleo de Interese Etnográfico. As súas condicións de conservación fan que este núcleo sexa un valor engadido para as e os visitantes que cheguen a Ourense a través do Camiño e, ao mesmo tempo, require que o propio Camiño sexa un elemento de dinamización para a poboación. Porén, a día de hoxe existen varias problemáticas vencelladas que poden ir en detrimento destes factores de desenvolvemento así como da seguridade e sinalización do camiño, que repercutirán nunha peor experiencia tanto para as persoas peregrinas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

como para aquelas que empregan este treito do camiño, próximo á cidade, para practicar deporte e actividades de lecer. A isto súmanse as modificacións no propio recorrido do camiño que se impuxeron co trazado ferroviario pola falta de permeabilidade entre os núcleos de poboación por mor da infraestrutura.

Ao abeiro do Plan Director do Camiño contéplase a Liña estratéxica 3: Conservación e mantemento do Camiño de Santiago que recolle entre as súas actuacións prioritarias tanto a 3.1 . Mantemento viario, sinalización e seguridade vial no Camiño de Santiago como a 3.2 Camiño de Santiago accesíbel.

Actualmente, as e os peregrinos que veñen desde o alto de Bemposta dirección Ourense atravesan a zona da rúa Santa Águeda. En primeiro lugar, trátase dun tramo confuso e con deficiente sinalización que fan que as e os peregrinos continúen pola rúa Santa Águeda cara á dereita, con dirección á rúa camiño do tren no lugar de desvíárense lixeiramente cara a esquerda ata atoparse coa vía do tren. Sería preciso, polo tanto, unha mellora da sinalización neste punto.

Así mesmo, en segundo lugar, as e os peregrinos ao atopárense coa vía do tren deben coller en paralelo á vía cara á esquerda un carreiro que desemboca na estrada Ou-105 e pasar por debaixo dunha ponte sobre a que discorre a vía. Porén, dunha banda hai unha deficiente sinalización pero tamén un problema de seguridade evidente (coordenadas 42°18'06.7"N 7°51'15.9"W). Nesta zona pasan coches a velocidade considerábel hai mala visión tanto para a ou o viandante (que non ten ningún sinal de advertencia) como para os vehículos (que teñen un único sinal de advertencia xa na inmediatez do cruce). Non hai tampouco elemento de seguridade algún (beirarrúa, vallas, espellos...) que permita prever o paso do vehículo ou da persoa viandante nin velar pola súa protección.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O referido Plan Director contempla a necesidade de priorizar as intervencións no Camiño de Santiago naquelas situacións nas que, como neste caso:

- Vese condicionada a seguridade das e dos peregrinos
- Conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño
- É precisa a eliminación da sinalización ilícita.

Máis aínda, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos facer notar, ademais, o risco engadido no caso de tratarse de peregrinaxe a caballo. Por outra banda, é preciso mellorar a sinalética da zona, tamén de cara a poñer en valor a contorna da Capela de Santa Águeda e indicar que, por exemplo, hai fontes aptas para o emprego humano, xa que, por mor das deficiencias así como da ruptura no camiño que supón a vía e a falta dun paso subterráneo, pasa desapercibida para moitas das persoas visitantes da ruta.

Por todos estes motivos, o Bloque Nacionalista Galego levou unha iniciativa a debate ao Parlamento. Desta forma, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos relativos á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo (Ourense).

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia para que:

1. Acometa, segundo o Plan director do Camiño de Santiago, a mellora da sinalización da Vía da Prata, no que tamén estará incluído o núcleo de Seixalbo, prevista para o ano 2019, coa priorización dos puntos críticos.

2. Execute a mellora xa prevista no proxecto promovido pola Xunta de Galicia de mellora de seguridade viaria na estrada OU-105 en Seixalbo, con especial atención



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:10
Nº Rexistro: 35209
Data envío: 28/08/2018 13:10:14.176

ao paso por debaixo da ponte da vía do tren, na que se estude a viabilidade dun paso de peóns nas proximidades segundo a normativa vixente de seguridade vial, ao tempo que se mellore a sinalización das advertencias de perigo en ambos os sentidos de circulación.

3. Recorde ao Concello de Ourense as súas obrigas a respecto da roza e limpeza do mato no perímetro rural e a existencia de ordes de axudas da Xunta de Galicia para a accesibilidade e sinalización dos distintos recursos turísticos, ás que se poderá acoller para realizar a sinalización dalgún elemento patrimonial de interese, como a capela de Santa Águeda.»

Porén, até o momento, non se teñen acadado os resultados agardados.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera o goberno galego que ten cumprido os acordos emanados da Cámara en xullo de 2018?

-Que horizonte manexa para darlles cumprimento a estes acordos?

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo?

-Considera o goberno galego que, a efectos da precaución por parte das persoas condutoras, é suficiente ter indicación só en sentido descendente no tramo referente á Ponte da vía do tren da estrada OU- 105 ao seu paso por Seixalbo?

-Pensa o goberno galego que as e os peregrinos poden ter conciencia da perigosidade do tramo coa sinalética actual?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:10
Nº Rexistro: 35209
Data envío: 28/08/2018 13:10:14.176

-Ten desenvolto estudos específicos sobre esta zona nos últimos catro anos? Cales? Considera que a actitude do Concello de Ourense está a ser dilixente coas demandas da veciñanza?

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir os problemas de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo que derivan en continuas desorientacións das e dos usuarios?

-Considera a Xunta de Galiza que conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño? Que vai facer para reconducir a situación?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 13:01:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:10
Nº Rexistro: 35209

Data envío: 28/08/2018 13:10:14.176

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 13:01:44

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 13:01:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 13:01:47

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 13:01:49

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 13:01:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentar e a nosa labor de oposición. .



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que axudas, subvencións e convenios de colaboración que estableceu a Xunta de Galiza, se é o caso, coas seguintes empresas, desde o ano 2009?

ALUDEC S.A.

ALYMOSA

BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.

BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.

CABLERIAS AUTO S.L.

CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -
FUNDACION CETAG

CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.

COMPONENTES DE VEHICULOS

COPO GALICIA SLU

COPO IBERICA S.A.

DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.

FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.

FAURECIA ATUOMOTIVE ESPAÑA S.A.

FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 35212
Data envío: 28/08/2018 13:22:32.723

FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.

GESTAMP VIGO S.A.

GKN DRIVELINE VIGO S.A.

GRUPO ANTOLIN PGA S.A.

GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.

MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.

MC SYNCRO

MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.

MGI COUTIER ESPAÑA S.L.

PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.

PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.

PSA PEUGEOT CITROEN

REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.

SNOP ESTAMPACION S.A.

TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)

TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.

TREVES GALIZA, SLU



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 35212
Data envío: 28/08/2018 13:22:32.723

VIZA AUTOMOCION SAU

ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS (OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 13:18:06

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 13:18:25

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 13:18:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 13:18:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 35212

Data envío: 28/08/2018 13:22:32.723

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 13:18:31

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 13:18:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:33
Nº Rexistro: 35220
Data envío: 28/08/2018 13:33:05.801

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

No que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres e coñecéronse múltiples agresións machistas que saltaron aos medios, como por exemplo a agresión sexual do Armandiña Rock que tivo unha forte resposta tamén a pé de rúa. Co paso dos anos, grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que sendo importantísimo, dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas.

A diagnose e abordaxe da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

A necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións. Entre as ferramentas das que nos temos dotado desde Galiza salienta a Lei 11/2007, do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:33
Nº Rexistro: 35220
Data envío: 28/08/2018 13:33:05.801

27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Se ben o paso de máis dunha década debe facernos reflexionar sobre aqueles aspectos que deben ser mellorados, obriga adoptada polo Parlamento Galego nos traballos para o Pacto Galego contra a violencia machista, tamén o é que debemos ter vixilancia sobre o cumprimento dos aspectos que recolle. Nese sentido, é fundamental pisar o acelerador do compromiso económico e orzamentario.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Destinará o goberno galego nos orzamentos de 2019 o 1% do total especificamente á loita contra a violencia machista?

-Que valoración fai o goberno galego da execución do exercicio 2018? E da avaliación dos seus resultados?

-Considera o goberno galego que cumpre os obxectivos de igualdade fixados no Plan Estratéxico?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:33
Nº Rexistro: 35220

Data envío: 28/08/2018 13:33:05.801

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 13:31:25

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 13:31:29

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 13:31:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 13:31:32

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 13:31:34

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 13:31:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado: a de Meirama, posta en marcha en 1980 e máis a das Pontes, sendo postos en marcha os seus diferentes grupos a partir de 1976. Esta forma de xeración ten un importante impacto no medio ambiente debido á alta emisión de CO₂ e de gases causantes de acidificación. Polo tanto, a modernización para a redución destas emisións así como a modernización de cara a unha futura e necesaria transición enerxética debe ser unha preocupación dos poderes públicos.

Máis aínda, cómpre lembrar os obxectivos fixados para 2020 e 2030 aos que o Estado Español se comprometeu a nivel europeo. Por exemplo, os obxectivos para o ano 2020 establecen a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro como mínimo nun 20% respecto dos niveis de 1990, a mellora da eficiencia enerxética nun 20% e a obtención a partir de renovábeis dun 20%. A falta de impulso dunha política enerxética coherente e estábel por parte do Estado e da Xunta de Galiza non garanten a día de hoxe a adaptación das fontes de xeración galegas a estes parámetros, o mantemento dos postos de traballo e a adaptación ao futuro.

Recentemente, observamos como no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 contéplase unha *Disposición adicional nonaxésima oitava* canto a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:35
Nº Rexistro: 35221
Data envío: 28/08/2018 13:35:02.114

Medidas no ámbito sectorial do carbón. Neste apartado recóllese que o Goberno promoverá mecanismos de apoio de até 10 millóns de euros para a redución das emisións medioambientais nas centrais térmicas do carbón, baixo os criterios e límites que prevé a Unión Europea canto aos límites previstos na normativa de axudas. Porén, polo contemplado na disposición e a referencia ao Real Decreto 675/2014 semella que Galiza estará excluída no que constitúe un novo agravio comparativo. Cómpre recordar que en outubro de 2013 asinouse o novo Plan do Carbón 2013-2018 por un importe de 250 millóns de euros para infraestruturas. No dito Plan o ámbito territorial son ás Comunidades de Aragón, Asturias, Castela-León e Castela-A Mancha e nel que Galiza pasou de ser un axente máis a entrar nunhas indefinidas “actuacións concretas de carácter excepcional en Andalucía, Catalunya e Galiza, sempre que a súa relevancia ou seu grado de avance o xustificuen” que non ofreceron nin ofrecen garantías para os retos en materia de reconversión mineira que precisa o noso país ao ter varias comarcas dependentes da produción a partir de carbón, malia ser a día de hoxe de orixe importada.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental garantir que Galiza poida ser receptora deste tipo de incentivos e de non ser así constituiría un novo agravio comparativo.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que vai facer o goberno galego para garantir que o Estado español non exclúe Galiza das axudas para favorecer a adaptación das centrais térmicas á redución das emisións medioambientais que exige a Unión Europea?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:35
Nº Rexistro: 35221
Data envío: 28/08/2018 13:35:02.114

-Coñecer o goberno galego a *Disposición adicional nonaxésima oitava* canto a *Medidas no ámbito sectorial do carbón*? Pensa que exclúe a Galiza? Ten previsto negociar algún apartado co goberno central? En que sentido? Ten enviado xa algunha consideración? En que termos?

-Considera a Xunta de Galiza que as centrais térmicas galegas están en condicións de levar a cabo a adaptación aos niveis exixidos pola Unión Europea para 2020 e 2030 sen que teña consecuencias socioeconómicas nas comarcas que delas dependen?

-Que medidas desenvolverá a Xunta de Galiza para garantir as necesarias actuacións encamiñadas á transición enerxética por parte destas empresas? Con que horizonte temporal?

-Que actuacións desenvolveu ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar unha nova discriminación con Galiza en materia enerxética?

-Que medidas executou a Xunta para impedir que os recortes do goberno do Estado afectaran aos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:35
Nº Rexistro: 35221

Data envío: 28/08/2018 13:35:02.114

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 13:34:32

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 13:34:37

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 13:34:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 13:34:39

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 13:34:41

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 13:34:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante do peche durante do verán do consultorio médico de Cabo de Cruz en Boiro.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cabo de Cruz responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Un ano máis, o centro médico do Cabo da Cruz no concello de Boiro queda sen facultativo durante os meses do verán, concretamente desde o 11 de xuño até o 30 de setembro de 2018, afectando isto a máis de 4000 veciños e veciñas.

Ante esta circunstancia a veciñanza do Cabo da Cruz será atendida no centro de saúde do Saltiño. Isto supón un grande trastorno sobre todo para a xente maior, dado que non se pode desprazar con facilidade.

Debemos ter en conta que a poboación do Cabo da Cruz e de Boiro en xeral, aumenta considerablemente durante a época estival, eliminando este punto de atención médica, o que provoca é unha sobrecarga no centro saúde do Saltiño.

Os usuarios do centro médico do Cabo da Cruz, entenden que un médico poida estar de vacacións ou de baixa, o que non entenden é que non se cubran estas coa substitución pertinente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En anos anteriores, desde a Consellería de Sanidade, utilizaban a desculpa da crise para manter este centro pechado durante os meses do verán, agora o Goberno do PP na Xunta usa como escusa a falta de médicos, que en todo caso é consecuencia da súa nefasta política laboral, da precariedade e do maltrato ao que somete aos e ás profesionais.

Dende o BNG, vemos como a Consellería de Sanidade non toma este asunto con seriedade e rigor, en lugar de mellorar estes servizos médicos próximos á cidadanía, o que fai e recortalos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai a Xunta a proceder á substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz de xeito que permaneza aberto tamén durante os meses de verán e polo tanto poida prestar a asistencia sanitaria aos veciños e veciñas que son atendidos neste centro o resto do ano?

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídas/os?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente dos prexuízos que lle causa aos veciños e veciñas de Cabo de Cruz, sobre todo ás persoas maiores que teñen máis dificultades para desprazarse, a decisión de non substituír ao facultativo e pechar o centro de saúde?

-Coida que o persoal do Centro de Saúde do Saltillo pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión sen que se resinta a calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 10:02:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:04
Nº Rexistro: 35223
Data envío: 29/08/2018 10:04:06.913

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 10:02:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 10:02:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 10:02:22

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 10:02:23

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 10:02:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:08
Nº Rexistro: 35225
Data envío: 29/08/2018 10:08:49.804

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Grupo Banco Popular-Pastor e Santander.

O Grupo Popular- Pastor e Banco Santander veñen de presentar un expediente de regulación de emprego que afectará a máis de 2.000 persoas no conxunto do Estado, a pretensión e desfacerse de 1.585 traballadores e traballadoras, e pasar a 575 persoas do Popular a subcontratas do Santander.. En Galiza as persoas afectadas poden ser arredor de 200 entre as dúas entidades e outras 200 de empresas auxiliares do grupo.

Este ERE ven a sumarse ao levado a cabo polo Banco Popular-Pastor no 2016. Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón, como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de mobilizacións, unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continúa de exercer de delegados do poder.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:08
Nº Rexistro: 35225
Data envío: 29/08/2018 10:08:49.804

Tras a compra hai uns meses do Banco Popular por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, pretenden dar outro golpe de graza. O sistema financeiro, máis unha vez, pretende buscar maiores beneficios a conta de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

Este novo ERE significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte. Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo e a perda de centos de postos de traballo.

Este ERE é cualificado de innecesario e inxustifico por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada. Resulta indecente que o Grupo Santander veña de declarar millóns de euros de beneficios e ao tempo bote xente á rúa.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e nos aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por este ERE, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un banzo no proceso descrito, mais non o final.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante o ERE presentado no Grupo Banco Popular- Pastor e Santander., que pode supoñer a perda de arredor de 400 postos de traballo en Galiza?

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE ?

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsábeis da entidade bancaria?

-Vai involucrase o Goberno galego para impedir unha nova destrución de postos de traballo no sector financeiro galego?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:08
Nº Rexistro: 35225
Data envío: 29/08/2018 10:08:49.804

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 10:08:12

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 10:08:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 10:08:18

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 10:08:20

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 10:08:22

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 10:08:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a apertura da residencia de maiores de Baleira.

O 8 de xaneiro de 2018 o DOG publicou a resolución pola que se anuncia a licitación para a contratación da concesión do servizo asistencial de atención diúrna e atención residencial no centro de atención ás persoas maiores de Baleira.

Neste senso, a Consellaría de Política Social asegurou que o centro abrirá nos vindeiros meses despois de acumular continuos retrasos. Primeiro nas obras, que malia se iniciar en 2013 non remataron até hai un ano e medio. Posteriormente no equipamento da residencia, iniciado en setembro de 2017 e aínda sen rematar cando foi publicada a devandita resolución de licitación.

Nesta infraestrutura, que constitúe un servizo fundamental para a atención das persoas maiores, a Xunta de Galiza ten investido máis dun millón de euros públicos, porén, a súa xestión será finalmente privada.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 35227
Data envío: 29/08/2018 10:14:03.304

- Cales foron as razóns que explican as continuas demoras na posta en funcionamento da residencia de maiores de Baleira?
- Por que estivo o centro pechado ano e medio desde que finalizaron as obras de construción? Por que non comezou a equiparse o centro até setembro de 2017?
- Por que, despois de investir máis dun millón de euros públicos na construción e equipamento do centro, a Xunta de Galiza decide privatizar a súa xestión a través dunha concesión?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 35227
Data envío: 29/08/2018 10:14:03.304

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 14:59:53

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 14:59:57

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 14:59:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 15:00:01

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 15:00:02

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 15:00:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

A asociación ecoloxista ADEGA vén de facer públicos os datos das analíticas solicitados a Augas de Galicia e realizadas nos puntos de control de vertidos, de aforo, de calidade das augas, captacións etc. na contorna da antiga mina de Touro.

Augas de Galiza respostou achegando numerosos datos analíticos tanto das diversas estacións de control como de mostraxes de verteduras. Á vista destes datos pódese concluír que a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando á calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 km² na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos.

Segundo ADEGA tanto as augas subterráneas como as superficiais do entorno da mina están fortemente contaminadas.

No **río Ulla** aparecen importantes concentracións de Cu e de Zn (substancias preferentes) con cantidades de Al e Mn tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos e de Al nun. Algunha destas superacións, caso do punto de mostraxe MR-00700, situado 20 m augas abaixo da desembocadura do Brandelos prodúcese en análises recentes (marzo de 2018). Estes datos, correspondentes ao curso medio do río Ulla, confirman a mobilización de importantes cantidades de metais pola rede fluvial tributaria dende as antigas cortas mineiras (a de Bama, a máis de 12 km dende a desembocadura do Brandelos e de Arinteiro, a máis de 10

km dende o desaugue do Lañas), cando menos dende 2011 até a actualidade.

A bacía do **río Brandelos** caracterízase por unha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente Cu e Zn sobardando os máximos na maioría dos puntos de mostraxe, e unha moi alta acidez cun mínimo de 3,57 unidades, que persiste en análises recentes. Sospéitase tamén da presenza de substancias prioritarias como o Pb por riba do permitido nos regos das Minas, Felisa, Pucheiras e no propio río Brandelos. Posíbel presenza tamén de As no rego dos Torreis e Cr VI (Pucheiras e Torreis). Subliñar a recente superación (decembro de 2017) no propio río Brandelos dos valores de fenois (substancias perigosas prioritarias), aínda que non figuran desglosadas por especies; así como de Hg en tres puntos de mostraxe e de cianuros en 2. Outros metais como o Fe, Al, Mn e compostos como os sulfatos amosan frecuentes superacións dos valores paramétricos en todos os cursos de auga desta sub-bacía, que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro.

A bacía do **río Lañas**, que drena unicamente a corta de Arinteiro amosa unha problemática similar ao Brandelos: o Pb (substancia prioritaria) ten presenza en todos os cursos, cunha superación segura no Portapego. Intensa contaminación por Cu e Zn, especialmente nos regos Portapego e de Barral, que son os que drenan directamente a corta de Arinteiro. É precisamente o rego Portapego o que amosa unha contaminación máis intensa, dando os niveis máis altos de metais pesados (substancias prioritarias, preferentes, e valores paramétricos de Fe, Mn e Al) e o maior pico de acidez (2,32 unidades) de todos os cursos analizados. A achega de contaminantes que dende os regos de Barral e Portapego se inxectan a través do Lañas na bacía do Ulla provoca a aparición de cantidades significativas de metais mesmo a máis de 10 km augas abaixo da antiga corta de Arinteiro, e coa explotación inactiva.

Na saída da **balsa de Argumil**, todas as analíticas de augas amosan cantidades moi importantes de Cu, Zn, Fe, Mn, Al, sulfatos e condutividade, todos eles por riba das medias anuais e valores paramétricos, con posíbel superación tamén do Pb, Cr VI e As, e valores de pH hiperácidos, equiparábeis a regos de ambientes extremófilos.

A ineficacia dos tratamentos de rexeneración ponse en evidencia nos resultados das mostraxes de vertidos no **rego Portapego**. Nesta canle, supéranse os valores de Pb (substancia prioritaria) tanto antes como no propio tratamento. Cu e Zn están por riba das medias anuais tanto antes como despois do tratamento, ao igual que os valores paramétricos do Fe, Mn e Al. A acidez é extrema en todos os puntos de mostraxe, cun pico mínimo de 2,52 unidades 200m augas abaixo do surximento do Portapego, máis ácido aínda que antes do “tratamento”. Para o **rego Felisa**, sometido tamén a unha suposta rexeneración, acontece algo similar que para o Portapego: substancias preferentes (Cu e Zn) sempre por riba das medias anuais; posíbel presenza de Pb (substancia prioritaria) así como de As e Cr VI; e exceso de Fe, Mn, Al e sulfatos en todos os puntos de mostraxe. Tamén o pH é hiperácido, cun pico mínimo de 2,8 unidades augas abaixo do tratamento.

As escorrentías da **balsa de Vieiro** amosan unha situación parecida á rexistrada na balsa de Argumil: niveis de Cu, Zn, Fe, Mn e Al por riba dos respectivos límites, aínda que cunha acidez máis moderada. Finalmente, os rebouses da **balsa de Bama** debuxan unha situación similar á da balsa de Vieiro.

A contaminación das bacías fluviais que drenan as antigas cortas de Bama e Arinteiro é patente (ver mapa interpretativo), abrangendo uns 65 km² de territorio, con afectación ao curso medio do río Ulla.

Constátase o fracaso dos supostos tratamentos de rexeneración, de xeito que as antigas labores e instalacións da mina de cobre de Touro-O Pino seguen a ser



unha fonte continua de contaminación das augas superficiais e soterradas. Esta instalación, hoxe pechada, converteuse na principal fonte de contaminación por metais pesados na bacía do río Ulla.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:

- 1) Cal é a valoración que fai das analíticas de Augas de Galicia nos acuíferos do entorno da antiga mina de Touro?
- 2) Á vista da situación medioambiental derivada da actividade mineira desenvolta ata o ano 1988, ten previsto denegar a Atlaya Mining SL a autorización ao proxecto mineiro de extracción de cobre que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino?
- 3) Non considera necesario depurar responsabilidades políticas pola pasividade continuada durante anos da administración autonómica diante da contaminación producida pola antiga mina e o non cumprimento de restauración e rexeneración por parte da empresa?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 10:15:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 35230
Data envío: 29/08/2018 10:18:01.273

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No mes de xuño detectouse un caso de tuberculose no IES de Cacheiras (Teo). As aulas remataron o 23 de xuño e a información sobre o diagnóstico da persoa afectada foi coñecida o 20 de xuño. Así e todo, non é até finais de xuño cando se fai a proba da tuberculina aos compañeiros e compañeiras da aula da persoa afectada. O 3 de xullo coñécense os resultados das analíticas e confírmase que hai 5 alumnos, 7 profesores e conserxe con reacción, e inmediatamente mándanos a facer analíticas. Diante disto comezan a chamar ao alumnado doutros cursos para facer a proba por precaución.

O 11 e 12 de xullo fanse probas de tuberculina no centro ao alumnado de 3º e 4º de ESO, e a semana seguinte prevese facer as probas a 2º de ESO e 1º de Bacharelato A. Así mesmo, o centro reconece que: *“Agora dada a magnitude da proba xa estamos colaborando nós para facer os avisos e axilizar. Intentaremos citar para as probas de luns e martes entre hoxe e mañá. Empezamos xa as dúas aproximadamente a chamar e pensamos ter rematado mañá.”* O resultado destas probas foi que xa había naquel momento 3 alumn@s infectad@s.

Na semana do 20 de xullo o centro colabora co Hospital Clínico, que reconece non ter persoal suficiente para chamar e facer probas a máis de 800 persoas, chamando ao alumando segundo o ritmo marcado pola Consellería. É nese momento cando se sabe que van chamar á xente de 2º de Bacharelato e 1º de ESO.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 35230
Data envío: 29/08/2018 10:18:01.273

Finalmente, realizóuselle a proba a todo o alumnado ao longo de dous meses, así como aos e ás integrantes da Banda de Música de Teo, e suponse que a máis persoas en tanto que o 11 de setembro o presidente da ANPA informaba aos membros da directiva da Asociación que: *“Tema tuberculose: o venres informou a coordinadora da unidade do hospital. Hai 9 enferm@s. Tamén uns 50/60 alumn@s e uns 20 profesores que deron positivo (e que están a tratamento). Fíxolle a proba a unhas 900 persoas. Vai haber unha nova proba para todos os que deron negativo a partir destes días. Xa irán citando.”*

A magnitude do problema queda claramente de manifesto cando a Unidade da Tuberculose do CHUS confirma á ANPA que estaban diante do brote máis grande nun centro de ensino desde o ano 2000.

O preocupante para os pais e as nais, e para a comunidade educativa en xeral, é que, cando comeza o novo curso, non dispoñen de información sobre a situación actual. E ademais denuncian a tardanza no chamamento para realizar as probas, tendo en conta ademais a problemática que puido xurdir en tanto que se fixeron cando xa rematara o curso escolar e os alumnos e alumnas estaban no período vacacional.

Diante da magnitude do brote de tuberculose nun centro de ensino e da lóxica alarma social xerada e alimentada pola ausencia de información, e nomeadamente da xestión realizada por parte da Consellería de Sanidade, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cal é o protocolo a activar por parte do Sergas diante dun brote de tuberculose?
- Tense activado en tempo e forma no caso do brote detectado no IES de Cacheiras en Teo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 35230
Data envío: 29/08/2018 10:18:01.273

- Cal foi a razón pola que se demorou tanto no tempo a realización das probas da tuberculina á comunidade educativa así como á poboación de risco por ter contacto coa mesma?

- Que actuacións, e en que datas, teñen realizado para informar á comunidade educativa e ás familias?

- En caso de non ter realizado ningunha, teñen pensado realizar algunha?, en que data?

- Está o Sergas poñendo todos os recursos materiais e humanos precisos para controlar a magnitude do brote máis grande de tuberculose nun centro de ensino desde o ano 2000?

- Pensa a Consellería de Sanidade seguir mantendo a situación actual da Unidade de Tuberculose do CHUS sen os recursos necesarios para atender casos como o do IES de Cacheiras?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 35230
Data envío: 29/08/2018 10:18:01.273

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 19:19:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 19:19:35

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 19:19:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 19:19:46

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 19:19:51

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 19:19:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 35231
Data envío: 29/08/2018 10:19:21.179

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de ampliar o cadro de celadores/as do Hospital do Salnés.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado @s profesionais do Sergas son d@s principais damnificad@s por unha política de persoal que o maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixa dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fixas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo infames, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral é de 10 a 12 oscilómetros, localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-É coñecedor o Goberno galego da situación laboral e asistencial que están a denunciar @s celadores/as do Hospital do Salnés?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coida o Goberno galego que a ratio de celadores/as existente no Hospital do Salnés é suficiente para atender as necesidades do mesmo?

-Vai equiparar a ratio de celadores/as a do resto de hospitais do Sergas, e polo tanto aumentar o cadro de persoal en polo menos 9 efectivos?

-Pode un hospital dar unha calidade asistencial digna e de calidade con tan pouco persoal?

-Vai proceder a establecer a dependencia orgánica d@s celadores/as da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no propio Hospital do Salnés?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 35231

Data envío: 29/08/2018 10:19:21.179

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2018 11:58:19

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2018 11:58:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2018 11:58:25

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2018 11:58:26

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2018 11:58:28

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2018 11:58:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 35232
Data envío: 29/08/2018 10:20:19.460

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar dun Punto de Atención Continuada ao centro de saúde de Vila de Cruces.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Os recortes a redución dos orzamentos adicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións.

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular.

Un exemplo do deterioro da asistencia sanitaria é o concello de Vila de Cruces, no que se eliminou a atención de urxencias. Desde ese momento calquera urxencia ten que ser atendida no Punto de Atención Continuada (PAC) de Silleda.

Vila de Cruces ten unha poboación envellecida, con moita dispersión



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboacional, ten 28 parroquias, con unha gran extensión territorial. As vías de comunicación e as indicacións para chegar aos lugares en moitos casos son máis que deficientes para @s profesionais que teñen que achegarse aos domicilios. Os tempos de percorrido para chegar de moitas parroquias ao PAC de Silleda son moi elevados, superan as recomendacións para poder dar unha boa atención sanitaria.

@s veciñ@s de Vila de Cruces, séntense discriminad@s na atención sanitaria que teñen, a respecto de concellos limítrofes como o de Arzúa e Melide ou Silleda que tendo poboación similar, teñen cada un o seu PAC.

E necesario e prioritario un Punto de Atención Continuado para Vila de Cruces, a supresión da atención de urxencias, causou un grave prexuízo @s veciñ@s deste concello, e a calidade asistencial resentíuse. Para a instalación do PAC, non é preciso nova infraestrutura, xa que O Centro de Saúde de Cruces ten instalacións axeitadas para poder ubicalo.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Considera o Goberno galego que @s veciñ@s de Vila de Cruces teñen unha boa asistencia sanitaria de urxencias ao non dispoñer deste servizo as 24 horas e ter que acudir ao PAC de Silleda?

-Cal é a xustificación de que Vila de Cruces non dispoña de PAC, cando si o teñen os concellos limítrofes con características similares en canto a poboación e dispersión?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 35232
Data envío: 29/08/2018 10:20:19.460

-Ten o Goberno galego intención de dotar dun PAC ao centro de saúde de Vila de Cruces?

-Tense posto o alcalde de Vila de Cruces en contacto co SERGAS para reclamar a dotación dun PAC a Vila de Cruces?

-De ser así en que data o fixo, e cal foi a contestación que lle deu o SERGAS?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2018 14:50:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 35232

Data envío: 29/08/2018 10:20:19.460

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2018 14:50:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2018 14:50:13

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2018 14:50:15

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2018 14:50:16

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2018 14:50:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás necesidades de mellora do servizo de pediatría en Oleiros.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Oleiros.

O Centro de Saúde da Covada é o de máis recente apertura co que conta o Concello de Oleiros. Malia ter espazos físicos dispoñíbeis non ofrece o servizo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de pediatría. Iso a pesar de que a parroquia de Oleiros experimentou nos últimos anos un importante crecemento urbanístico e o perfil máis habitual dos novos residentes é, precisamente, o de familias con crianzas.

Agora mesmo as familias que teñen asignado o Centro da Covada teñen o pediatra ou en Perillo ou en Santa Cruz: en Perillo hai 3 facultativos desta especialidade; en Santa Cruz hai 2. O servizo de Santa Cruz está totalmente colapsado: cunha poboación infantil semellante á de Perillo hai un pediatra menos e, por riba, unha das dúas pediatras de Santa Cruz ten que facer media xornada no consultorio da Casa do Mar de Mera; a outra pediatra está cunha redución de xornada, que non motivou que o SERGAS reforzase o servizo. A día de hoxe as citas telefónicas estanse dando para dentro dunha semana, o que obriga as familias a ter que colapsar o servizo de urxencias e mesmo a que mire as nenas e nenos un médico de medicina xeral.

Cubrir o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Oleiros e, ao mesmo tempo, reforzar o servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz ,estabilizando a praza do Consultorio de Mera, axudaría a acabar con esta precariedade de medios.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora o Goberno galego as carencias do servizo de pediatría nos centros de saúde de Oleiros?

-Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendidos@s nen@s destes centros de saúde?

-Vai proceder a Xunta a dotar o Centro de Saúde da Cavada, en Oleiros, co servizo de pediatría, e reforzar este servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 35233

Data envío: 29/08/2018 10:20:42.366

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2018 14:17:10

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2018 14:18:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2018 14:18:11

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2018 14:18:12

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2018 14:18:14

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2018 14:18:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á petición á Consellaría do Mar de que solicite a avocación no Consello da Xunta da decisión da autorización do proxecto mineiro nos concellos de Touro e o Pino.

O proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L., a intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes que ocuparán unha extensión de 698 Ha, e a súa ubicación en plena conca do río Ulla, ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar esta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como mexiloeiro e da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta o importante impacto que tería a eventual instalación dunha megamina de explotación de cobre no concello de Touro nunha zona comprendida na cunca hidrográfica do río Ulla, polo risco de que materiais pesados e tóxicos se verqueran ás augas de dito río e os seus afluentes e dese xeito a contaminación atinxise a ría de Arousa provocando graves perdas ao sector pesqueiro e marisqueiro, concorren circunstancias de índole económica e social relevantes que xustifican que dita decisión sexa adoptada polo máximo órgano colexiado da Xunta, e non simplemente a través dos órganos sectoriais directamente implicados, avaliando todos os efectos directos e indirectos que a actividade mineira puidera ocasionar. Para iso, a consellaría de pesca ha de tomar a iniciativa e promover a avocación da competencia para decidir no seo do Consello da Xunta finalmente sobre a autorización da mina de Touro, en aras tanto da necesaria coordinación do Goberno galego como de garantir a presenza de todos os órganos e departamentos da administración galega que exercen competencias en actividades que puideran ser afectadas polos efectos de dita explotación mineira.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Tendo en conta que a ría de Arousa está sendo un clamor en contra do proxecto de megaminería que ten solicitado autorización para levarse a cabo nos concellos de Touro e o Pino, que actuacións vai realizar a Conselleira do Mar para impedir a súa aprobación?

-Parécelle asumíbel este proxecto tendo en conta que significa un risco letal para a ría máis produtiva de Galiza?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten realizado a Consellaría do Mar algunha actuación para alertar do risco que supón para o conxunto da ría de Arousa un proxecto de megaminería como o que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino?

-Non lle parece suficientemente relevante a magnitude o proxecto, e o risco potencial para a ría máis rica e produtiva de Galiza da que viven directamente máis de trinta mil familias, como para pedir que a decisión sobre o mesmo o tome o conxunto do Consello da Xunta?

-Vai tomar a iniciativa de solicitar e impulsar a competencia do Consello da Xunta de Galiza para o coñecemento e decisión sobre a autorización da apertura do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 35249
Data envío: 29/08/2018 10:52:57.898

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 10:52:42

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 10:52:47

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 10:52:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 10:52:56

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 10:53:03

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 10:53:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 35253
Data envío: 29/08/2018 10:54:33.085

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para recuperación da pesquería do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros.

A captura do polbo representa arredor do 35% do total da actividade pesqueira na pesca artesanal, un sector que aglutina a uns 4.000 profesionais e unhas 60 confrarías.

É polo tanto un recurso de grande importancia para a flota de baixura en Galiza, xa que son moitas as embarcacións e mariñeiros que dependen desta especie para garantir ingresos positivos na súa pesquería.

Está a ser unha evidencia a importante caída das capturas e polo tanto das rendas dos mariñeiros que teñen esta especie como fonte importante de ingresos, nun ano con moitos temporais, que ocasionou a perda de moitas xornadas de traballo. Faise imprescindible medidas para mellorar o estado do recurso, que sirvan para frear o descenso de capturas.

Neste contexto a Consellaría do Mar acaba de acordar establecer unha veda de mes e medio a escomezar o 18 de maio, sen ningún tipo de axuda económica para o sector, o que vai ocasionar maior presión sobre outros recursos, en moitos casos xa con moita presión.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera o Goberno galego que establecendo só unha veda de mes e medio para o polbo garántese o stock do recurso?

-Cal é a razón de non establecer unha veda totalmente subvencionada para evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros?

-Coida que outros recursos pesqueiros poden soportar a presión que van a sufrir ao non establecer un paro economicamente pagado para os mariñeiros?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:54
Nº Rexistro: 35253
Data envío: 29/08/2018 10:54:33.085

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2018 13:14:18

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2018 13:14:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/04/2018 13:14:26

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2018 13:14:27

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2018 13:14:29

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2018 13:14:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:15
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 29/08/2018 11:15:40.273

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación do sector do biodiésel en Galiza e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para o mantemento dos empregos e a innovación tecnolóxica.

Inevitabelmente, o futuro do sector enerxético en Galiza dependerá das políticas que se desenvolvan por parte Xunta de Galiza, mais tendo en conta tamén as decisións que se tomen tanto por parte do ámbito correspondente ao Goberno Central así como da Unión Europea. Polo tanto, son fundamentais as decisións propias de cara a posicionar Galiza de cara ao futuro diante dos cambios que poden ser postos en marcha no ámbito estatal e internacional, xa que condicionarán de maneira determinante a capacidade de Galiza de se adaptar e desenvolver de forma óptima a súa necesaria transición enerxética.

Para prepararse cara este escenario, Galiza debe apostar pola produción propia e diversificada de enerxía así como pola investigación a prol da sostibilidade. Neste sentido, un dos eidos aos que cómpre atender é o da produción de biodiésel. Un sector que nestes momentos ten sido reducido de forma importante ao tempo que no período de crise non foi obxecto de desenvolvemento dunha estratexia investigadora e innovadora que aproveitara as súas potencialidades para o aproveitamento enerxético.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:15
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 29/08/2018 11:15:40.273

A situación de paralización ou baixa produción das plantas de biodiésel galegos, especialmente na comarca de Ferrolterra, ten orixinado iniciativas parlamentares do BNG. Sen ir máis lonxe, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xuño de 2013, adoptou os seguintes acordos canda outras cuestións referentes ás demandas ao goberno central diante da a Directiva europea 2009/28/CE.:

1. Impulsar, no marco das súas competencias, a recollida selectiva de aceites vexetais usados segundo as previsións do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020. Para este fin en colaboración cos concellos, traballarase na sensibilización da reciclaxe de aceites de frituras.

2. Potenciar a investigación na obtención de biodiésel de segunda xeración a partir de materia prima non alimentaria.

3. Facilitar a participación das empresas de biodiésel en proxectos de investigación.

Porén, unha vez máis, o esforzo do goberno galego foi inexistente, nomeadamente a respecto dos compromisos pendentes canto a investigación e innovación. Recentemente, as novidades desde o ámbito europeo canto aos aranceis e canto á progresiva e futura eliminación do aceite de palma da elaboración industrial sitúan de novo esta industria no foco e o momento que se está a vivir debe ser aproveitado pola administración galega para desenvolver unha planificación estratéxica e de adaptación da planta que fica en Galiza, Masol, que conta con instalacións e un cadro de persoal experimentado e que podería ser referente de investigación e produción innovadora pola súa situación estratéxica e pola forte potencialidade económica ao tempo que podería dinamizar unha comarca con dificultades socioeconómicas como é Ferrolterra.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Máis aínda, en pleno debate político e institucional arredor da transición enerxética é preciso poñer en valor e explorar as posibilidades destas plantas tamén desde o punto de vista da produción de combustíbeis máis sostíbeis e do aproveitamento de refugallos, ao que cómpre engadir as posibilidades en relación con outro tipo de industrias relacionadas con sectores como o farmacéutico, alimentario ou da industria química mediante a obtención dalgúns dos subprodutos que se poden obter.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Como avalía o goberno galego o estado do sector do biodiésel en Galiza?
- Que actuacións levou ou vai levar a cabo para favorecer a investigación no sector? E a adaptación a novos materiais para a súa fabricación?
- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante dos obxectivos europeos acordados en xuño de 2018 a respecto do horizonte de renovábeis?
- E respecto da progresiva eliminación do aceite de palma?
- Ten avaliado a repercusión da política de aranceis a Indonesia e Arxentina no sector? En que termos e con que conclusións?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:15
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 29/08/2018 11:15:40.273

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:14:33

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:14:38

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:14:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:14:42

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:14:43

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:14:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de que o Goberno galego a reclame a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón.

Está a consulta pública o proxecto de Real Decreto polo que se determinarán as novas condicións de seguridade das actividades de mergullo. Unha normativa que pretende refundir unha lexislación dispersa, contraditoria e desactualizada. Nos últimos anos houbo unha gran proliferación de novas modalidades de mergullo, en diferentes ámbitos como o deportivo, recreativo, profesional ou na extracción de recursos mariños, que non contou coa adaptación apropiada, carecendo dunha normativa adecuada ou aplicándolle aquela que é propia do mergullo profesional, creando verdadeiras situacións de indefensión.

Un colectivo, o dos mergulladores que sofre unha gran desregulación profesional, sen un marco laboral estable e transparente, que precisa regular as condicións de seguridade complementariamente coa actividade para que non haxa intrusismo e que non campe a lei da selva. E impedir que haxa posibilidade de aproveitarse da precariedade laboral a costas de xogarse a vida e realizar tarefas sen as mínimas medidas de seguridade esixíbel pola lexislación vixente. Cumprindo unhas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35256
Data envío: 29/08/2018 11:18:16.226

medidas de seguridade pero tamén con uns dereitos e uns deberes tal e como ocorre con outras actividades profesionais.

Pero tamén no colectivo dos recolectores que desenvolven actividades de extracción de recursos vemos como as competencias estatais afogan os plan específicos aprobados pola Consellaría do Mar, intentando aplicarlles aos recolectores os mesmos estándares de seguridade que ao mergullo profesional.

Evidénciase que esta falla de transferencia das competencia de seguridade por parte do Estado á Xunta de Galiza ten traído consigo innumerábeis queixas, reunións, recursos, etc, dos recolectores evidenciando o descoñecemento da actividade por parte do ministerio competente e a interpretación particular de cada Capitanía Marítima, cando é a propia Xunta de Galiza quen ten regulado a extracción do recurso e polo tanto quen debería ser competente para establecer as medidas oportunas de seguridade en función das características de cada Plan.

Na actual proposta de Real Decreto propónse a prohibición da técnica de mergullo en apnea, cando é a técnica empregada para a recolección do longueirón, pois adáptase adecuadamente á profundidade, menos de 3 metros e as características do recurso (Ensis siliqua). Prohibilo é complicarlle, unha vez máis aos recolectores de longueirón a desenvolver a súa actividade con maior gasto, dificultade, e penalidade.

Non se ten en consideración as peculiaridades dos Plans aprobados pola Consellaría do Mar, que inclúe un número determinado de embarcacións e de permisos de explotación, consideracións que se deberían ter en conta ao elaborar as medidas de seguridade e non impoñer medidas individuais esixindo a maiores embarcacións de apoio, persoal necesario ou tempos de inmersión sen ter en conta a realidade da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35256
Data envío: 29/08/2018 11:18:16.226

actividade ou deixar en mans do Capitán Marítimo pertinente a adecuación dos requisitos esixidos.

Establece o borrador que este colectivo debe observar as previsións que para eles estableza a normativa dos recoñecemento médico obrigatorio de todo o persoal embarcado, expedido polo ISM, pero non avanza nada na esixencia dunha asistencia específica nin dun recoñecemento acorde as súas enfermidades profesionais. Encontrándonos diariamente con casos como" que chegan á Seguridade Social cunha otites, e recéitanlles unhas gotas e mándanos a traballar cuns tapóns sen considerar que traballan a presión". Ou que teñan danada unha costela e que lle dean a alta aos poucos días sen ter en conta que sometidos a presión o que era unha fisura pode converterse en fractura.

Ou a obrigatoriedade de contratar por parte dos mergulladores un seguro privado e persoal polos posibles danos ocasionados, sen saber exactamente as coberturas obrigatorias ou cando menos si as mesmas xa veñen cubertas polo réxime especial ou o seguro de responsabilidade civil obrigatorio da embarcación enrolada.

Nesta normativa establece que será a Dirección Xeral da Mariña Mercante e as Capitanías Marítima os que poderán realizar as inspeccións necesarias desta actividade de alto risco, que reúne unhas normas moi estritas, onde a realidade é que non se poñen os medios necesarios para que se cumpran. A maior parte dos profesionais son autónomos e sometidos a moita competencia desleal no propio sector, non están regulados os prezos, tendo graves consecuencias para o desenvolvemento da actividade.

Por parte da administración non hai control, non se inspecciona, non se vixía que se cumpran as normas ata que hai fallos evidentes que causan graves accidentes. E no caso dos recolletores exíxelle enormes requisitos burocráticos para que logo as



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35256
Data envío: 29/08/2018 11:18:16.226

inspeccións as leve a cabo, subsidiariamente a Xunta de Galicia. Outro tanto podemos dicir das novas competencias do Sasemar, cando as competencias de formación as ten a Consellaría do Mar.

Polo tanto se é a Xunta quen ten os medios, quen está a pé de obra o normal é que teña as competencias, pois a Xunta é quen desenvolve os plans, coñece a realidade, ten capacidade e medios para facerlle seguimento e inspeccionar a aplicación dos criterios regulados.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1.- O Goberno galego reclamou a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo?

2.- O Goberno galego presentou alegacións ao proxecto de Real Decreto que determina as condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón?

3.- Que medidas levou a cabo a Consellaría do Mar para solucionar os problemas que veñen denunciando os recolectores en apnea coa aplicación dos actuais plans de seguridade?

4.- Considera razoable que sexan os Capitáns Marítimos os que adecúen os criterios da normativa estatal e que sexa a Xunta o que lle faga seguimento e inspección da aplicación destes criterios?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35256
Data envío: 29/08/2018 11:18:16.226

5.- Non sería máis razoable e eficaz que fose a propia Consellaría do Mar a que regulase toda a actividade?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:17:16

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:17:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:17:22

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:17:23



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35256

Data envío: 29/08/2018 11:18:16.226

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:17:25

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:17:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envío: 29/08/2018 11:21:50.820

noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, conséntase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coñece o goberno galego a quen corresponde a vixilancia das verteduras de refugallos nucleares producidas nas proximidades da costa galega?

-Ten coñecemento o goberno galego da situación de falta de vixilancia descrita? Que actuacións levou a cabo para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza?

-Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen un risco para a saúde das persoas?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

-Ten garantidas a Xunta de Galiza as condicións de seguridade para o tráfico mariño?

-Que informes ten demandado o goberno galego sobre esta cuestión ao goberno central nos últimos 5 anos? E a organismos europeos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envío: 29/08/2018 11:21:50.820

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:20:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:21:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:21:01

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:21:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:21:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

1. A Xunta de Galicia através de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de 7 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. En que prazo prevé a Xunta de Galiza licitar o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez?

2. Existe previsión orzamentaria para iniciar as obras no ano 2018? Cal é a cantidade prevista?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

3. Ten previsto o goberno galego modificar o proxecto para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro que piden que os sedimentos se depositen fóra da ría de Pontevedra, en mar aberto?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:42:47

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:42:51

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:42:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35260
Data envío: 29/08/2018 11:43:53.913

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:42:53

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:42:55

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:42:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Goberno respostou por escrito ao portavoz de En Marea no Congreso, Miguel Anxo Fernán Vello, en relación aos numerosos vertidos e problemas que levan tempo padecendo os veciños e veciñas de Mondoñedo debido ás louseiras situadas no Val do Río Baos, que “a raíz das diversas denuncias recibidas polo Seprona, se efectuaron as correspondentes inspeccións, formulándose 14 informes-denuncia”.

En Marea dirixiu no pasado mes de febreiro unha batería de preguntas ao Goberno do Estado sobre as prácticas empresariais ilegais de “Pizarras Veira do Río S.L” que causan enormes desperfectos en propiedades privadas, en camiños públicos, en vivendas, nos acuíferos e no entorno debido ao elevado impacto da súa inadecuada actividade. Na resposta, o Goberno español desvela que durante o ano 2017 “ formuláronse 14 informes-denuncia por supostas infraccións administrativa á normativa sobre o solo, residuos, augas, minas, montes, ruídos e industria, que foron remitidas a diversos departamentos da Xunta e ao concello”. Enumera a quen llo enviou: “Concello de Mondoñedo, Xefatura Territorial da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta en Lugo, Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta en Lugo, Augas de Galicia e Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Rural en Lugo”.



A veciñanza das parroquias afectadas teñen denunciado constantemente as malas prácticas da empresa sen que por parte da Xunta de Galicia se actuase con dilixencia para evitalas.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que actuacións se derivaron, por parte da Xunta de Galicia, dos 14 informes-denuncia do Seprona correspondentes ás louseiras situadas no Val do Río Baos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 09:37:12

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 09:37:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, aprobada de xeito expés despois da sentenza do Tribunal Supremo, de marzo de 2016, que anulaba a prórroga das concesións concedidas en 2010, establecía, no seu art. 2.3, que o Plan de Transporte Público de Galiza debería estar aprobado no prazo de vinte e un meses desde a entrada en vigor de dita lei. Dado que dita lei entrou en vigor o 23 de xullo de 2016 o prazo vencería o 23 de abril do 2018.

No Anexo desta lei inclúese o contido de dito Plan. E, no dito art. 2 establécese que “O Plan de transporte público de Galicia, que desenvolverá o contido establecido como anexo a esta lei, será elaborado pola consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de transportes e, logo do seu sometemento a información pública e do informe do Consello Galego de Transportes, será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia”.

Dito PTPG non foi aínda aprobado como tal, se ben, como agora veremos, a Xunta aprobou a integración de determinadas liñas de transporte e sacou a licitación a súa execución.

O que fixo a Xunta foi executar un PTPG virtual, en tanto en canto non foi aprobado, ou o que é o mesmo, o que está a facer a Xunta é “anticipar” o contido do PTPG mediante a súa execución práctica (planificación e integración de liñas



e a súa licitación, tanto respecto do seu deseño como das liñas de transporte propiamente ditas).

No Consello da Xunta de Galicia de 24/05/2017, tómase o acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia (DOG 29/05/2017). Na exposición deste acordo xa se recoñece o seu obxecto anticipador do PTPG: “Coa finalidade de avanzar no proceso de planificación e elaboración do Plan de transporte público de Galicia e, ao tempo, anticipar as solucións de mobilidade que este deberá introducir, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou unha primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia...”.

Posteriormente, e en base a dito acordo, o 30/05/2017 sometéronse a información pública 42 anteproxectos de explotación (dos cales foron aprobados 41). Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de xullo de 2017, fixéronse os criterios complementarios e de licitación (DOG de 07/07/2017) desa primeira fase de implantación dun PTPG virtual.

A DX de Mobilidade aproba os pregos de licitación o 14/07/2017 (os contratos adxudicados asínanse o 4 de agosto).

O caos organizativo e de falla de planificación é o que determina a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda operada polo Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro (DOG de 1701/2018), e no referido á D.X de Mobilidade, e onde se “crean dous novos órganos: a Subdirección Xeral de Planificación Técnica do Transporte e o Servizo de Planificación, co obxectivo de reforzar a área de planificación, o que permitirá profundar e mellorar a



calidade do estudo e análise das actuacións necesarias de cara á elaboración do Plan de transporte público de Galicia e para acadar a súa implementación a finais do ano 2019”.

Ou sexa, para implementar, a finais do 2019, un PTPG que debería estar aprobado en abril do 2018, e cuxa primeira fase xa se “implementou” no 2017.

E agora, a segunda fase, a dos contratos de servizos de asistencia técnica, un, de desenvolvemento do PTPG, e o outro, de coordinación de dito desenvolvemento.

É dicir:

- servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 16/02/2018).

- servizo de asistencia técnica para a coordinación do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia-Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 27/02/2018).

En consecuencia, por unha banda o Plan de transporte de Galiza non se vai aprobar en prazo e, por outra, o que está a facer a Xunta é “anticipar” o futuro Plan de transporte mediante a planificación e execución de distintas fases, a primeira, xa realizada, a segunda, en trámite. O contrario do que sería desexable, ao transformar as liñas concesionais de transporte, deseño/integración, licitación e execución, nunha política de feitos consumados, e convertendo ao PTPG no resultado final das decisións previas xa executadas, e non no instrumento de planificación previsto na Lei.

A escala metropolitana, no referido ao Plan de Transporte Metropolitano e a



integración do transporte urbano, ten un tratamento claramente insuficiente no modelo elixido pola Xunta.

De feito, nos pregos de Prescricións Técnicas do contrato de asistencia técnica desta segunda fase (cuxo anuncio é o do DOG de 16/02/2018) así se evidencia ao delimitar o obxecto de dita asistencia técnica, cando a pesar da esixencia de tratar de forma específica a análise, deixa fora de estudo os servizos urbanos, dado que como se recolle no PPT : “Nas áreas metropolitanas prestarase especial atención á integración dos servizos interurbanos cos servizos urbanos de cada municipio, que non son obxecto deste estudo, pero procurárase a organización conxunta de ambos os sistemas a través de puntos de intercambio eficaces, coordinación de horarios ou a integración tarifaria”.

Isto é, non se prevé a integración dos servizos urbanos, mais aló desa coordinación de intercambios, de horarios e de integración tarifaria. Tampouco se prevé sequera a fórmula consorcial.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1) Cales son os motivos de que o Plan de transporte de Galicia non estea aprobado no prazo marcado pola a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia?
- 2) Considera que a elaboración e aprobación por fases é a mellor fórmula para planificar o futuro do transporte público galego?



- 3) Considera que a escala metropolitana ten un tratamento suficiente no modelo de planificación escollido?
- 4) Cales son os prazos que manexa para aprobación do Plan de transporte de Galiza?
- 5) Que suporá a nivel orzamentario a aplicación do novo Plan de transporte

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 09:43:50

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 09:43:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8^a**, relativa ao impacto na ría de Arousa da reapertura dunha mina situada nos concellos de Touro e O Pino.

O 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. A intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 698 Ha. 70% correspóndense con novas afectacións, só o 30% son terreos xa afectados pola anterior explotación.

Trátase dun proxecto con elevadísimos impactos negativos, tanto medioambientais, na saúde e económicos, o que fai que sexan innumerábeis as mostras de rechazo ao mesmo.

A súa ubicación en plena conca do río Ulla ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da ría pode ocasionar a reapertura desta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector produtivo, tanto marisqueiro como da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Cal é a posición da Consellaría do Mar a respecto do proxecto de mina San Rafael situada nos concellos de Touro e o Pino?

-Ten feito a Consellaría do Mar unha valoración da posíbel afectación na ría de Arousa da reapertura dunha mina nos concellos de Teo e O Pino?

-Ten realizado algún estudo sobre a posíbeis consecuencias na ría, nos bancos marisqueiros e na pesca?

-De ser así cal é o resultado do mesmo?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:26
Nº Rexistro: 35264
Data envío: 29/08/2018 12:26:55.601

-Vai atender as demandas de confrarías, asociacións de mexiloeiros, PDR, concellos... para que non se autorice o proxecto da mina San Rafael ubicada nos concellos de Touro e o Pino?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:25:40

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:25:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:25:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:26
Nº Rexistro: 35264
Data envío: 29/08/2018 12:26:55.601

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:25:47

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:25:49

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:25:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar diante da renovación do convenio de pesca entre o Estado español e o portugués.

Acaba de asinarse a renovación do Acordo pesqueiro bilateral entre o Estado español e Portugal, que regula o acceso dos buques pesqueiros ás augas continentais de ambos estados. Acordo que se ven asinando desde 1986.

Este acordo significa unha nova frustración para o sector, xa que non recolle unha demanda histórica do sector de que a flota portuguesa faene nas mesmas condicións que a galega, isto é que respecten o descanso semanal.

O sector contempla como no novo acordo asinado entre os dous países non se recollen as súas demandas ea flota portuguesa mantén condicións de pesca distintas e vantaxosas con respecto á flota galega, en particular no que se refire ao descanso semanal, que os barcos portugueses non teñen que respectar, o que fai que podan chegar aos mercados moito antes cos nosos barcos.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:27
Nº Rexistro: 35266
Data envío: 29/08/2018 12:27:27.226

-Cal é a valoración que fai o Goberno galego do acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o portugués?

-Que opinión lle merece o mesmo?

-Parécelle satisfactorio para a flota galega?

-Que xestións ten feito o Goberno galego antes de asinarse este acordo para defender os intereses e dereitos da flota galega?

-Ten avaliado a repercusión negativa do mesmo para o sector en Galiza?

-Tense dirixido ao Goberno español para manifestar a discrepancia e desacordo co convenio asinado, por ser prexudicial para a flota galega?

-Vai demandarlle ao Estado español actuacións para a modificación do acordo para establecer un marco igualitario, as mesmas condicións, para a flota galega e a portuguesa, mediante a prohibición da actividade pesqueira dos citados buques a fin de semana?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:27
Nº Rexistro: 35266

Data envío: 29/08/2018 12:27:27.226

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:23:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:24:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:24:02

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:24:04

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:24:05

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:24:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:30
Nº Rexistro: 35268
Data envío: 29/08/2018 12:30:18.179

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a coñecer do beneficio obtido polo Goberno galego coa decisión de inscribir os buques do Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Canarias.

O Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias di ter por obxecto posibilitar a competencia das empresas nabeiras españolas, para isto adopta unha serie de medidas, homologábeis aos de outros estados europeos. E aínda que nun principio estaba destinado a buques mercantes, non tivo reparo en ampliar a súa inscrición aos organismos públicos ou Administracións públicas que cumpran determinados requisitos, ou empresas navieiras que sexan arrendatarias ou que teñan contrato de xestión.

Este é o caso da empresa que xestiona os medios mariños da Xunta de Galicia, que non é outro que o Servizo de Gardacostas de Galiza. Este conta cunha serie de embarcacións que na actualidade son xestionados a través dun contrato de xestión coa empresa Remolcanosa. Nun modelo onde os medios son públicos e a empresa realiza a prestación de dotalos de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo os medios a punto e disposición das necesidades da administración.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Cales son as razóns de que se procederá a inscribir as embarcacións adscritas a Gardacostas de Galicia no denominado Rexistro Especial de Canarias?

-Quen realizou este rexistro a administración galega ou a empresa que xestiona os buques (Remolcanosa)?

-Que melloras supuxo este rexistro para a Xunta de Galicia? E para a empresa?

-Sabe cales son os requisitos esixidos para o persoal embarcado?

-Comproba a Xunta de Galicia que os contratados cumpren os criterios establecidos no prego de condicións do contrato? Cantos deben ter nacionalidade europea? Considera razoábel este tipo de normativas para unha administración pública?

-Que especialización é a de mariñeiro-maquinas, mariñeiro-mergullador, mariñeiro-maquinista-mergullador, caldeireiro-electricista? Que requisitos se deben esixir para conseguir persoal tan altamente especializado? Cal foi a tripulación mínima esixible de cada embarcación para poder inscribirse en dito rexistro? Fíxose algunha homologación para adecuar o persoal as especiais características dos postos? Cales?

-No imposto sobre a renda das persoas física os tripulantes terán a consideración de renda exenta ao 50% nos rendementos do traballo. Como lles afecta isto aos traballadores de cara a súa xubilación?

-No relativo ao Imposto de Sociedades, as mesmas terán unha bonificación do 90% na porción das cotas, considera razoábel que unha empresa como Remolcanosa que leva ingresado máis de 50 millóns de euros pola prestación dun servizo de xestión



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:30
Nº Rexistro: 35268
Data envío: 29/08/2018 12:30:18.179

dos medios marítimos da Xunta de Galicia, que non pague aquí os seus impostos e cando paga estes son nunhas cantidades absolutamente ridículas?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:29:53

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:29:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:29:59

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:30:00

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:30:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:30
Nº Rexistro: 35268

Data envío: 29/08/2018 12:30:18.179

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:30:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de desenvolver unha estratexia de estudo e recuperación das poboacións de berberechos nas rías galegas e á adopción de medidas económicas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortaldade deste molusco.

A problemática da mortaldade do berberecho arrando no ano 2012, cando as capturas de berberecho alcanzaron unha caída histórica na ría de Arousa, 350.067 Kg, a máis baixa dende o ano 1997, en que se rexistran os datos de extracción. Dende entón @s mariscador@s de Arousa teñen pasado por un auténtico calvario. Unha situación de auténtica angustia pola perda de recurso que contrasta coa parsimonia da Consellaría do Mar na investigación das causas e na adopción de medidas para minorar as consecuencias ao sector extractivo. De feito parecía que o berberecho se ía recuperando de forma natural, sen que Consellaría teña aportado ningunha medida de control, nin de prevención. A día de hoxe non sabemos de ningunha medida para impedir que a Marteilia chegue a outras rías e incluso se ten dado o caso de que os furtivos teñen levado os escasos ensaios.

Estes días volve ser noticia a mortaldade do berberecho e por parte da Consellaría transcende que segue facendo analíticas, sen que se teña avaliado dita situación se ten que ver co proceso de evolución da Marteilia ou si pola contra se



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:33
Nº Rexistro: 35269
Data envío: 29/08/2018 12:33:37.898

produce por acontecementos extraordinarios de temperatura, salinidade ou contaminación.

Pero o significativo é que unha vez máis son as propias confrarías as que definen as súas estratexias. Unhas apostando por extraer a maior cantidade antes de que morra, outros prefíren “secalo” canto ante e outros prefíren seguir a estela da consellaría de que semella que vai ser un ano bo e acaba converténdose nun “ano horribilis”.

Neste contexto faise necesario, saber do seguimento da evolución do proceso da marteilia, da situación das diferentes rías e das consecuencias que vai ter para o sector e sobre todo das medidas que está adaptando a Consellaría para combater a mortalidade e sobre todo para que esta nova crise non teña repercusión nos ingresos d@s mariscador@s.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten o Goberno galego algunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberechos nas rías galegas?

-Ten adoptado, ou vai adoptar, medidas económicas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade deste molusco?

-Ten confirmado a Consellería do Mar a relación do parasito *Marteilia refrigens* coa mortalidade do berberecho, *Cerastoderma edule*, na ría de Arousa?

-Cal é a situación do proceso de investigación levado a cabo supostamente dende o ano 2012?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten adoptado para paliar os efectos da mortalidade producida por marteilia?

-Que medidas pensa adoptar na actual situación, e cales vai a seguir aplicando no futuro para garantir a recuperación do berberecho e os ingresos do sector?

-Ten confirmado que esta situación non se deu noutras áreas de cultivo de moluscos fora da ría de Arousa?

-Que medidas sanitarias ten adoptado para garantir que todo o marisco que se sementa ou se extrae da ría de Arousa non contamine outras zonas produtivas onde ate agora non se ten detectado este parasito?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:33
Nº Rexistro: 35269
Data envío: 29/08/2018 12:33:37.898

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:32:23

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:32:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:32:28

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:32:33

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:32:35

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:32:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:37
Nº Rexistro: 35281
Data envío: 29/08/2018 12:37:20.398

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á exclusión da compra de semente de ameixa xapónica das ordes de axudas da Consellaría do Mar

A ameixa coñecida como xapónica (*Ruditapes philippinarum*) é a principal especie de moluscos bivalvos que se cultiva en Galiza, diante das dificultades de reprodución das especies autóctonas fina e babosa. No mercado español existe unha grande demanda da mesma, ao longo de todo o ano.

Esta ameixa é tamén coñecida popularmente como ameixa italiana, pola importancia que este país ten na súa produción a nivel europeo. A produción do estado español, na súa inmensa maioría galega, non alcanza o 10% da producida en Italia. Existe no mercado español unha grande demanda desta ameixa, fundamentalmente debido a que o prezo que alcanza é accesíbel para moitas economías, de feito que máis da metade da produción italiana é comercializada na península.

Polo tanto encontrámonos cunha grande demande de consumo que a produción galega non é capaz de subministrar. Nin producimos, nin poñemos os medios para aumentar a produción. De feito un dos maiores problemas é que a produción de semente non é suficiente.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:37
Nº Rexistro: 35281
Data envío: 29/08/2018 12:37:20.398

A Consellaría do Mar, sacaba ordes de axuda para mercar semente desta ameixa, o que supoñía que as agrupacións de mariscadoras non tiveran que afrontar só cos seus escasos recursos a compra da mesma, e que polo tanto este investimento non reducira aínda máis as súas rendas, mais na actualidade a Consellaría ten excluído das ordes de axuda a compra de semente de ameixa xapónica, o que supón un prexuízo para moitas agrupacións, sobre todo as que menos ingresos teñen.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

-Hai subministro suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galiza?

-Considera eficiente a produción de semente para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques que se está realizando no noso país?

-Non lle parecería unha vantaxe competitiva, diferenciar a ameixa xapónica que se cultiva en Galiza da procedente doutros lugares?

-Ten adoptado, ou pensa adoptar algunha medida para conseguilo?

-Por que ten excluído a semente de ameixa xapónica das ordes de axuda?

-É consciente do prexuízo que esta medida ocasiona nas agrupacións de mariscadoras?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:37
Nº Rexistro: 35281
Data envío: 29/08/2018 12:37:20.398

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:36:53

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:36:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:36:59

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:37:01

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:37:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:37:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a saber que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para volver a recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros.

Os rexistros de captura de reló entre os anos 2001 e 2005 demostran que era unha especie importante para o marisqueo en Galicia pola cantidade de quilos extraídos, máis de 1.400.000 quilos pero sobre todo polos ingresos que chegaron alcanzar máis de 2.500.000 euros.

Esta situación mudou cando se constatou que esta especie acumulaba unha grande cantidade de chumbo prohibíndose a súa extracción. Dende entón diversas foron as reclamacións do sector, e de algúns grupos políticos demandando da Xunta de Galicia os estudos pertinentes para poder analizar en profundidade a problemática deste bivalvo e buscar a maneira de poder volver a extraer este molusco dado que supoñía unha perda irreparable para os ingresos de centos de mariscadores e en maior medida a partir do ano 2012 en que tivo lugar os efectos devastadores da Marteilía que acabou cos bancos marisqueiros do berberecho na ría de Arousa, Pontevedra e Vigo.

Neste contexto no ano 2014 e ante a presión do sector a Consellaría do Mar tras as mostraxes realizados trasladaba a opinión pública que nalgúns bancos marisqueiros os índices de acumulación de chumbo non alcanzaba os límites autorizados pola UE en



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplares de tamaño inferior aos 35 milímetros, co cal era procedente autorizar o seu consumo con todas as garantías sanitarias.

Pero as marxes de tamaño e o control e a responsabilidade de seleccionar que individuos eran aptos e cales se desbotaban era tan complexo que o sector considerou que non era viable optando por un acordo entre sector e Consellaría que tiña o seu reflexo na campaña do 2015 onde se publicaba unha resolución que autorizaba a extraer 15 quilos de reloxito para compensar as perdas por mortalidade e redución de topes e resembrar nunhas zonas determinadas pola Consellaría, a cambio abonábanse un total de 25 euros por capazo.

Pero agora resulta que un estudo levado polo grupo Ecotox da Universidade de Vigo no que se avalía o risco que supón o consumo deste bivalvo e os resultados obtidos todo indica que a inxesta deste produto non representa perigo para a saúde o que abre unha porta a posibilidade de recuperar a súa extracción e comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Como é posible que se sexa o sector, unha vez máis o que tome a iniciativa para buscar unha solución a extracción do reló e non a Consellaría do Mar? Vai comprometer medidas para comprobar que é inocuo para o ser humano?

2.- Que tipo de medidas pensa adoptar antes estes novos e esperanzadores datos? Vamos ter unha solución de cara a vindeira campaña?

3.- Os bancos levan pechados dende o ano 2008 perdendo as/os mariscadoras/es anualmente máis de 2,4 millóns de euros. Non vai asumir responsabilidades?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- O modelo de coordinación da investigación, das prioridades e sobre todo dos resultados salta polos aires. Dunha vez por todas se van adoptar medidas para que as competencias e os diferentes centros estean centrados na realidade do País? Como pensa enfrontar esta dispersión de recursos e obxectivos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:40:11

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:40:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:40:16

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:40:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:40
Nº Rexistro: 35283

Data envío: 29/08/2018 12:40:39.851

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:40:20

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:40:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente, como media, se importa de semente con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiras de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiras existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 18:49:54

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 18:50:00

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 18:50:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 18:50:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 18:50:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 18:50:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:43
Nº Rexistro: 35285
Data envío: 29/08/2018 12:43:40.851

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresaie a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribución propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *“cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores”*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cales son as razóns para que @ Subdirector/a e @s tres xefes de servizo e @s xefes das unidades operativas sexan nomeados a dedo?
- Para cando van cumprir as sentenzas que lles obriga a que @s xefes das unidades operativas non sexan de libre designación?
- Imaxínanse a Arsenio Fernández de Mesa con tricornio e coas atribucións dun axente da garda civil?
- Como é posíbel que @s xefes/as operativ@s sexan nomead@s a dedo e que para dito posto non exista nin un só criterio de selección?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:43
Nº Rexistro: 35285
Data envío: 29/08/2018 12:43:40.851

- Consideran razoábel que un/unha axente da escala básica sexa o XUO e que dirixa as unidades compostas por persoal da escala técnica, executiva, operativa e de axentes?

- Dentro das funcións do persoal de Gardacostas non sería razoábel salvagardar a súa independencia e que actúaran de acordo a lei?

- Se con carácter xeral se establece que actuarán “cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores” a que ven que na escala de vixilantes mariñeiros se estableza que actuarán baixo ordes ou mando directo ? Non teñen a condición de axente de autoridade todas as escalas coas mesmas atribucións? Ou hai escalas con galóns para mandar e a escala de axentes é para obedecer?

- Como se explica que se un/unha mecánic@ e un/unha patrón/a fixeron o mesmo exame de oposición e están na mesma escala (C1), agora se pretende que a patrón/a en mar e en terra mande sobre @ mecánic@?

- Como se explica que dende a creación do Servizo de Gardacostas un/unha patrón/a ou mecánic@ que aprobou a oposición coa titulación de patrón litoral e mecánic@ naval, segundo a diferente regulación hoxe teñamos patróns/as na escala executiva, de aprobarse este decreto na escala operativa e @s de toda a vida na escala de axentes? E isto un modelo racional de promoción interna?

- Como se explica o feito de que un/unha mariñeir@ vixilante poida ir a náutica pesqueira e quitar titulacións de patrón/a ou mecánic@ pero que non teña posibilidades de realizar os días de mar para conseguir a titulación profesional e que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:43
Nº Rexistro: 35285
Data envío: 29/08/2018 12:43:40.851

determinad@s xefes/as das unidades operativas conseguiran facer os días de mar e hoxe teñen en vigor as súas credenciais profesionais?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:42:32

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:42:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:42:38

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:42:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:43
Nº Rexistro: 35285
Data envío: 29/08/2018 12:43:40.851

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:42:41

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:42:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade.

O sábado 7 de abril de 2018 publicábase no Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade. Esta Orde, entre outras cuestións, dispón un novo período de entrega comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2018.

Neste sentido, a subasta de interrompibilidade para os últimos sete meses do ano comezou a finais de maio. A convocatoria de dita poxa, xestionada polo operador do sistema eléctrico, Red Eléctrica de España (REE), baixo fiscalización da Comisión



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:46
Nº Rexistro: 35287
Data envío: 29/08/2018 12:46:33.976

Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), estaba prevista para se desenvolver entre o 21 e o 25 de maio, prevendo a posibilidade do seu remate antes dese mesmo día.

Para esta poxa prevíase, segundo información do propio operador do sistema, a competición de arredor de 130 empresas da grande industria. Os resultado da mesma serán coñecidos unha vez validados pola CNMC.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que valoración fai o goberno galego do resultado da poxa de interrompibilidade de maio para a industria electrointensiva galega?

-Que valoración fai o goberno galego do funcionamento da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade?

-Que repercusións considera o Goberno Galego que se teñen dado na industria electrointensiva galega co cambio no sistema de poxa? Como as valora?

-Ten avaliado co sector esta última poxa?

-Ten realizado ou demandado o goberno galego algún tipo de interlocución co goberno do Estado ao respecto? En que termos?

-Ten realizado a Xunta de Galiza, ao abeiro do INEGA ou dalgún outro instrumento, unha avaliación do posíbel impacto no momento de coñecerense os borradores previos así como o informe previo da CNMC?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:46
Nº Rexistro: 35287
Data envío: 29/08/2018 12:46:33.976

-Ten presentado a Xunta de Galiza alegacións ou propostas nas fases de preparación da nova regulación? Cales foron as razóns?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:45:03

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:45:09

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:45:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:45:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:46
Nº Rexistro: 35287
Data envío: 29/08/2018 12:46:33.976

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:45:13

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:45:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35289
Data envío: 29/08/2018 12:54:25.429

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

As entidades e ONG's do terceiro sector son un elemento fundamental para a cohesión social e a atención a situacións de diferente tipo canda os propios servizos públicos. Sen prexuízo do mantemento, promoción e extensión dos servizos sociais de carácter público, débese manter a coordinación e colaboración co terceiro sector de acción social na extensión de políticas de benestar e na participación do seu deseño. Máis aínda cando após unha década de crise os servizos públicos teñen sido afectados polas políticas regresivas de recortes do Partido Popular. Durante este tempo máis que nunca colectivos sen ánimo de lucro teñen sido un elemento fundamental para unha sociedade mellor.

A respecto do autismo, na cidade de Ourense traballaba, entre outras, a Asociación Autismo Ourense, que foi constituída segundo a información pública dispoñíbel xa no ano 1999 como asociación sen ánimo de lucro por familias de persoas con TEA (Trastorno do Espectro do Autismo) e declara da de utilidade pública polo Ministerio do Interior no ano 2003. Ao longo deste tempo ten atendido a numerosas persoas de Ourense e dos seus arredores e recibido tanto doazóns como achegas de institucións a través de subvencións, tanto da Xunta de Galiza como da Deputación de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35289
Data envío: 29/08/2018 12:54:25.429

Ourense, o Concello de Ourense e o propio goberno central así como varios programas europeos.

Neste ano 2018 puido coñecerse a través de diferentes novas a denuncia de pais e nais de crianzas que acudían aos servizos que desenvolvía esta asociación e a previsión tanto de incremento de prezos como de perda de servizos. Unha situación grave diante da que a Xunta de Galiza non emprendeu unha actitude proactiva na busca dunha solución.

Pasados os meses, un amplo colectivo de pais e nais de persoas con autismo, preocupados e preocupadas polo seu futuro, decidiron autoorganizarse e constituírse en asociación sen ánimo de lucro co nome de Por Eles TEA Ourense. O seu obxectivo é brindar un servizo integral tanto para veciñanza de Ourense como de concellos próximos, que se desenvolverá nunhas instalacións no barrio da Ponte.

Neste momento, o papel da Xunta de Galiza á hora de axudar a manter o papel que cumpren determinadas asociacións e colectivos, especialmente alá onde os servizos públicos non chegan, é moi importante e a implicación debe ser total para que ningunha persoa fiquese sen atender. Para isto, a Xunta de Galiza ten establecido diferentes convenios e subvencións. No inmediato, é preciso que a Xunta de Galiza brinde tanto apoio de orientación como económico para este colectivo ourensá.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece o goberno galego a situación descrita? Cal é a súa valoración?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten recibido o goberno galego aos pais e nais do colectivo indicado? Con que resultado?

- Ten previsto o goberno galego desenvolver medidas específicas diante desta situación para favorecer o comezo de actividade desta asociación sen ánimo de lucro impulsada por pais e nais?

- Ten avaliado a Xunta de Galiza establecer algún convenio para dotar de material esta asociación? E de persoal de reforzo? E para colaborar desde o ámbito das súas competencias?

-Ten previsto algún convenio de colaboración a través do SERGAS?

- Ten previsto o goberno galego algún tipo de reforzo para a cidade de Ourense no tocante ao atendimento do TEA ao abeiro da sanidade e dos servizos sociais públicos públicos?

- Ten coñecemento o goberno galego dalgún incumprimento ou irregularidade por parte de asociacións que traballen o espectro autista a respecto das xustificacións das obrigas adquiridas ao abeiro de financiamento outorgado pola comunidade autónoma?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35289
Data envío: 29/08/2018 12:54:25.429

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:52:39

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:52:45

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:52:49

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:52:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:52:51

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:52:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

En Galiza son miles as persoas tratadas con anticoagulantes orais. Os anticoagulantes orais teñen a función de inhibir a acción da vitamina K, precisa para unha correcta coagulación do sangue. Son empregados co fin de diminuír a posibilidade de que se forme un coágulo, que posteriormente poida desprenderse e chegar por exemplo ao cerebro producindo o chamado ictus, trombose cerebral ou accidente cerebrovascular.

Dentro destes anticoagulantes o máis usado é o coñecido comercialmente como Sintrom (acenocumarol como principio activo). A administración deste fármaco require a monitorización d@ doente, non se dan doses fixas de xeito prolongado, senón que hai que individualizada segundo o estado da coagulación en cada momento. Require da realización de análises periódicas, ao principio moi frecuentes e logo de estabilizada a coagulación realízanse cada mes.

O Sintrom, presenta importantes efectos secundarios e non resulta eficaz no 40% d@s doentes tratados. Ademais as persoas tratadas con este fármaco teñen que ter un control estrito tanto da dieta, xa que a modificación da mesma aumenta ou diminúe o aporte de vitamina K, e polo tanto fai preciso o axuste do anticoagulante, como a toma de outros fármacos, que interaccionan co Sintrom e poden descontrolar o tratamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:58
Nº Rexistro: 35293
Data envío: 29/08/2018 12:58:14.195

Na actualidade existen alternativas ao Sintrom, unha nova xeración de anticoagulantes orais, seguros e eficaces, sen maior risco de sangrado, sen interaccións cos alimentos e con moitas menos interaccións medicamentosas, e que ademais evítanlle @s doentes ter que desprazarse cada mes para realizar o control da medicación, toda vez que son administrados en dose fixa e non precisa controis analíticos periódicos.

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade aprobou a inclusión na financiación pública destes anticoagulantes orais para a prevención do ictus en doentes con fibrilación auricular non valvular e enfermidade tromboembólica venosa.

Son evidentes as vantaxes que presentan estes novos anticoagulantes, e son moitos @s profesionais que defenden que os análises de custo-eficiencia destes fármacos cumpren cos requisitos esixidos para que sexa financiado na sanidade pública. A pesar disto o SERGAS non ten xeneralizado a súa prescrición, establecendo limitacións, incluso en doentes con dificultades para manterse en rango. Todo indica que o SERGAS ten establecido limitacións na prescrición dos novos anticoagulantes por criterios económicos.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a razón pola que o SERGAS non ten xeneralizado a prescrición dos novos anticoagulantes orais?

-Si os novos anticoagulantes orais son máis eficaces que o Sintrom, sen maior risco de sangrado, sen interaccións cos alimentos, con moitas menos interaccións medicamentosas e sen necesidade de controis mensuais, por que non se prescriben a tod@s @s doentes que non teñan contraindicación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:58
Nº Rexistro: 35293
Data envío: 29/08/2018 12:58:14.195

-Considera de recibo que o SERGAS prime os criterios economicistas e non o maior beneficio para @s doentes?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 12:57:40

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 12:57:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 12:57:46

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 12:57:48

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 12:57:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:58
Nº Rexistro: 35293

Data envío: 29/08/2018 12:58:14.195

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 12:57:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:13
Nº Rexistro: 35298
Data envío: 29/08/2018 13:13:48.663

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR as necesidades reais de profesionais no Sergas.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *“no dito instrumento de planificación, logo de analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada.”

”Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa.”

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a planificación que ten o Goberno galego para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais?

-Coida que o Sergas vai poder garantir a calidade asistencial se non toman medidas para aumentar as prazas de formación?

-Aumentar o número de doentes por profesional, ou as idades de xubilación é positivo para a calidade asistencial e para @s profesionais?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:13
Nº Rexistro: 35298
Data envío: 29/08/2018 13:13:48.663

-Coida que a política de estabilización do persoal que realiza o Sergas satisfai @s profesionais?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 13:12:45

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 13:12:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 13:12:51

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 13:12:53



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:13
Nº Rexistro: 35298
Data envío: 29/08/2018 13:13:48.663

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 13:12:54

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 13:12:56



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 35300
Data envío: 29/08/2018 13:16:43.116

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao prezo dos carburantes en Galiza e ás actuacións que debe levar a cabo ao respecto a Xunta de Galiza.

Galiza asume o custo ambiental e social de ter unha refinería ás portas da cidade da Coruña, pero aínda así os galegos e as galegas pagan máis do que a media do Estado español cada vez que paran nunha estación de servizo. Isto dá conta da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

Na actualidade, analizando os datos correspondentes aos prezos medios dos carburantes a marzo de 2018 podemos observar que é Galiza onde o prezo do litro de gasóleo é o máis alto do Estado e o terceiro máis elevado se falamos de gasolina, só superado por Asturias e Baleares.

Antes de impostos o prezo medio do gasóleo en Galiza é de 59,6 céntimos por litro, superado polas CCAA de Cantabria, País Vasco e Baleares. O prezo do gasóleo antes de impostos incrementouse nun 5,6% nos últimos doce meses, o incremento máis intenso do estado despois de Cantabria. O prezo final após impostos é de 118 céntimos o litro, o que sitúa a Galiza como o territorio peninsular co gasóleo máis caro, e tamén o territorio onde o gasóleo experimentou un maior incremento do prezo durante os últimos doce meses con datos dispoñíbeis (3,8 céntimos, un 3,3%).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 35300
Data envío: 29/08/2018 13:16:43.116

Canto á gasolina, antes de impostos o seu prezo é de 56,5 céntimos por litro, superado polas CCAA de Cantabria, Asturias, País Vasco e Baleares. Porén, despois de impostos o prezo é de 125,5 céntimos o litro, só superado por Asturias e Baleares.

Xa que logo, fica claro que os altos impostos inflúen claramente no feito de que Galiza teña xunto con Asturias os prezos da gasolina máis caros da península. Neste sentido, cómpre recordar que foi en abril do ano 2015 cando se aproba o Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos. Este feito implicou unha mudanza importante nas posicións de Galiza canto ao prezo e amosa a ineficiencia do decreto para os nosos intereses como país.

Ademais, cómpre recordar que no ano 2013 a Xunta de Núñez Feijóo decidiu elevar a taxa autonómica ao máximo permitido. De Galiza contar cos tipos impositivos anteriores á modificación do goberno de Feijóo, sería a quinta comunidade co gasóleo máis caro e a sétima coa gasolina con maior prezo.

Dende o BNG somos conscientes das importantes repercusións que ten nas economías familiares e empresariais o alto prezo dos carburantes, ao que se suma un insuficiente esforzo por parte dos poderes públicos de cara á transición enerxética. Diante deste escenario son precisas medidas de carácter estrutural, onde a participación e a regulación pública actúen de xeito que se rache a alta concentración de mercado que nestes momentos teñen unhas poucas empresas nun claro exemplo de mercado oligopólico. Por outra banda, son tamén precisas medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 35300
Data envío: 29/08/2018 13:16:43.116

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que Galiza siga sendo un dos territorios do Estado no que os carburantes teñen os prezos máis altos?

-Que avaliación realiza a Xunta de Galiza da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo?

-En marzo de 2018 o prezo do gasóleo antes de impostos tíñase incrementado nun 5,6% nos anteriores doce meses, o incremento máis intenso do estado despois de Cantabria. Que valoración fai o goberno galego desta constante suba?

-Os galegos e as galegas pagan máis do que a media do Estado español cada vez que paran nunha estación de servizo, que fai o goberno galego para corrixir esta situación?

-Como avalía o goberno galego que as e os galegos teñan que pagar impostos tan altos nos carburantes cando é un elemento que non ten criterios de redistribución? Considera que á luz do contexto macroeconómico de crecemento é preciso revisar isto?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 35300
Data envío: 29/08/2018 13:16:43.116

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 13:15:46

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 13:15:50

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 13:15:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 13:15:53

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 13:15:54

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 13:15:57



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35302
Data envío: 29/08/2018 13:19:50.741

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, a xestión pública dos saltos e encoros, moitos deles caducados ou a piques de caducar no próximo lustro, permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con condicións económicas e sociais máis desfavorábeis poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico.

Neste sentido, temos presentado e defendido diferentes iniciativas ao respecto tanto social como institucionalmente. Na pasada lexislatura, en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, o entón Director Xeral de Augas de Galiza anunciou que ante o remate das concesións de saltos hidroeléctricos a Xunta avaliará o seu futuro uso tras o desenvolvemento dos expedientes administrativos e confirmaba ademais que só existe un salto con cláusula social, das 44 centrais de gran hidráulica.

Xa na X Lexislatura, a Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 28 de marzo de 2018, debateu a iniciativa 4728 (10/PNC-000454) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego referida á petición da presentación pola Xunta de Galiza dun plan de recuperación da titularidade e explotación pública



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directa dos saltos hidroeléctricos. Finalmente, acadouse un consenso a respecto do seguinte acordo:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar unha estratexia de actuación sobre os aproveitamentos hidroeléctricos con dereito concesional a extinguir no presente e no seguinte ciclo de planificación hidrolóxica (ata o ano 2027), na que se analicen os condicionantes xurídicos, económicos, ambientais e sociais que permitan decidir, no seu caso, a modalidade de explotación dos mesmos.

2. Continuar achegando toda a información que se solicite sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos da Demarcación Galicia-Costa.”

Máis aínda, cómpre recordar que no último pleno ordinario da IX lexislatura a Cámara tiña acordado o seguinte:

“2. Proporcionar información sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos, que cando menos contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas, solicitando de ser preciso a información pertinente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.”

Con base a estas consideracións fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Pode garantir a Xunta de Galiza que se están a cumprir as cláusulas sociais que puidesen estar contempladas nas diferentes concesións de saltos hidroeléctricos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35302
Data envío: 29/08/2018 13:19:50.741

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes a Galiza-Costa que rematan até 2027? De ser a resposta afirmativa, cales?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica do Cantábrico que rematan na próxima década?

-De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica Miño-Sil que rematan na próxima década?

De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos pertencentes á Demarcación Hidrográfica do Douro que rematan na próxima década?

-De ser a resposta afirmativa, cales? De ser negativa, ten pensado solicitalos?

-Ten solicitado a Xunta de Galiza información completa sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos existentes en Galiza, onde cando menos se contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas?

-Ten avaliado xa o goberno galego que iniciativas ten previsto levar a cabo ante o remate das concesións de cando menos 6 saltos hidroeléctricos da demarcación que xestiona de forma directa? Cales?

-Ten a Xunta de Galiza información a respecto das intencións do Goberno do Estado ante a situación de remate das concesións de saltos hidroeléctricos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35302
Data envío: 29/08/2018 13:19:50.741

- Cal é a situación a respecto das seguintes centrais hidráulicas pertencentes á
Demarcación Galiza Costa:

1. PONTE INFERNO
2. PORTOCHAO
3. FECHA
4. GÜMIL
5. A CASTELLANA
6. FERVENZAS

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35302
Data envío: 29/08/2018 13:19:50.741

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 13:19:22

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 13:19:27

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 13:19:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 13:19:30

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 13:19:32

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 13:19:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA, da o visto bo á Declaración de Impacto Ambiental simplificada e ao non sometemento a unha avaliación ambiental ordinaria porque, segundo a Dirección Xeral, non se prevé que se xeren efectos ambientais significativos.

Só cinco días antes fórmulase, ante un proxecto en Santa Icíá, concello de Arteixo, unha resolución do 13 de setembro da mesma Dirección Xeral que esixe en cambio, unha avaliación ambiental ordinaria a un proxecto cuxo proceso produtivo é case idéntico, e que é presentado pola mesma empresa, GESMAGA.

Chámanos a atención que para o proxecto do lugar da Furoca non se esixa unha avaliación ambiental ordinaria como xeito de asegurar as máximas garantías ambientais.

Hai que resaltar que o Partido Popular promoveu unha moción de censura no Concello de Coristanco, que é o responsable de outorgar a licenza municipal a esa planta, nunha actuación que, era vox pópuli, tiña detrás intereses empresariais diante dunha situación de paralización da actividade decretada polo anterior alcalde por carecer as actividades de xestión de residuos da construción e industriais que xa se estaban a realizar de título habilitante.



É público tamén que o anterior alcalde do PP, e alcalde accidental actualmente, está investigado dentro dun procedemento xudicial por presuntamente favorecer os intereses da empresa GESMAGA coa súa acción de goberno.

Por último, nin o estudo das alternativas nin o resto do documento ambiental presentado pola promotora, nin na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático se fai referencia, mínima sequera, ao Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (acordo do Consello da Xunta o 22 de decembro de 2016).

Plan que no seu apartado 4.1.2 precisa que “ *Galicia conta cunha ampla rede de recollida e tratamento de residuos industriais*”, cuantificada en 195 instalacións de almacenamento (capacidade 625.000 tn), 69 de clasificación (821.000 tn) e 369 instalacións de valorización (algo máis de 9 millóns de tn de capacidade) e 22 de eliminación (169.000 tn de capacidade).

Plan no que se conclúe no apartado 5.6 da súa Memoria (“*Necesidades de Infraestruturas de Xestión de Residuos*”) que “*Analizada e diagnosticada a produción de residuos de orixe industrial e a probable evolución da xeración, non se detectan necesidades de implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do Plan, agás as necesarias para cubrir o mercado derivado do tratamento de BEFVU que, como xa se comentou, resulta de difícil cuantificación*”.

Mais en concreto, e para os residuos industriais non perigosos, na provincia da Coruña hai 89 plantas de valorización, 48 de almacenamento, 37 de clasificación, 3 de eliminación e 7 vertedoiros, tal e como contén a Memoria do dito Plan, con instalacións de alta capacidade como as de Sogarisa en As Somozas, ou outras no concello de Cerceda, entre outras.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Considera que debера de terse en conta no Estudo de Impacto Ambiental e na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA , o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022, acordo do Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016, e concretamente os contidos relativos á dotación de infraestruturas de almacenamento e valorización?
- 2) Considera que o estudo das alternativas está ben feito?
- 3) Como xustifica que nesta resolución non se demande a realización dunha avaliación ambiental ordinaria como si se fixo no caso do proxecto da planta en Santa Icíá?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 12:33:58

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 12:34:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

O 25 de setembro de 2015 aprobábase neste Parlamento, concretamente na Comisión 7.^a de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, unha Proposición non de lei co voto favorable de todos os grupos.

O texto do acordo adoptado foi o seguinte:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica. Este plan debe contar coas seguintes características:

- a) Acceso á terra mediante a xestión descentralizada do Banco de Terras e dotación de persoal nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) para dinamizar a mobilización das terras improdutivas.
- b) Investigación e asesoramento públicos. É imprescindible un estudo de variedades e técnicas de cultivo, así como o asesoramento e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha. Ademais, é necesario contratar persoal para as OAC xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro acaban en fracaso por unha incorrecta formulación.
- c) Comercialización a través da potenciación de circuítos curtos, da creación de marcas de garantía galegas e ao asesoramento de profesionais na comercialización.



- d) Compra pública en colexios, hospitais ou centros da terceira idade. Introducir criterios como o da proximidade, ou dar prioridade a produtos galegos e/ou ecolóxicos no abastecemento deste tipo de centros públicos contribuiría a consolidar proxectos locais”.

Dous anos e medio despois observamos que dito acordo non foi trasladado á acción de goberno da Xunta de Galicia.

Tanto a xestión da terra, como a investigación e asesoramento, así coma a comercialización e compra pública, nada ten cambiado substancialmente no sector hortícola.

Nin se desenvolveu o selo de garantía, nin se mudou a xestión do Banco de Terras, nin se aplicou ningunha nova política sobre compra pública.

Creemos firmemente que está a ser desaproveitado o gran potencial que ten Galiza na produción hortícola, un sector que pode crear emprego dun xeito sostible.

Para elo son precisas políticas públicas planificadas, con rigor e recursos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Que iniciativas levou a cabo a Xunta de Galicia para cumprir co acordo parlamentario adoptado na Comisión 7.^a do 25 de setembro de 2015?
- 2) Cal é a estratexia da Consellería de Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola en Galiza en canto á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra?

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2018.



Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 12:44:29

David Rodríguez Estévez na data 29/08/2018 12:44:38

Paula Quinteiro Araújo na data 29/08/2018 12:44:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Ministerio de Fomento non se preocupa pola seguridade viaria de Bergondo. Non hai máis que reparar nos accidentes que se produciron na N-VI ao seu paso polo Concello para constatar que o estado da estrada non é o apropiado para circular por ela. A pesar disto, as promesas de mellora do Ministerio quedan sempre en papel mollado.

Un dos tramos máis perigosos é o que atopamos enfronte do Centro de Formación Experimental Agroforestal, un lugar moi transitado onde conflúen as persoas que se dirixen ás naves industrias e ás empresas do lugar, así como os estudantes do citado centro educativo (moitos deles menores de idade). Todas estas persoas véñse na obriga de cruzar a N-VI a diario polo medio da estrada e sen ningún tipo de seguridade, xa que nas inmediacións non hai pasos para peóns ou pasarelas elevadas.

A ambos lados da estrada, atopamos dúas marquesiñas onde paran os autobuses que realizan os traxectos Betanzos-Coruña e Coruña-Ferrol. Non fai falla subliñar que os usuarios de autobús, unha vez en terra, tamén precisan dalgún xeito seguro e sinxelo cruzar a estrada.

Por todo isto, a comunidade educativa do Centro de Formación Experimental Agroforestal, o Concello, a Asociación de Empresarios de Bergondo e a



Comunidade de Propietarios do Polígono de Bergondo solicitaron fai meses a instalación urxente dunha pasarela elevada que permita aos peóns desprazarse dun lado ao outro sen poñer en risco a súa seguridade. Centos de veciños mostraron xa a súa vontade de que se leve a cabo unha acción neste sentido.

A pasarela que se solicita non só é perfectamente viable (na medida na que existe a ambos lados da estrada terreo dabondo de titularidade pública), senón que ademais é o único xeito de evitar que no futuro se produza un accidente funesto.

Fomento non pode escatimar o custe dunha pasarela elevada cando o que está en xogo é a seguridade da veciñanza e dos traballadores e traballadoras, que todos os días circulan por Bergondo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cre a Xunta de Galicia que o tramo da N-VI, ao seu paso por Bergondo, é seguro para os viandantes?
- 2.^a) Se non é así, porque non puxo os medios para remedialo?
- 3.^a) Que pensa facer ao respecto?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 13:34:17

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 13:34:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Green Capital Power S. L. proxecta construír dous parques eólicos na comarca de Ordes, o de GASALLA e o do MONTE INXERIO. Segundo parece, ámbolos dous van recibir a declaración de interese especial por parte do Consello da Xunta de Galicia.

O parque eólico de Gasalla vaise situar nos concellos de Frades e Mesía, afectando ao solo agrario dunha importante zona de produción leiteira. O lugar xa padece na actualidade a presión dos proxectos mineiros da empresa Erimsa, moi prexudiciais para as explotacións do lugar.

O parque do Monte Inxerio estará situado nos concellos de Ordes e Cerceda, preto do vertedoiro da Areosa, da planta de Gesuga, da liña do AVE e da central térmica de Meirama. Non fai falta subliñar os impactos que todas estas instalacións teñen para a natureza e a paisaxe.

A empresa promotora intenta promover tamén outros parques eólicos na comarca –o da Pobra, o de Ardemil e o de Lavandeira–, situados uns a continuación dos outros. Deste xeito, estase a fracciona un proxecto de enorme envergadura, coa finalidade de ocultar á cidadanía o seu impacto real.



A construción dos parques eólicos na comarca de Ordes tería consecuencias negativas para a contorna e para a economía.

A normativa galega obriga a construír os parques a 500 metros dos fogares, aínda que diversos estudos defenden que para a potencia que se pretende instalar a distancia prudente sería de 6 quilómetros. Contravindo estas indicacións, no caso que nos ocupa preténdese situar algúns dos muíños a tan só 80 metros das casas. Os xeradores de 150 metros provocarían un impacto visual moi negativo na paisaxe, prexudicando a experiencia do Camiño Inglés e dos seus fitos patrimoniais (castros, igrexas, mámoas, cruceiros...). Danarían, polo tanto, ao sector turístico dos concellos da zona.

Os prexuizos económicos que causarían os parques non serían compensados de ningún xeito.

En definitiva, os parques eólicos da comarca de Ordes serían un negocio ben rendible para a empresa promotora, pero unha carga nociva para a veciñanza, o medio ambiente e a economía local. Así, non tería sentido que foran declarados de “especial interese”, xa que, segundo a Lei 5/2017, dita declaración precisa da “súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial”.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que terían os parques eólicos nos concellos da comarca de Ordes?
- Que impactos terían nos terreos? E na gandería? E na contorna natural? E no patrimonio do Camiño?



Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 12:46:47

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 12:46:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

En decembro de 2017 presentouse no Concello de Teo o “Proyecto básico y estudio de impacto ambiental para la solicitud de la autorización ambiental integrada de las instalaciones de Gestión de residuos ubicadas en Teo La Coruña” presentado por TOCA SALGADO SL (Grupo TOYSAL).

O proxecto correspóndese cunha planta de tratamento de residuos moi específica, pois trataríase basicamente de residuos de orixe animal: SANDACH (Subproductos Animais Non Destinados ao Consumo Humano) e xurros, así como, lodos de EDAR e EDARI. Os produtos obtidos do tratamento de residuos serían: biogás y fertilizantes ademais de, secundariamente, un gran volume de auga.

A planta de tratamento ubicaríase nos terreos dunha antiga canteira a ceo aberto denominada Casalonga.

A reciclaxe e tratamento correcto de residuos, particularmente os de orixe animal, é unha actividade necesaria pero debe ser ubicada e xestionada con totais garantías para a poboación e a contorna natural ademais de ir acompañada por un estudio de impacto ambiental completo e rigoroso.

A ubicación non parece a axeitada por situarse no medio dunha zona residencial moi poboada e os terreos onde se ubican as instalacións son inestables e con



posibilidade de desmoronamento, acarcavamento ou deslizamento, posto que o terreo son restos da antiga canteira.

Por outra banda existen dúbidas en canto ao impacto ambiental sobre flora e fauna, consumo e verquidos de auga, posibles filtracións, etc. o que suporía un impacto negativo para a contorna, o seu medio ambiente e a poboación humana como o pode ser, igualmente, posibles problemas derivados da aparición de pragas, olores, etc.

A impacto socioeconómico local non está suficientemente valorado en absoluto con detalles que poden resultar completamente especulativos.

O rigor neste aspecto é fundamental e no proxecto presentado detéctanse numerosos puntos que xeran dúbidas sobre o conxunto do proxecto, nomeadamente na xustificación da ubicación, nunha zona con poboación moi preto, pero tamén do desfase das cantidades que entrarán, protección de especies vexetais ou animais, a xestión hídrica, ou que non se estudan en profundidade os impactos producidos polos cheiros ou a proliferación de pragas.

Tampouco se indican que tipo de residuos entrarán nin que distancias percorreren.

Estas deficiencias incrementan as sospeitas de que se converta esta instalación noutro vertedoiro incontrolado que provoque impactos e molestias á veciñanza.

Por todo o exposto o Grupo de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Que valoración fai a Xunta de Galicia deste proxecto para unha planta de tratamentos de residuos?
- 2) Considera que a ubicación proposta é a idónea?



3) Considera que a documentación presentada é suficiente e suficientemente rigorosa?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 13:11:42

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 13:11:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Foro Económico Mundial vén de advertir que, se non lle poñemos freo á contaminación, no ano 2050 haberá máis residuos que peixes no mar. Na actualidade, a situación xa é alarmante, con 8 millóns de toneladas de plástico repartidas por tódolos mares do mundo. Por desgraza, Galicia non é allea a esta situación.

A Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar, pertencente ao Ministerio de Agricultura e Pesca, publicou un informe con datos de 2016. Nel analizaba 26 areas de todo o Estado, cinco dos cales son galegos: a praia de Rodas, nas illas Cíes; a praia pontevedresa de A Lanzada; O Rostro e Baldaio, na Coruña; e Covas, en Lugo.

Durante a elaboración do informe, na praia de Rodas atopáronse 2.184 obxectos, o 86,5% dos cales eran plásticos, o 5,1% papel e o 5,3% restos hixiénicos. En menor cantidade, había tamén residuos de metal, vidro, madeira, roupa e goma.

Os datos de A Lanzada son moi semellantes. Recolléronse 2.143 obxectos, a maior parte (o 66,6%) de plástico.

Nas praias coruñesas a cantidade de lixo atopada foi significativamente menor, aínda que igualmente grave: 911 obxectos en O Rostro e 1.114 en Baldaio. Aínda



que a praia máis limpa foi a de Viveiro, na que se deu conta de só 122 obxectos, tamén cunha alta porcentaxe de plásticos (68%).

Non fai falla subliñar aquí a importancia inmensa que o mar ten para Galicia, tanto no que atinxe a súa economía e aos seus sectores produtivos, como no que se refire á súa identidade. Galicia é unha terra aberta ao mar. Debémolles, por elo, o maior dos coidados e das atencións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos recollidos no informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar?
- Que datos manexa o Goberno da Xunta sobre o lixo que ensucia as nosas costas?
- Que medidas está levando a cabo a Xunta para combater este problema?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 12:20:31

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 12:20:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Defensor do Pobo vén de sacarlle as cores (outra vez) ás consellerías de Economía e Industria, e de Medio Ambiente, así como á Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), por non cumprir coas súas obrigas no que respecta ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras. Nun escrito do 18 de maio do ano pasado, relativo a unha queixa recibida na súa oficina, o Defensor recrimínalle á Consellería de Economía que a información que remite “no acredita el correcto ejercicio de las potestades que tiene atribuidas por el ordenamiento jurídico para garantizar que la minería se desarrolle de forma sostenible y con respeto al medio ambiente”. A súa opacidade é subliñada polo texto: “La Consejería no informa con suficiente detalle sobre los resultados de las inspecciones practicadas en relación con el daño ambiental causado, ni del cumplimiento por los operadores de las obligaciones ambientales impuestas; ni tampoco sobre la suficiencia de las garantías prestadas para acometer la restauración ambiental, ni sobre las actuaciones realizadas o en curso para reparar dicho daño, ni de las explotaciones abandonadas”. O escrito tamén lembra que “[la] normativa minera regula numerosas cuestiones de carácter ambiental que deben ser aplicadas y controladas principalmente por la Consejería de Economía”. A dita Consellería correspóndelle a “comprobación de que la entidad explotadora ha adoptado todas las medidas necesarias para prevenir o reducir en lo posible cualquier efecto negativo sobre el medio ambiente y sobre la salud de las personas derivado de la investigación y aprovechamiento de recursos



minerales. Dichas medidas incluyen la gestión de los residuos mineros y de todas las instalaciones de residuos también con posterioridad a su cierre, así como la prevención de accidentes graves que puedan ocurrir en las instalaciones, y la limitación de sus consecuencias para el medio ambiente y la salud humana”.

No que atinxe á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Defensor do Pobo di que “se deduce que no conoce con precisión el estado de las explotaciones mineras en la zona objeto de queja y su afección al medio ambiente, pese a las facultades que la Ley de protección del medio ambiente de Galicia le atribuye. Sin perjuicio de las que corresponden al órgano sustantivo, la Consejería de Medio Ambiente debe actuar para corregir la situación descrita, recabando información e incluso denunciando actos y exigiendo el cumplimiento de las leyes, tanto si existe pronunciamiento ambiental previo formalizado o no”. Con estas palabras, o Defensor do Pobo constata que as consellerías de Economía e Medio ambiente, lonxe de atender ás súas funcións, que esixen, entre outras cousas, o respecto polo medio ambiente e o coidado dos recursos naturais, limitáronse a deixarlle facer ás empresas amigas para beneficio duns poucos e prexuízo da maioría social.

O desleixo intencionado da Confederación Hidrográfica tamén é mencionado polo Defensor: “Respecto a esa Confederación Hidrográfica, el Defensor del Pueblo ha apreciado un retraso, en ocasiones de más de cuatro años, en la comprobación del cumplimiento de las obligaciones de restauración de los daños y perjuicios producidos al dominio público hidráulico en la zona explotada por las pizarreras”. A dilación inexcusable no cumprimento dos seus deberes só pode interpretarse como o froito dunha vontade de que as cousas sigan igual, supoña iso o que supoña para a contorna natural.

Por último, o Defensor do Pobo remata a parte expositiva do escrito lembrado que as actividades extractivas teñen que estar suxeitas a un control rigoroso e



continuo, xa que é moito máis custoso, en termos económicos, pero tamén de esforzo, reparar que previr: “El ejercicio sostenible de la actividad minera no consiste exclusivamente en reparar el daño ambiental causado, sino sobre todo lograr: a) que la actividad extractiva se desarrolle de forma compatible con el entorno, lo cual no ocurre si se desecan cauces, contaminan ríos, se dañan los hábitat y se realizan depósitos de residuos incontrolados y b) prevenir el daño mediante la adopción de medidas que se aplican no solo cuando la actividad finaliza sino durante su desarrollo; c) la correcta supervisión de que estas medidas se adoptan, en este caso, por las tres administraciones intervinientes, todas con competencias para inspeccionar y sancionar.

Una vez producido el daño ambiental, la Administración suele encontrar graves dificultades para repararlo: la imposibilidad de localizar a los responsables, o la insolvencia de estos; la prescripción de las infracciones o la caducidad de los procedimientos sancionadores; los problemas económicos y de desempleo que atraviesa determinado sector; las políticas de restricción presupuestaria, etcétera.”. Tendo en conta a magnitude do problema, o Defensor do Pobo conclúe que o desafío ambiental “no parece que pueda atenderse con actuaciones aisladas por cada una de las administraciones competentes. Es necesaria la actuación conjunta de las administraciones minera (la principal responsable del control de la actividad extractiva), ambiental e hidráulica para evaluar conjuntamente el alcance del problema ambiental existente y ordenar las actuaciones que deban acometerse para la reparación del daño”.

O Defensor do Pobo volveu sobre todo isto no seu último informe anual, no que di que “[en] el caso de las actividades extractivas en el valle de Valdeorras se han dirigido varias resoluciones a la Consejería de Economía y Medio Ambiente de la Xunta de Galicia y a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, para que evalúen los efectos sobre el medio ambiente de la actividad extractiva incluídas las afecciones al dominio público hidráulico, decidan las medidas correctoras que



deban adoptarse e identifiquen al responsable de su adopción. De la información recibida se deduce que las administraciones no conocen con precisión el estado de las explotaciones mineras en una zona donde se han desecado cauces, contaminado ríos, y realizado depósitos de residuos incontrolados”.

Non é a primeira vez que o Defensor do Pobo lle dedica unha crítica severa á labor da Xunta de Galicia. No ano 2015 sinalou as súas eivas na xestión das minas de lousa de Valdeorras e da mina de cobre de Touro, que xa daquela daba mostras da súa capacidade contaminante. A entón Defensora, alertou do desleixo das diferentes consellerías en materia de respecto polo medio ambiente e das súas posibles consecuencias para o entorno se todo seguía igual, como de feito seguiu.

A Xunta non pode volver a cometer exactamente o mesmo erro; non pode ignorar de novo as advertencias fundadas do Defensor do Pobo. Cómpre que medite ben os seus consellos e actúe en base a eles.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta a análise que fai o Defensor do Pobo da xestión política que se fixo das canteiras de lousa da comarca de Valdeorras?
- Por que non fixo caso ao Defensor do Pobo cando se pronunciou no mesmo sentido no ano 2015?
- Pensa facer algo para mudar o rumbo o vai insistir nas políticas contrarias á contorna natural sinaladas polo Defensor do Pobo?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 14:02:51

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 14:02:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

O informe *Necesidades de Inversión en Conservación 2017-2018* da Asociación Española de Carreteras (AEC) ofrece unha diagnose preocupante sobre o estado actual das estradas estatais, autonómicas e provincias da nosa comunidade. Nin o firme, nin as sinalizacións verticais e horizontais, nin as barreiras de seguridade cumpren cos estándares mínimos de calidade. Si os satisfán os elementos de balizamento, pero en peores condicións que fai uns anos. Para atallar a desfeita sería preciso inverter case 600 millóns de euros, unha media de 75.236 euros por quilómetro.

Así, Galicia é a quinta comunidade do Estado que máis volume inversor precisa –o 8,4% do total de España– para mellorar a súa rede viaria e conseguir que estea en boas condicións. Se temos en conta o déficit acumulado por quilómetro, Galicia estaría entón na cuarta posición, case un 9% por enriba da medida estatal.

Segundo o informe, o deficiente pavimento das estradas galegas empeorou dende 2015. Obtén 126 puntos no seu baremo, fronte aos 136 da media nacional, quedando lonxe do nivel aceptable, que sería a partir de 200, e moi lonxe do nivel bo, de 300 a 400 puntos. No ano 2015, a rede viaria galega chegaba ata os 134 puntos e o estatal ata os 147, polo que se observa unha caída xeral da calidade viaria.

A sinalización horizontal tamén empeorou nos últimos tempos, caendo en Galicia dos 5,7 puntos aos 4,7 sobre 10, sendo a segunda comunidade coa peor puntuación, só por diante de Asturias, que ten un 4,4.



Na sinalización vertical, Galicia consegue a peor nota de todo o Estado cun 4,3, por debaixo do 4,6 que tiña no 2015.

As barreiras metálicas tamén suspenden cun 4,1.

Só aprobamos en balizas, pero incluso estas viron minguada a súa calidade dende fai tres anos. Do 8 pasaron ao 6,2.

Isto non sucede por casualidade. O desleixo do goberno autonómico e central cara a vertebración do noso territorio vén de lonxe. Ano tras ano incórrase no mesmo agravio, e cada vez se acentúa máis. Basta con ver a inversión no mantemento das estradas do Estado en Galicia para comprobalo. Dende o ano 2009 ata o 2017 reduciuse ata a terceira parte. Pasouse dos 139,35 millóns executados aos 45,98 millóns. Deste xeito, como se espera paliar o atraso histórico que padece Galicia en materia de comunicacións?

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos que presenta o informe *Necesidades de Inversión en Conservación 2017-2018* da Asociación Española de Carreteras?
- Que fixo para evitar o deterioro continuado do pavimento, da sinalización e do resto de elementos da rede viaria galega? Considera que o investimento estatal nas estradas galegas durante os últimos anos foi suficiente?
- Como é posible que a Xunta non conseguira un maior financiamento por parte do Goberno do Partido Popular para a mellora das nosas infraestruturas de circulación?
- Ten valorado o Goberno da Xunta o nivel de afectación do mal estado de conservación das estradas galegas na altísima sinistralidade?



- Ten valorado o Goberno da Xunta como afecta este deterioro aos vehículos que circulan polas estradas?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 14:22:04

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 14:22:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Os sucesivos gobernos do Partido Popular levan moito tempo apostando polo desmantelamento do ferrocarril tradicional. Os datos son claros ao respecto. Mentres que o ferrocarril convencional recibe só o 30% da financiación pública, a alta velocidade acapara o 70% das axudas, sen importar que máis do 95% dos usuarios e usuarias continúan optando polo primeiro. Isto débese a que as políticas públicas de infraestruturas e transporte dos gobernos do Partido Popular non están orientadas á cidadanía e á vertebración do territorio, senón a inflar a burbulla dos macro-proxectos que favorecen as contas de resultados das empresas amigas, así como a utilización da chegada da alta velocidade como elemento de propaganda electoral.

Así é que, entre outras cousas, Galicia é a única comunidade litoral que non conta cun tren de proximidade, malia ter un espazo apropiado para desenvolvelo. Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia e Andalucía si dispoñen deste servizo, que supón un menor gasto para os seus usuarios e usuarias, comparado co custe dos servizos rexionais ou de media distancia galegos, e, ademais, ofrece máis frecuencias e está máis protexido fronte aos recortes do Estado central. Porén, o Goberno galego non conta con ningún plan para corrixir este déficit.



Por se isto fose pouco, os trens que si están en circulación presentan un estado moi mellorable. O pasado xullo, numerosos viaxeiros e viaxeiras do tren rápido 09173 que fai o traxecto A Coruña-Vigo denunciaron que tiveron que viaxar nun vagón con altísimas temperaturas sen recibir advertencia previa de ningún tipo. A situación repetiuse ao longo de máis de unha semana. O día 18 a cousa foi aínda peor. Cando se intentaba acender o aire acondicionado, activábase a calefacción. A ausencia dunha temperatura axeitada durante a viaxe fixo que moitos pasaxeiros e pasaxeiras tiveran que cambiar de asento.

O acontecido é un síntoma máis de que o desleixo do Goberno da Xunta está a ter efectos moi perniciosos na calidade dos servizos ferroviarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Como explica a Xunta de Galicia que un vagón circulase durante máis dunha semana con altísimas temperaturas sen que fora arranxado?
- Por que non se avisou con anterioridade aos pasaxeiros e pasaxeiras de que no vagón facía máis calor da conta?
- O Goberno da Xunta ten realizado estudos sobre o estado do servizo ferroviario?
- Se fose así, cales son as principais conclusións de ditos estudos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 14:36:50

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 14:36:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O escaso caudal do río Sil fai perigar a fauna e a flora da contorna. Trátase dun problema recorrente que se produce por mor das abundantes centrais hidroeléctricas que poboan o principal afluente do río Miño.

Á altura da central hidroeléctrica de San Pedro I, propiedade de Iberdrola, xa apenas circula auga suficiente para a conservación da fauna piscícola e da flora da ribeira. Nesta ocasión, débese aos traballos de mantemento que está levando a cabo a instalación. Non obstante, a empresa defende que está cumprindo en todo momento co caudal ecolóxico fixado. A Confederación Hidrográfica do Miño Sil, pola súa banda, corrobora que non se produciu ningunha vulneración neste sentido. O problema de fondo é que satisfacer o criterio do caudal ecolóxico pode non ser dabondo para protexer o hábitat da fauna e da flora. Como estamos comprobando, que Iberdrola cumpra co caudal ecolóxico fixado nos contratos de concesión e non Plan Hidrolóxico do 2016 non está impedindo que, nalgúns tramos, o río Sil sexa un fío de auga gris.

Tal e como sinala a asociación Amigos da Terra, as Confederacións hidrográficas fixan o caudal ecolóxico atendendo unicamente a baremos hidrolóxicos, que poden non ter en conta a conservación do entorno. Así, cómpre preguntarse se nesta ocasión, o caudal ecolóxico do río Sil está sendo suficiente para garantir a



continuidade das especies de fauna e flora ou se estas se viron prexudicadas polas labores das centrais hidroeléctricas.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Estivo facendo o Goberno galego algún tipo de seguimento desta cuestión?
- 2.^a) Se é así, cal é a súa valoración?
- 3.^a) Conta o Goberno con estudos específicos sobre a afección desta actividade no ecosistema fluvial?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 10:00:52

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 10:01:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández e Antón Sanchez García, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

No Concello de Meis, máis concretamente na Parroquia de San Vicente, está prevista a construción dun parque acuático, que segundo o proxecto plantexado pola promotora, será un referente de ocio ambiental e contará con espazos temáticos relacionados coa natureza, asegurando que poderá funcionar todo o ano.

Diante da falta de información e concreción, existe preocupación entre a veciñanza da parroquia de San Vicente polas repercusións que poida ter a obra.

Algunhas das posibles problemáticas que xeran preocupación, principalmente entre os que teñen as súas casas máis preto aos terreos nos que se proxecta a obra, ten que ver co abastecemento de auga das súas vivendas, xa que os pozos que estraen a auga atópase dentro do perímetro cedido, ou que o desmonte dunha zoa tan extensa deixe ás súas vivendas expostas a posibles inundacións debido á orografía do lugar.

Por outra banda, algunhas veciñas tamén amosaron a súa preocupación diante da falta de garantías no tocante á afección que as obras poden causar na estrutura das súas vivendas, e no caso de que ocorran, da asunción de responsabilidades, e polo tanto, da posible reparación dos danos causados, debido á dimensión do proxecto en si e das adecuacións urbanísticas, fundamentalmente nos accesos, previstas polo concello.



Falamos dunha parcela de 70.000 metros cadrados, unha superficie que dobra o único parque acuático existente en Galicia, o de Cerceda. O proxecto previa a construción dun parque da natureza, con unha granxa escola, unha zoa de acampada e outras instalacións. Sen embargo, esta é outra preocupación da veciñanza, o acordo establecido fala só de parque acuático, máis nada.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Conta o Goberno con información sobre este proxecto?
- 2.^a) Se é así, reúne todas as garantías ambientais?
- 3.^a) Pode garantir o Goberno a preservación da traída de auga das veciñas?
- 4.^a) Ten coñecemento o Goberno sobre os recursos hídricos que ten previsto utilizar a empresa explotadora e como os vai a extraer?
- 5.^a) Pode garantir o Goberno que non se verán afectadas as casas das veciñas que viven nese entorno?
- 6.^a) No caso de que houberse algunha afectación, pode o Goberno garantir que as vivendas serán reparadas nun prazo breve de tempo?
- 7.^a) Pode garantir o Goberno que non se van a xerar problemas de inundacións no entorno debido á pendente do lugar?
- 8.^a) Cal sería o grao de impacto paisaxístico do lugar?



9.ª) Que é o que finalmente se vai a construír nos 70.000 metros cadrados cedidos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Eva Solla Fernández

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 10:55:36

Eva Solla Fernández na data 30/08/2018 10:55:46

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 10:55:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O Goberno español vén de publicar a Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza será quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Para o BNG, a Orde é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos. Ademais, é o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas. As medidas do goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Considera o goberno galego un éxito da súa xestión que Galiza vaia pagar a luz máis cara do Estado?

-Que actuacións desenvolveu desde que se coñeceu a Orde do goberno central? Foi este un dos asuntos da reunión entre o señor Sánchez e o señor Feijóo? Presentou alegacións? Con que contido? Con que resposta?

-Que vai facer o goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?

-Considera o goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Segue a soste o goberno galego que no Estado haxa unha tarifa única? Como explica entón o sobrecusto aos galegos e galegas?

-Ten apostado o goberno galego nesta cuestión pola negociación bilateral? Con que resultado?

-Desobedecerá o goberno a suba da factura para as e os galegos? Demandará ao estado asumir este custo? Asumirao a propia Xunta?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:02:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:02:19

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:02:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:02:22

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:02:23

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:02:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35366
Data envío: 30/08/2018 11:19:04.662

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A empresa PMA (Protección Medioambiental), que forma parte do Grupo Campo, xestiona diversos tipos de residuos tóxicos e perigosos nas súas instalacións de Lendo (A Laracha) desde a década dos anos 90 do século pasado, entre eles aceites industriais usados que recolle en talleres, portos, etc.

Unha boa parte dos aceites son incinerados nas instalacións de Cerámica Campo de Lendo (A Laracha) xerando unha contaminación ambiental que padece a veciñanza do entorno e que se evidencia nos cultivos, nas árbores froiteiras, ou mesmo nas manchas da roupa tendida no exterior.

Teñen saído informacións nos medios de comunicación relativas á superación das emisións autorizadas nalgunha ocasión por parte desta empresa.

Aínda que xorda, hai nos núcleos de poboación dos arredores alarma sobre o que se considera, sen haber estudos científicos ó respecto, un aumento de cancro e afeccións respiratorias que se achacan ós fumes tóxicos que disque saen polas noites da incineración.

O que está fóra de toda dúbida é que en Lendo almacénanse milleiros de tm. de residuos como rodas e aceites cun potencial contaminante considerable.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35366
Data envío: 30/08/2018 11:19:04.662

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que tipo de residuos tóxicos e perigosos está autorizada a xestionar a empresa PMA, e en qué consiste esa xestión (por exemplo, no caso dos aceites industriais usados, cal é a cantidade que se recicla e cal é a que se incinera)?

-Existe algún tipo de control que se faga de parte da Administración económica coa fin de evitar que se sobrepasen as porcentaxes de emisión de fumes e gases tóxicos permitidos pola lei?

- Existe algún estudo sobre o impacto no entorno e na xente debido á actividade destas industrias?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35366
Data envío: 30/08/2018 11:19:04.662

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:17:50

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:17:55

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:17:57

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:17:58

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:18:00

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:18:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A explosión demográfica do porco bravo arredor dos anos 80 coincide coa expansión de praderías, cultivos e a peste do eucalipto. Alimento e acubillo en aumento.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas e en xeral todo o campo galego vén sufrindo cada vez máis intensamente danos ocasionados pola fauna salvaxe, cunha incidencia enorme no caso do porco bravo. Os danos que este animal ocasiona nos millos, praderías, patacas..., son considerables.

A sociedade destes tempos pide e esixe cada vez con maior intensidade o respecto pola fauna en xeral e medidas conservacionistas. Harmonizar os intereses aparentemente encontrados dos agricultores e gandeiros e da conservación da fauna semella labor imposible. Non é así.

Mais os danos a cultivos son reais e o abandono da Consellería tamén. Ademais das outras medidas que serán obxecto doutra iniciativa e que deberan dar resultados a longo prazo, o certo é que os agricultores reclaman axudas paliativas dos danos ocasionados ademais das outras que controlen a poboación. Non falamos de lazo e escopeta que demostraron que lonxe de minimizar o problema e controla-la poboación, esta aumenta de xeito alarmante.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Botamos en falta unhas e outras. O motivo desta iniciativa é recupera-las liñas de axudas que reparen os danos que o porco bravo ocasiona nos cultivos e propiedades dos agricultores e máis nas estradas. Neste contexto faise incomprendible que a Xunta de Galiza deixase de pagar axudas polos danos ocasionados por este animal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1-- Ten previsto o seu Goberno elaborar algún estudo acerca do censo actual e da distribución da poboación do porco bravo en Galiza?

2-- Que actuacións ten previsto impulsar para frear a proliferación de danos do xabaril ás explotacións agrarias en Galiza?

3-- Que medidas ten previsto impulsar coa finalidade de facer fronte ós danos que ocasiona a poboación de porco bravo en Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35368
Data envío: 30/08/2018 11:19:29.537

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:16:07

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:16:12

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:16:14

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:16:15

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:16:16

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:16:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos pneumáticos da Laracha en Cerámicas Campo.

Estímase que na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, atópanse depositados arredor de 35.000 toneladas de pneumáticos, tratándose do depósito de pneumáticos máis grande de toda Galiza. A súa xestión e tratamento ten que ser un obxectivo prioritario. Recentemente, en abril, acaba de comezar a eliminación dos pneumáticos do vertedoiro e nese sentido é preciso coñecer todos os detalles a respecto da licitación do contrato de xestión e tratamento dos mesmos.

Estes pneumáticos levan acumulados nunha parcela propiedade de Cerámicas Campo dende os anos 90. En aras da transparencia é preciso coñecer tamén o papel que desempeñan os propietarios da parcela no proceso de eliminación dos pneumáticos e o seu tratamento.

Polo exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Baixo que condicións, contrato, proxecto de xestión...foi concedido o permiso e case a exclusiva de almacenaxe e tratamento de pneumáticos á empresa Campos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35370
Data envío: 30/08/2018 11:19:51.490

-Recibiu a Xunta de Galiza algunha compensación por parte dos propietarios da parcela pola retirada actual dos pneumáticos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:14:31

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:14:36

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:14:38

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:14:39

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:14:40



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35370
Data envío: 30/08/2018 11:19:51.490

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:14:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 35372
Data envío: 30/08/2018 11:24:39.349

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á petición de derogación do RDL 16/2012.

O 20 de abril de 2012, o Goberno español, actuando pola vía de urxencia e argüíndo a situación de colapso do Sistema Nacional de Saúde (SNS), aprobaba o Real Decreto-Lei 16/2012 de 20 de Abril, para garantir a sostibilidade do SNS e mellorar a calidade das súas prestacións. Esta disposición, que en ningún caso estivo acompañada dun informe económico que xustificara a súa adopción, supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario.

Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, diminuíndo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de asegurad@ ou beneficiari@, excluíndo así, entre outros colectivos, ás persoas en situación irregular. Os efectos deste RDL foron devastadores sobre a poboación máis vulnerable, como queda constatado no informe que REDER publicou en Setembro de 2015.

Xa dende o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías que rexeitaron a súa aplicación ou favoreceron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, dende o pasado verán, varias de estas Comunidades Autónomas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 35372
Data envío: 30/08/2018 11:24:39.349

aprobaron Decretos, Instrucións e Ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas.

Estas medidas, aínda que positivas, non teñen sido suficientes por diversos motivos. En primeiro lugar, moitas de estas disposicións, ao centrarse exclusivamente no colectivo de persoas inmigrantes en situación irregular, non cobren a persoas de nacionalidade comunitaria, ou ás persoas ascendentes regularizadas como consecuencia dun proceso de reagrupamento familiar e que foron igualmente excluídas polo RDL 16/2012 e o RD 1192/2012 que o desenvolve. Igualmente preocupante, especialmente no contexto actual de crise migratoria, é o caso das persoas solicitantes de asilo e refuxio, a quen, en lugar de recibir a especial protección que a súa situación de vulnerabilidade require, proporcionáselles unicamente unha asistencia sanitaria limitada e condicionada. Por outra banda, supón o establecemento de sistemas de acceso paralelos “para pobres” e non un sistema de igualdade de dereitos. Finalmente, as comunidades autónomas carecen de competencia para revertir a profunda modificación do noso sistema sanitario que supuxo a volta ao modelo de aseguramento e que se sitúa na orixe mesma do problema.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que a fin definitiva da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa, por esa razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

-Que valoración fai o Goberno galego das consecuencias do Real Decreto Lei 16/2012 de 20 de Abril, para garantir a sostenibilidade do SNS e mellorar a calidade das súas prestacións, tras casi cinco anos despois da súa posta en marcha?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que ten servido para mellorar a calidade da asistencia sanitaria ao conxunto da poboación?

-Ten feito algunha actuación diante do Goberno español demandando a súa derogación?

-Ten intención de facelo?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:23:59

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:24:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:24:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 35372

Data envío: 30/08/2018 11:24:39.349

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:24:06

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:24:08

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:24:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á negociación dun acordo de permisos e licenzas para o persoal do SERGAS.

A Lei do Emprego de Galiza e o o Real Decreto polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico d@ empregad@ públic@ son as dúas normas nas que se recolle unha nova concesión de permisos e licenzas referentes a: permisos por enfermidade, hospitalización e coidado no domicilio do familiar, conciliación familiar, ausencia do posto de traballo por enfermidade, por xestión..

En cumprimento desta normativa, tanto a Dirección Xeral de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ,negociaron nas súas respectivas mesas sectoriais a regulación destes permisos para o persoal do seu ámbito. Así o DOG do luns 15 de febreiro publicou a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 e maio, de educación, ampliada pola Orde do 24 de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:25
Nº Rexistro: 35373
Data envío: 30/08/2018 11:25:48.459

febreiro de 2016, DOG do 1 de marzo. De igual xeito o DOG do 4 de marzo de 2016 publica a Resolución do 21 de febreiro da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.

Na Orde de Función Pública recolle expresamente que a regulación non será de aplicación ao persoal estatutario, xa que se entende que este ten o seu propio ámbito de negociación.

Pola contra os máximos responsábeis do Servizo Galego de Saúde veñen negándose a negociar na mesa sectorial un acordo de permisos e licenzas para o seu persoal e pola contra aplican a normativa coa maior restrición posíbel.

O persoal do SERGAS ven tendo dificultades para gozar dos permisos regulados na normativa xeral, polo que é preciso unha norma propia que regule estes permisos, que recolla as especificidades do traballo na sanidade pública: prestación de servizo a través de quendas, prestación ininterrompida durante as 24 hs. do día, os 365 días do ano.

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a xustificación do SERGAS para non sentarse a negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e licenzas do persoal do SERGAS, equiparábel cando menos tanto ao subscrito pola Dirección Xeral



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:25
Nº Rexistro: 35373
Data envío: 30/08/2018 11:25:48.459

de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria nos seus ámbitos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:25:16

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:25:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:25:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:25
Nº Rexistro: 35373

Data envío: 30/08/2018 11:25:48.459

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:25:26

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:25:28

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:25:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:28
Nº Rexistro: 35374
Data envío: 30/08/2018 11:28:00.974

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á certificación que teñen que realizar @s traballadores e traballadoras da banca sobre a idoneidade d@s clientes para determinados produtos.

Despois dos sucesivos escándalos ocorridos no sector financeiro pola mala praxe na colocación de produtos á clientela, as autoridades europeas, nomeadamente a ESMA, a autoridade de mercados europea, está poñendo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos da mesma, estas normas deben ser adaptadas á lexislación de cada estado.

No Estado Español corresponde á CNMV, Comisión Nacional do Mercado de Valores, as actuacións nesta materia.

Malia os sucesivos escándalos vividos, e as sucesivas sentenzas que evidencian unha actuación comercial por parte da banca mais que cuestionable, a día de hoxe a CNMV non ten adaptado a lexislación deixando que a banca actúe con total impunidade.

Un dos regulamentos pendentes de adaptar, que ten ademais unha repercusión tremenda para os traballadores e traballadoras do sector financeiro, é o regulamento que define o “asesoramento” e a formación que se requirirá para quen asesora e comercializa produtos financeiros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:28
Nº Rexistro: 35374
Data envío: 30/08/2018 11:28:00.974

Mentres a ESMA está aberta á participación sindical, no caso da CNMV non aceptou a petición da CIG de participar na elaboración dunha norma que ten unha clara afección laboral. Ademais a CNMV incluíu no seu órgano consultivo como representantes dos profesionais ao Presidente do Banco Mediolanum, Carlos Tusquets, aparentemente por presidir unha “asociación profesional independente”. Hai que advertir que os bancos teñen a súa propia representación no Consello Consultivo da CNMV.

A asociación que preside Carlos Tusquets, chamada EFPA-España, European Financial Planning Association, autodenomínase “independente”, pero da que son socios-colaboradores da mesma a maior parte dos bancos do Estado español.

Ante a falta de regulación por parte da CNMV, a día de hoxe esta asociación, que ten unha clara relación coa banca, é quen acredita si a formación d@s traballador@s do sector é a correcta e necesaria.

Curiosamente EFPA-España non dá formación aos traballadores e traballadoras do sector financeiro, sinxelamente emite a certificación, eso si, previo pago e previa asociación e pago de cotas á mesma por parte do persoal das entidades. A formación é facilitada por outras empresas ou incluso Universidades, ou Colexios Profesionais, sen que estes poidan certificar.

Na vez de ser Centros Públicos os que validen os coñecementos, a situación é a contraria, a certificación como asesor corresponde á EFPA. Hai que destacar que hoxe unha parte dos cadros de persoal dos bancos teñen titulacións universitarias, crer que unha asociación da que son socios os bancos pode ser mais rigorosa que as propias Universidades é cando menos inxenuo.

Á vista da actuación semella que os propios bancos montaron unha estrutura denominada EFPA-España, para eludir novamente as normativas que protexen á



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:28
Nº Rexistro: 35374
Data envío: 30/08/2018 11:28:00.974

clientela. E a CNMV, por unha parte non adapta a normativa comunitaria e por outra valida a actuación dos bancos nomeando representante dos profesionais ao Presidente da EFPA.

Cando ademais a propia regulación da ESMA parte dunha concepción errónea, non é un problema estrito de falta de formación, senón que hai un claro conflito de intereses, que a propia normativa da ESMA non ten en conta. Quen está ligado por un contrato de traballo cun banco e ten o mandato de vender produtos financeiros da entidade, non pode ser quen defina si ese produto é apto para a clientela.

A idoneidade dos produtos emitidos e comercializados non debe recaer sobre o persoal dos bancos.

A maiores a aplicación desta normativa pode dar lugar a máis despedimentos individuais ou colectivos de traballadores e traballadoras dos banco, nomeadamente aos de mais idade que carecen de formación universitaria, malia que teñen anos de experiencia profesional acreditada.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Que opinión lle merece ao Goberno galego que sexan @s traballadores/as das entidades bancarias @s que teñen que avaliar a idoneidade dos produtos emitidos polas entidades para @s clientes, e que ao mesmo tempo teñen o mandato de colocarlle estes produtos @s mesm@s?

-Ten previsto a Xunta de Galiza solicitar da CNMV que se conte coa representación legal dos traballadores e traballadoras, os sindicatos negociadores dos respectivos convenios colectivo, coma lexítimos representantes d@s mesm@s ante a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transposición de normativas que terán unha afectación laboral?

-Ten previsto a Xunta de Galiza solicitar da CNMV que defenda na ESMA, un sistema que non cargue sobre @s traballadores e traballadoras dos bancos avaliar a idoneidade dos produtos emitidos polos entidades e que eles teñen a obriga de colocar?

-Ten previsto a Xunta de Galiza solicitar da CNMV que investigue a actuación da asociación EFPA-España?

-Ten previsto a Xunta de Galiza solicitar da CNMV que a formación esixíbel aos traballadores e traballadoras e as acreditacións sexan as expedidas por institucións públicas, incluídas as propias Universidades?

-Ten previsto a Xunta de Galicia solicitar da CNMV que, no caso de que persista en manter a necesidade dunha acreditación profesional, se valide o procedemento de certificación profesional por experiencia, polo Ministerio de Educación e a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:28
Nº Rexistro: 35374

Data envío: 30/08/2018 11:28:00.974

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:27:15

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:27:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:27:23

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:27:25

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:27:26

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:27:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:30
Nº Rexistro: 35375
Data envío: 30/08/2018 11:30:02.709

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a construción do novo centro de saúde do Concello do Saviñao e as previsións, temporais e orzamentarias, do Goberno galego para iniciar as obras.

O Concello do Saviñao leva anos agardando pola construción dun novo centro de saúde. Un proxecto comprometido pola Xunta de Galiza mais que acumula unha década de retrasos.

No ano 2016 a Xunta de Galiza a través do SERGAS publicou o anuncio de licitación do servizo de redacción do proxecto básico, de execución e de dirección da obra de construción do novo centro (Resolución do 29 de xullo publicada no DOG nº160 do 25 de agosto de 2016).

En febreiro de 2017 o DOG publica a formalización da contratación do devandito proxecto por un valor estimado de 49. 913 euros. Para ese ano, o presidente da Xunta de Galiza compromete un investimento de 250 mil euros para a súa construción.

Porén, descoñécese o grao de desenvolvemento do proxecto e os prazos cos que está a traballar o Goberno galego para o inicio das obras e a súa posta en funcionamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:30
Nº Rexistro: 35375
Data envío: 30/08/2018 11:30:02.709

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- En fase se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde do Concello do Saviñao?

- Cal é o grao de execución das partidas orzamentarias destinadas a este proxecto nos últimos anos?

- Que contía destinará o Goberno galego en 2018 a financiar a construción do devandito centro de saúde?

- Con que prazos temporais está a traballar o Goberno galego e cal será a data na que a veciñanza e o persoal sanitario deste concello poderán facer uso das novas instalacións?

- Con que dotacións contará o servizo?

- A que se debe o retraso de máis dunha década na construción deste novo centro de saúde?

- Pensa a Xunta de Galiza que está a cumprir coas sucesivas promesas electorais que o Partido Popular fixo á veciñanza do Saviñao?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:30
Nº Rexistro: 35375
Data envío: 30/08/2018 11:30:02.709

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:29:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:29:34

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:29:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:29:38

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:29:40

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:29:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Gondomar para mellorar a calidade asistencial en especial a pediátrica.

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Dispón dunha única praza de pediatría, en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, mais que aínda así non cubre a toda a poboación infantil do concello.

Desde marzo do ano pasado ten o cupo pechado e as familias das crianzas nadas desde esa data vense na obriga de se desprazar fóra de Gondomar para acudir ás consultas pediátricas de Nigrán ou Baiona.

Este problema agrávase aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia consulta. No BNG sumámonos as denuncias da inadecuada atención pediátrica existente no C.S. de Gondomar.

Tampouco se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguemento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir baixas ou vacacións contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto d@s profesionais vense na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación vaise ver agravada polo peche, anunciado polo propio SERGAS, das consultas de tarde no CS Gondomar durante o verán, alegando falla de persoal cando na realidade é a constatación da súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Que medidas se están a adoptar para garantir a atención pediátrica xs nenxs de Gondomar?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

-Que alternativa lle dá as persoas que teñan o seu médico de familia en horario de tarde, por decisión propia, por adaptarse ao seu horario laboral ou situación familiar, e durante o verán van deixar de telo?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:35
Nº Rexistro: 35376
Data envío: 30/08/2018 11:35:16.162

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:04:19

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:04:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:04:24

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:04:26

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:04:27

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:04:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35378
Data envío: 30/08/2018 11:37:22.834

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á corrección inmediata das deficiencias das cociñas da EOXI de Ourense e da actual cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense antes da posta en funcionamento do novo servizo de cociña do novo edificio do Hospital.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Segundo as últimas informacións facilitadas pola propia Xunta de Galiza na Cámara, o servizo de cociña futuro do Hospital ourensá contará cun sistema mixto de liña tradicional e liña fría ou precociñada instalado no novo edificio.

Porén, en canto esta realidade non se verifica, vén de ser demostrado que tal e como denunciaba a Comisión de centro, organizacións sociais e o Bloque Nacionalista Galego, a actual cociña está nunha situación extrema que debe ser corrixida. Máis aínda hai que recordar que as e os profesionais así como o persoal usuario levan anos demandando unha mellora das instalacións de cociña. Por outra banda, a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engade novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Mesmamente o 22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de marzo de 2017 o Bloque Nacionalista Galego denunciou esta situación nunha pregunta oral en pleno ao Conselleiro de Sanidade, quen fixo caso omiso.

De forma especial, a este grupo parlamentar preocúpalle ter coñecido a información pública de que a Inspección de Traballo vén de recoñecer determinadas eivas denunciadas pola Confederación intersindical galega o pasado 11 de abril. Segundo informan, a Inspección de Traballo vén de comunicarlle á EOXI de Ourense que ten un prazo de dous meses para corrixir as múltiples deficiencias detectadas na cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e indican que “No informe elaborado pola Inspección constátase, entre outras cuestións, o risco de caídas debido ao mal estado do chan, a probabilidade de incendio debido á graxa acumulada nas campás (a concesionaria fai unha única limpeza semanal), o perigo de electrocución ao atoparse cadros eléctricos sen tapa enchufes na zona de lavado que non son estancos e a posibilidade de lesións músculo esqueléticas pola realización de tarefas que obrigan a manterse de pé por períodos prolongados e en posicións forzadas.”

O Bloque Nacionalista Galego considera esta situación de especial gravidade polo que relata a Inspección e polo coñecemento de que a propia Consellaría era consciente, polo que os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que responsabilidades vai asumir a Xunta de Galiza diante das deficiencias demostradas no servizo de cociña da EOXI de Ourense, particularmente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

-Considera acaído a Xunta de Galiza que a Consellaría de Sanidade non actúe se non é por imposición da Inspección?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales foron as razóns para desoír, a dirección do SERGAS e do CHUO, as demandas dos e das traballadoras?

-Considera a Xunta de Galiza exemplarizante a súa política de riscos laborais?

-En que prazos estará posta en marcha a nova cociña do novo edificio do CHUO?

-Que actuacións desenvolverá a Xunta de Galiza mentres na cociña actual? Vai desenvolver algunha non ordenada pola Inspección? Cales son os motivos?

-Segue a considerar o goberno galego, que están garantidas as condicións de seguridade laboral en canto non se dá traslado a unha nova cociña?

-Desculpouse a Xunta de Galiza cos e coas traballadoras da instalación? Ten pensado facelo?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35378
Data envío: 30/08/2018 11:37:22.834

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 10:49:04

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 10:49:20

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 10:49:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 10:49:24

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 10:49:26

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 10:49:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 35380
Data envío: 30/08/2018 11:38:52.318

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nunha visita realizada no pasado mes de Xaneiro ao concello de Ares, o conselleiro de Sanidade –Jesús Vázquez Almuiña- adiantaba que o novo Centro de Saúde de Ares estaría operativo no verán deste ano. Ademais das novas instalacións, o conselleiro avanzaba tamén a entrada en funcionamento de novos servizos.

Con esta nova poñíase fin, polo menos teoricamente, a preto de dúas décadas de reivindicación por parte da veciñanza de Ares; primeiro contra das pretensións de traslado das instalacións fóra do casco urbano e, posteriormente, reclamando a concreción de investimentos e prazos para facer realidade esta demanda social.

O certo é que desde o pasado mes de marzo semella estar rematado todo o relacionado coa obra civil, e sen embargo non se produciron novidades no tocante ao traslado de medios que permitan facer operativas realmente as novas instalacións para a cidadanía.

Hai que sinalar, ademais, que na tempada do verán prodúcese un máis que notábel aumento da poboación –polo tanto, tamén de persoas potencialmente usuarias dos servizos sanitarios- polo que o lóxico sería implementar os medios para que as novas instalacións estivesen operativas antes do comezo da tempada do verán; evitando



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 35380
Data envío: 30/08/2018 11:38:52.318

os prexuízos que se puideran derivar da coincidencia do traslado co aumento da poboación.

Á vista desta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta a situación actual no referente á execución e remate da obra civil do novo Centro de Saúde de Ares?

-Existe algún problema co traslado do operativo que está a prestar o servizo de atención sanitaria nas instalacións provisionais ao novo Centro de Saúde?

-Que servizos sanitarios aumentarán –segundo o avanzado polo Conselleiro de Sanidade na visita a Ares o pasado mes de xaneiro- con respecto aos que actualmente se están a prestar?

-Que prazos manexa a Xunta para a posta en marcha definitiva de todos os servizos sanitarios nas novas instalacións?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 35380
Data envío: 30/08/2018 11:38:52.318

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:38:18

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:38:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:38:24

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:38:25

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:38:27

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:38:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á cobertura de prazas de pediatría nos centros de saúde de Coruxo e Navia en Vigo.

O Centro de Saúde de Coruxo en Vigo dispón dunha praza de pediatría para atender aos preto de mil nenos e nenas correspondentes ás parroquias de Coruxo, Saiáns, San Miguel de Oia e parte de San Andrés de Comesaña. A isto hai que sumarlle que durante os meses de verán a poboación destas parroquias aumenta considerablemente, polo que dispor do servizo de atención pediátrica no Centro de Saúde de Coruxo convértese nunha necesidade urxente.

Tras da recente xubilación da persoa que viña ocupando esta praza procedeuse a cubrila mediante unha substitución en réxime de interinidade e cuxa contratación está previsto que remate en breve sen que se teña asignada a praza de pediatría deste centro de saúde, o cal é indicativo da falla de previsión por parte do SERGAS.

Esta situación está a ocasionar grande preocupación entre ás familias usuarias deste Centro de Saúde que se ven abocadas a ser atendidas no Centro de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Saúde de Navia (ou no caso das tardes no servizo de urxencias pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro) .

O Centro de Saúde de Navia xa presenta serios problemas de masificación tanto pola alta poboación infantil existente nesta parroquia así como polo traslado dos preto de 900 nenos e nenas correspondentes ao Centro de Saúde de Coia.

Desde o BNG, sendo conscientes da falla de pediatras existente, consideramos que o SERGAS coa súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria segue sen atender debidamente a demanda de pediatras nos centros de saúde de Vigo, en concreto nos de Coruxo e Navia.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que pasos se están a dar dende o SERGAS co fin de garantir a cobertura das prazas de pediatría nos Centro de Saúde de Galiza?

-Que pasos se están a dar dende o SERGAS co fin de garantir a cobertura da praza de pediatría no centro de saúde de Coruxo?

-Ten previsto o SERGAS dotar ao servizo de pediatría do Centro de Saúde de Navia dunha cuarta praza de pediatría así como unha máis de enfermería, tal e como se está a demandar, co fin de atender debidamente a elevada poboación infantil asignada a este centro de saúde?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:41
Nº Rexistro: 35381
Data envío: 30/08/2018 11:41:07.224

-Ante a escaseza de pediatras existente no conxunto de Galiza, que medidas se están a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:40:13

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:40:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:40:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:41
Nº Rexistro: 35381

Data envío: 30/08/2018 11:41:07.224

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:40:20

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:40:21

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:40:22



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 30/08/2018 11:43:45.724

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á actuación levada a cabo pola dirección do HULA diante do suicidio dunha doente nese hospital o pasado 12 de maio.

Tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación que o 12 de maio unha muller de 74 anos ingresada no HULA, na planta de cirurxía vascular, quitouse a vida precipitándose desde o cuarto piso por un patio interior do hospital.

O BNG lamenta este tráxico suceso. Un acontecemento que non tiña que acontecer, acontecera e fora nun hospital público. Este falecemento pon de manifesto con toda crueza a dramática situación da atención á saúde mental na sanidade pública galega en xeral e a carencia de programas de prevención do suicidio en particular.

Este caso exemplifica todo o que non se debe facer e pon de manifesto, as moitísimas carencias de recursos e fallos en toda a cadea. Preventivos, suicidio, na comunicación do mesmo aos familiares e no coidado posterior das persoas vinculadas.

Os cadros de persoal son insuficientes, moi por debaixo das ratios precisas para poder prestar unha axeitada calidade asistencial. A atención psicolóxica e psiquiátrica especializada a doentes hospitalizados no conxunto do HULA está por debaixo de mínimos, non existe un programa de prevención do suicidio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares da propaganda da Xunta, e do propio Conselleiro que presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, nada máis se sabe do mesmo. Non se aplican procedementos de actuación ante doentes con risco de suicidio e os que existen só se empregan nas unidades de hospitalización psiquiátrica.

Neste caso, a pesares do neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer non se lle aplicou ningún protocolo.

No referido á “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio, os responsábeis do HULA realizaron unha actuación moi mellorábel.

O Hospital fai unha comunicación nefasta deste tráxico suceso coa familia, como se dunha xestión administrativa se tratara. Comunícanlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación é unha celadora, ninguén de dirección ten contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permiten ver o cadáver, ofrécelle recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar 11 días despois...

Ante un suceso dramático como este, con moitas dúbidas a respecto do coñecemento dos feitos e a responsabilidade dos mesmos, a familia ten dereito a información veraz e coidadosa do que pasou, información que a día de hoxe non teñen e polo tanto transcorridos máis de 20 días do suceso faise preciso que por parte da dirección do HULA se proceda a facilitar esa información e a tomar todas as medidas precisas para evitar que sucesos deste tipo se poidan repetir.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 30/08/2018 11:43:45.724

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Corresponde a actuación levada a cabo pola dirección do HULA no caso do suicidio de Irene Agrelo o pasado 12 de maio, co que ten establecido o Sergas para estes sucesos?

-Aplicouse o procedemento de actuación ante doentes con risco de suicidio tras o neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida, e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer ?

-Cal é a razón de que máis de vinte días despois de terse producido o suicidio de Irene Agrelo de 74 anos no HULA, a súa familia aínda non recibira información veraz e coidadosa de todo o acontecido por parte da dirección do Hospital?

-Parécelle que é un proceder correcto diante dun suceso dramático comunicarlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación sexa unha celadora, ninguén da dirección teña a ben poñerse en contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permitan ver o cadáver, non lle ofrezan recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar até 11 días despois...?

-Coida que se actuou, nin sequera minimamente, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio para a “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno?

-Vai reparar a actuación nefasta levada a cabo por parte da dirección do HULA, e vai proceder a facilitar de inmediato @s familiares de Irene Agrelo de 74 anos que se suicidou o pasado 12 de maio nese hospital, información veraz e coidadosa de todo o acontecido, atención e reparación oportuna?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 30/08/2018 11:43:45.724

-Vai dotar ao hospital dun programa de prevención no que se especifiquen actuacións para a humanización da institución e de coidado psicolóxico ás persoas ingresadas nos diferentes servizos, protocolos de actuación nos mesmos e accións de sensibilización, información e formación do persoal sanitario?

-Vai dotar d@s profesionais necesari@s os dispositivos de atención psiquiátrica e de psicoloxía clínica do HULA para garantir as atencións especializadas ás que teñen dereito as persoas ingresadas en todos os servizos do Hospital?

-Vai incrementar o orzamento destinado á saúde mental e á prevención do suicidio dotando adecuadamente os recursos, especialmente os sociais e sanitarios, toda vez que por parte da Xunta de Galicia se está afirmando reiteradamente que estamos en plena recuperación económica?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:43
Nº Rexistro: 35383

Data envío: 30/08/2018 11:43:45.724

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:42:13

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:42:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:42:20

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:42:21

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:42:23

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:42:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35389
Data envío: 30/08/2018 11:53:19.740

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O persoal da empresa Maderas Iglesias iniciou o pasado 28 de agosto unha folga indefinida para denunciar os reiterados incumprimentos de compromisos por parte da dirección da empresa e os impagos dos salarios, tanto no que atinxe a mensualidades como pagas extras. No momento do inicio da folga a empresa adebedaba a nómina e mais e a extra correspondente a xullo, así como a paga extra de nadal de 2017.

Esta situación súmase á conxelación salarial que sofre o cadro de persoal nos 8 últimos anos, que na práctica supón unha importante merma de poder adquisitivo. Ademais, os traballadores e traballadoras demandan a reactivación das negociacións para un novo convenio, xa que o anterior venceu en decembro de 2014.

Despois dos enormes sacrificios dos últimos 10 anos e da loita que protagonizaron nos últimos meses en defensa da continuidade e da viabilidade da empresa, o persoal ve con preocupación a falta de información e de compromisos por parte da propiedade. E tamén botan en falta unha maior implicación do goberno galego, en cumprimento do acordo parlamentario do pasado mes de outubro de 2017.

Cómpre ter en conta que Maderas Iglesias conta con máis de 200 postos de traballo, na súa maioría mulleres, da zona sur da provincia de Pontevedra, unha área que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35389
Data envío: 30/08/2018 11:53:19.740

está a sufrir un acelerado proceso de desindustrialización e na que resulta vital manter proxectos empresariais con emprego estábel e de calidade. Máis nun sector como o da madeira e a tarima flotante que ten posibilidades de consolidación e de expansión.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Que xestións realizou o Goberno galego para garantir a continuidade e a viabilidade da empresa Maderas Iglesias?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:48:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35389

Data envío: 30/08/2018 11:53:19.740

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:48:53

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:48:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:48:56

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:48:57

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:48:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A Valedora do Pobo volveu reclamar que Audasa levante as barreiras das peaxes cando se produzan embotellamentos. Xa o fixera na primavera, pero a concesionaria non se molestou nin sequera en contestar. Os argumentos que esgrime nesta ocasión a Valedora son os mesmos que xa expuxo a última vez, e que mesmo Feijóo considerou razoables: cando o servizo das autopistas non é o que lles corresponde, iso ten que afectar aos pagos que fan os condutores e condutoras.

A situación de colapso permanente non é nova. Dende que o 31 de decembro o Ministerio de Fomento inaugurou unha ampliación da ponte de Rande que obviamente non estaba rematada, estanse a producir atascos interminables. Ademais de pola Valedora, a situación foi denunciada polos concellos afectados (Vigo, Redondela, Cangas e Moaña), así como pola Cámara de Comercio e a Confederación de Empresarios, que fixeron fincapé nos prexuízos tremendos que está tendo no tecido económico e empresarial a pésima xestión da concesionaria.

Facéndose eco do anterior, a Fiscalía de Pontevedra decidiu abrir dilixencias para investigar os continuos colapsos que sofre a AP-9 por mor das obras de ampliación na ponte de Rande e nos enlaces de Cangas e Teis, executadas por Audasa. A investigación podería culminar cunha Acción Colectiva de Cesación por parte da Fiscalía de Pontevedra co obxecto de solicitar á empresa



concesionaria a indemnización ou restitución aos usuarios afectados polas cantidades aboadas durante os atascos.

Trala toma de posición dos concellos, dos empresarios, dos transportistas, dos condutores e condutoras, da Valedora do Pobo e da Fiscalía, incluso o Presidente da Xunta se pronunciou ao respecto. Cómpre dicir que non foi sen tempo. Así, Núñez Feijóo manifestouse a favor de que as retencións repercutisen na tarifa, facendo súa a argumentación dos axentes mencionados.

Como nos ten acostumados, as declaracións de Feijóo arrastraron un poso de hipocrisía e oportunismo que é moi difícil ignorar, xa que o Goberno da Xunta forma parte da comisión da AP-9 que creou Fomento. O lugar para defender a eliminación das peaxes era esa comisión, pero ou ben o Partido Popular non o fixo, ou ben o fixo, pero carece da capacidade política para facerse valer ante Audasa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que fixo ata o de agora a Xunta de Galicia para mudar a pésima xestión de Audasa que a Valedora e outros actores levan tempo denunciado?
- Fixo algo a Xunta de Galicia despois de que Feijóo asumira os argumentos da Valedora e da Fiscalía de Pontevedra?
- Se fixo algo, por que non mudou nada e os condutores seguen padecendo longos atascos sen que se levanten as peaxes?



- E se non fixo nada, por que estivo de brazos cruzados?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 11:53:36

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 11:53:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 12:52
Nº Rexistro: 35404
Data envío: 30/08/2018 12:52:01.553

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

A innovación nos orzamentos da Xunta de Galiza ten un recorte acumulado dende 2009 de 149 millóns de euros. Neste sentido, cabe salientar que o programa máis relevante “Plan galego de investigación” perdeu ata 173 millóns de euros na era Feijóo. Así mesmo, unha área que debiera ser prioritaria, tamén salientou pola súa baixa execución orzamentaria no Plan galego de I+D+i en todo o período Feijóo, cunha media que non chega ao 80%. Tamén, a súa Consellería, responsábel do impulso da innovación presenta ano tras ano unha execución realmente baixa, cunha media do 60%.

Por execución orzamentaria entendemos a porcentaxe que supoñen as obrigas recoñecidas en relación aos créditos vixentes (créditos finais). Xa que logo, representa as obrigas divididas polos créditos vixentes, expresadas en porcentaxe. O orzamento da Xunta de Galiza tivo un grao de execución no ano 2017 do 95,8%, polo tanto menor que o do 2016, que foi do 96,6%. A pesares deste relativamente alto grao de execución, este non é homoxéneo.

No que ten a ver cos programas de gasto, a pesares da alta execución global, hai programas que presentan unha execución bastante baixa, o que a bo seguro impide acadar os obxectivos que o programa ten explicitado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Destaca a baixa execución do “Plan Galego de I+D+i” cunha execución do 77,4, unha execución menor ao 81,3% rexistrada no 2016, e do programa de “apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación” cunha execución do 74,9%, o que nos amosa o escaso compromiso do goberno galego coa innovación.

Como consecuencia a realidade é que non se fortaleceron e consolidaron as infraestruturas e capacidades de I+D+i e afondouse na perda de talento investigador, como amosan indicadores como a perda do persoal de I+D na administración pública e no ensino superior dende o 2009, con caídas do 17,6% e do 14,7% respectivamente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores referidos? Que medidas a curto e medio prazo está tomando ou vai tomar o goberno galego para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos?

Considera compatíbeis os obxectivos que se fixan nos Plans da Xunta con este baixo esforzo canto á execución?

Que motivou o descenso do esforzo investidor en I+D desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza?

Ten pensado a Xunta de Galiza mudar as súas políticas para corrixir as eivas en materia de planificación orzamentaria?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 12:52
Nº Rexistro: 35404
Data envío: 30/08/2018 12:52:01.553

E para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza e apostar nun cambio de modelo produtivo?

Vai continuar o goberno galego aplicando estancando o esforzo investidor en políticas de I+D+i?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 12:50:29

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 12:50:33

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 12:50:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 12:52
Nº Rexistro: 35404

Data envío: 30/08/2018 12:52:01.553

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 12:50:36

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 12:50:38

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 12:50:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez Garcia, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a.

Vimos de coñecer dúas noticias contraditorias que atinxen á autovía A-52. Por unha banda, o Ministerio de Fomento iniciou a redacción do proxecto do último tramo da autovía das Rías Baixas, entre Porriño e Vigo. Por outra banda, ante a falta de proxectos para renovar o pavimento e acabar coas fochancas que se atopan ao longo de 42 quilómetros, o Ministerio decidiu limitar a 100 quilómetros por hora dous tramos da autovía A-52, en Monterrei e Xinzo. Así, mentres que por unha banda se mellora o servizo da autovía, por outro se recorta.

No que respecta ao tramo Vigo-Porriño, Fomento propuxo un tramo de aproximadamente 15 quilómetros de novo trazado que chegaría ata a cidade olívica. A obra levaría entre tres e catro anos, cunha inversión estimada de 600 millóns de euros. Unha vez realizada, reduciría o tempo de viaxe a Ourense entre 5 e 10 minutos.

Agora ben, se o que se quere e potencia a A-52, non ten ningún sentido inverter nun tramo ao mesmo tempo que se desatenden os demais, moitos dos cales levan anos reclamando unha mellora urxente.

O desleixo que, novamente, demostran as administracións cara a vertebración do territorio e, en particular, cara a conexión do interior de Galicia co resto do territorio, non sorprende, pero constitúe unha nova decepción. Non deberíamos incorrer unha e outra vez nos mesmos erros.

Galicia en xeral e Ourense en particular precisan unha mellora urxente das súas comunicacións por carreteira. A Xunta debería comezar por garantir estradas seguras, ben pavimentadas e sen fochancas, que melloren o tránsito de transportistas e condutores.

Polo dito, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como avalía a Xunta de Galicia o trazado ourensán da A-52?
- 2.^a) Parécelle seguro?
- 3.^a) Cre que reúne as mellores condicións posibles de seguridade?
- 4.^a) Considera que reúne as mellores condicións posibles en termos de competitividade?
- 5.^a) Que ten feito a Xunta para que Fomento mellore ese tramo?
- 6.^a) Ten pensando reclamar ao Ministerio de Fomento a súa mellora?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 12:43:37

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 12:43:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a.

O Partido Popular leva anos apostando polo desmantelamento do ferrocarril tradicional. Así, non é de estrañar que en apenas cinco anos o tren que realiza o traxecto A Coruña-Ferrol perdera un 43% dos seus usuarios. A tendencia é clara dende o 2013, ano no que comezou o descenso de viaxeiros e viaxeiras. De feito, podemos observar un curioso contraste arredor desta data. Dende o 2005 ata o 2012 o número total de usuarios era de case 100.000. A partir de entón e ata o ano 2016, a cifra caeu ata aproximadamente a metade.

O Partido Popular aplicou a tesoirá ao ferrocarril no ano 2013, o que supuxo o peche de 30 estacións e apeadeiros e a supresión de frecuencias en moitas liñas. Nesas datas, retiráronse 20 trens semanais entre Ferrol e A Coruña e pecháronse os apeadoiros de Franza, en Fene, e de Paderne. Neda, Barallobre, Cecebre e Cambre tiveron que conformarse dende entón cun único servizo.

A diminución de viaxeiros e viaxeiras afectou a tódalas estacións, dende A Coruña, O Burgo, Elviña... ata Ferrolterra, aínda que algunhas o sufriron máis que outras. Cambre e Neda, por exemplo, viron descender o seu número de usuarios nun 85%, pasando dos 1.500 e os 1.000 viaxeiros anuais aos 200.

A isto hai que sumar o agravio histórico que supón o feito de que Galicia sexa a única comunidade litoral que non conta cun tren de proximidade, malia ter un



espazo apropiado para desenvolvelo. Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia e Andalucía si dispoñen deste servizo, que supón un menor gasto para os seus usuarios e usuarias, comparado co custe dos servizos rexionais ou de media distancia galegos, e, ademais, ofrece máis frecuencias e está máis protexido fronte aos recortes do Estado central. Porén, non hai ningún plan sobre a mesa para corrixir este déficit.

Con este panorama, é urxente inverter a orde de prioridades no que respecta aos investimentos ferroviarios. Na actualidade, o ferrocarril convencional recibe o 30% da financiación pública, mentres que a alta velocidade acapara o 70% das axudas, sen importar que máis do 95% dos usuarios e usuarias continúan optando polo tren tradicional. Isto débese a que as política públicas de infraestruturas e transporte dos gobernos do Partido Popular non están orientadas á cidadanía e á vertebración do territorio, senón a inflar a burbulla dos macro-proxectos para favorecer as contas de resultados das empresas amigas. Isto ten que mudar de inmediato.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A que atribúe a Xunta de Galicia o descenso de viaxeiros e viaxeiras da liña A Coruña-Ferrol?
- Que avaliación fai do estado da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña?
- Que ten feito a Xunta de Galicia diante do abandono desta liña por parte do Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 13:05:55

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 13:06:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Extremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito



relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. A que é debido este incremento da débeda?
2. Como é posible que en Galicia a débeda se incremente nun 4,81% e para o conxunto das CCAA o incremento sexa do 0,54%?
3. Como explica a Xunta que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis se incrementa a débeda?
4. Que parte desta débeda é levada a cabo a través dos mecanismos extraordinarios de financiamento?
5. Que parte desta débeda se establece cos bancos?
6. Cales son as entidades financeiras coas que Galicia se endebeda?
7. No caso de ser establecidas con bancos, cal é o custe?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 30/08/2018 13:12:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios, pensións ou prestacións por desemprego.

Este estudo censal, chamado o Mercado de Traballo e de Pensións nas Fontes Tributarias, informa de xeito detallado dos ingresos reais obtidos por todas as persoas que no ano anterior recibiron salarios, pensións ou prestacións por desemprego, polo que é un retrato preciso da realidade do noso país.

En total no ano 2016 en Galicia houbo 1.784.611 persoas con ingresos de orixe laboral, salario, pensión ou prestación por desemprego.

Os datos do informe da Axencia Tributaria reflicten que os ingresos medios declarados foron de 16.140 euros brutos anuais. Este é de importe medio para o conxunto das diferentes categorías, pero hai elevadas diferenzas entre elas.

Son as persoas asalariadas as que declaran un maior ingreso medio: 18.114 euros brutos anuais. A continuación están os pensionistas que declaron un ingreso medio de 12.273 euros. E por ultimo e moi por debaixo están os desempregados que cobraron unha prestación media de tan só 4.135 euros en todo o ano.

Este dato permite valorar o ingreso medio por persoa en Galicia vinculado a rendas de orixe laboral. Estes 16.140 euros brutos anuais equivalen a 1.345 euros mensuais en doce mensualidades, pero como na maioría das situacións o salario e



as pensións inclúen dúas pagas extraordinarias, para poder comparar mellor repartimos a renda media declarada en catorce pagas, e o resultado é 1.152 euros brutos.

Esta é a cifra bruta, isto é, antes da cotizacións á Seguridade Social, no seu caso, e das retencións por IRPF en outros, polo que en termos netos o ingreso medio declarado por asalariados, pensionistas e desempregados con prestación sitúase lixeiramente por riba de 1.000 euros netos en 14 pagas: Galicia é unha sociedade mileurista.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que lle parece que a sociedade galega sexa maioritariamente mileurista?
- 2.^a) Que opinión ten de que os pensionistas de Galicia declaren un ingreso medio anual de 12.273 euros ao ano, isto é, 876 euros brutos ao mes en 14 pagas?
- 3.^a) Parécelle normal que a prestación media que perciben os desempregados en Galicia sexa de 4.135 euros en todo o ano 2016?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 30/08/2018 13:17:43

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 13:17:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 35416
Data envío: 30/08/2018 13:24:28.021

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Ourense leva anos agardando un albergue propio e público na zona vella para o acollemento das e dos peregrinos que visitan a cidade ao realizar a ruta da Prata, que ten recibido máis de nove mil visitas.

Froito desta necesidade, no ano 2016 Xunta de Galiza e Concello chegaron a un acordo para, co valor final adxudicado de 615.754,48 euros, reformar un emblemático edificio da rúa Barreira, no epicentro da zona vella e a carón das Burgas.

As obras, iniciadas a comezos de agosto de 2016, deberan estar finalizadas segundo as afirmacións públicas de Xunta de Galiza e do Concello de Ourense xa no 2017. En febreiro de 2018, ao non haber novidades nin previsión de apertura, o Bloque Nacionalista Galego preguntou no Parlamento e a Xunta de Galiza asegurou que estaría aberto no verán. Porén, no momento de asinar esta iniciativa nos últimos días de agosto continúa pechado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 35416
Data envío: 30/08/2018 13:24:28.021

Cal é o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense?

Cales son as razóns de que non estivera disponibilizado ao público no verán de 2018?

Ten avaliado a Xunta de Galiza as repercusións desta demora?

Cal é finalmente o seu equipamento?

Está garantida a súa accesibilidade para persoas con necesidades específicas de mobilidade?

Cal é a contía económica final do seu acondicionamento?

Que actuacións vai levar a cabo Turismo de Galiza para dar a coñecer esta nova infraestrutura?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 35416
Data envío: 30/08/2018 13:24:28.021

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 13:22:40

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 13:22:47

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 13:22:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 13:22:50

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 13:22:59

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 13:23:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Os ríos Barbaña e Barbañica levan moito tempo sufrindo constantes agresións medioambientais sen que o concello de Ourense e a Xunta de Galicia tomen medidas ao respecto, malia os compromisos acadados cos grupos da oposición.

O venres 13 de xullo, unha tormenta desbordou os colectores da rede de saneamento causando o vertido de augas sen tratar nos ríos Barbaña e Barbañica. Os colectores expulsaron un gran chorro de auga marrón que carrexaba papeis, plásticos e restos de materia orgánica. A auga sen tratar foi a responsable de que os ríos desprenderan un forte olor a putrefacción á altura da ponte da avenida de Marcerlo Macías, no seu percorrido cara o Miño. A auga do río tiña tamén un sospeitoso color negro xunto á depuradora de San Cibrao, debido á materia orgánica que arrastraba.

Nove días despois, o 22 de xullo, o río Barbaña volveu sufrir unha agresión medioambiental. Un vertido de espuma branca cubriu o río dende a depuradora de San Cibrao ata os barrios de O Polvorín e As Camelias.

Non é a primeira vez que algo así acontece. Ourense leva contemplando a mesma escena periodicamente dende o ano 2007, normalmente coincidindo con algún fin de semana. A espuma branca contaminante súmase así aos máis de 5.000 litros de aceite vertidos o 27 de maio e ao vertido de hidrocarburos de mediados do mes de xuño á altura da rúa Irmáns Xesta.

Os grupos da oposición veñen reclamando ao concello que tome cartas no asunto, en colaboración coas administracións que corresponda, para evitar que se volvan a producir acontecementos como os descritos e minimizar os danos contaminantes. Porén, o goberno popular do concello, prefire facer oídos xordos, botar balóns fora e non tomar medida ningunha, polo que a Xunta de Galicia, por responsabilidade medioambiental, tería que tomar a iniciativa de protexer os ríos Barbaña e Barbañica, así como a contorna natural.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galicia o estado dos ríos Barbaña e Barbañica despois dos sucesivos vertidos dos últimos meses?
- Que pensa facer para subsanar os danos?
- É para que non se volvan producir?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 13:29:43

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 13:29:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 30/08/2018 13:32:46.178

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á demora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

A OMS define a discapacidade como un termo xeral que abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal: as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

Por conseguinte, a discapacidade é un fenómeno complexo que reflexa unha interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.

A orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. No artigo 8 establece como prazo máximo para resolver o recoñecemento de grao 3 meses para instrución e resolución de expediente, data a partir da cal se desestima por



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 30/08/2018 13:32:46.178

silencio administrativo segundo o artigo 9, e tendo obriga a Administración de resolver expresamente.

Estas limitacións ou restricións impiden en gran parte das persoas, ou os coidadores principais destas, que solicitan a valoración de grao o normal desenvolvemento da súa vida laboral ocasionando baixas reiteradas, Incapacidades ou mesmo a expulsión (por despedimento) do mundo laboral. Isto conleva unha diminución importante de ingresos da unidade familiar, que na maioría das ocasións vai acompañada tamén nun aumento de gastos derivados do desprazamento (e gasto de parking) a consultas médicas, probas diagnósticas, tratamentos e/ou rehabilitación, gastos de fármacos algúns deles non subvencionados e outros gastos derivados da enfermidade ou lesión pola que se solicita o recoñecemento do grao. Teñen que pagar un elevado custe: e perda de saúde e os gastos que ocasiona.

A falta de recoñecemento de grao supón a demora ao accesos de determinados beneficios sociais que poden supoñer unha mellora no económico da unidade familiar, o acceso a formación ou facilidades para acceder a un novo emprego.

Todo isto leva consigo o risco da exclusión social, derivada dunha situación que impide a desenvolver o seu traballo e vida normal por unha deficiencia que limita a actividade e restrinxen a participación na vida normal, que xa é suficientemente grave, como para aínda por riba agravalala máis levando a súa vida a un grao de pobreza extrema que impide tanto aos afectados/as como ao seu entorno familiar levar unha vida normal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 30/08/2018 13:32:46.178

A Administración ten a obriga de corrixir estas situacións, para que ningunha persoas se sinta excluída e apartada dunha vida digna, e debe facilitar coa máxima urxencia posible a valoración dos graos de discapacidade, para poder beneficiarse de todas as melloras sociais e laborais, para non correr o risco de exclusión social tanto da persoa afectada como do seu entorno familiar.

A realidade é que as persoas que están agardando a que se instrúa e resolva o expediente teñen que agardar unha media de meses para ser citadas para a súa valoración en Galiza, sendo na provincia de Pontevedra a situación dramática, chagando a tres anos de agarda. Existe unha entrada media de 4.500 expedientes anuais e a media dos que se resolven é de 3000, co que cada ano vanse acumulando como mínimo 1.500 sen resolver. Estamos diante dun problema estrutural, que non se resolve con parches como o anunciado de contrato de equipos de forma temporal.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coida o Goberno galego que coa contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade vai resolver o problema estrutural existente?

-Por canto tempo se vai contratar aos equipos EVO?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 30/08/2018 13:32:46.178

-Cal é a razón de non dotar de xeito permanente dos equipos precisos para dar respostas ao problema estrutural existente de falta de persoal dos equipos EVO?

-Como permitiu que a situación na provincia de Pontevedra chegara a tal magnitude, causando tanto prexuízo a miles de persoas afectadas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 13:31:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422

Data envío: 30/08/2018 13:32:46.178

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 13:31:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 13:32:00

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 13:32:01

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 13:32:03

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 13:32:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer xs responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o dos/as que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas dos/as veciños/as polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para profesionais como para doentes.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídos/as?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

-Que alternativa lle dá as persoas que tiñan o seu médico de familia en horario de tarde, por decisión propia, por adaptarse ao seu horario laboral ou situación familiar, e durante meses van deixar de telo?

-Coida que o persoal do PAC pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

-Vai garantir a presenza de equipos completos de profesionais en todas as
quendas do PAC do centro de saúde de Cambados?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 13:34:06

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 13:34:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 13:34:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 13:34:13

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 13:34:15

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 13:34:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública (MINHAP) acaba de publicar o informe mensual sobre execución orzamentaria das Comunidades Autónomas correspondente ao mes de decembro e polo tanto cos datos acumulados para o conxunto do exercicio 2017.

Este informe permite coñecer e analizar a evolución orzamentaria acumulada ao mes de referencia que neste caso, ao ser o mes de decembro, permítenos coñecer, aínda que non sexa de forma definitiva, o nivel de execución dos orzamentos das diferentes CCAA, así como tamén, realizar unha comparativa entre os diferentes territorios no total do ano 2017.

O informe do Ministerio detalla a evolución dos ingresos e os gastos así como o déficit ou superávit das diferentes Comunidades Autónomas.

Como despois se verá, Galicia presenta un orzamento que se aproxima ao equilibrio, o que podería resultar un aspecto positivo, pero que se volve negativo cando se observa a forma a través da cal é acadado, xa que non o fai ingresando máis, senón gastando menos.

Os ingresos non financeiros acumulados para o conxunto do ano 2017 acadaron en Galicia a cifra de 8.684 millóns de euros, cantidade que comparada co mesmo período do ano 2016 supón un incremento do 4,8%.



Poren, esta taxa de crecemento resulta tan decepcionante como preocupante cando se compara coa media do Estado porque a taxa de variación media dos ingresos no total das CCAA foi do 7%.

Unha diferenza de difícil comprensión, que acada a súa máxima expresión cando a comparamos coas CCAA con mellor comportamento. Porque en Canarias a taxa de incremento dos ingresos non financeiros é do 12,03%, en Baleares do 10,56%, na Comunidade Valenciana do 10,79%, e en Cataluña do 7,34%.

Cando tomamos como referencia os territorios forais, a diferenza resulta aínda moito mais negativa. En Navarra, o incremento dos ingresos con respecto ao ano 2016 acada o 16,91% e no País Vasco, o 10,86%.

Galicia ten, polo tanto, unha baixa taxa de variación dos ingresos non financeiros que nos coloca como a cuarta peor entre as CCAA do réxime común.

Para entendela mellor, si Galicia tivera unha taxa de variación igual á media das CCAA os seus ingresos serían 192 millóns máis que os realmente acadados no conxunto do ano 2017, e chegarían ata 519 millóns de euros se tomamos como referencia a taxa de variación de Valencia.

Por qué tendo unha peor evolución nos ingresos Galicia está entre as CCAA con maior equilibrio orzamentario? Porque o que fai é gastar menos. Gastar menos é a forma que ten a Xunta de Galicia para reducir o déficit orzamentario.

O gasto non financeiro acumulado no ano 2017 en Galicia é de 8.927 millóns de euros, o que supón unha taxa de variación do 3,3% sobre o mesmo período do 2016.

No conxunto das CCAA do Estado o gasto non financeiro incrementouse no 4,5% sobre o ano anterior, o que pon de evidencia a estratexia de gastar menos que ten a Xunta de Galicia.



Aquí tamén as diferencias coas CCAA que teñen un mellor desempeño é notable. Galicia é a sexta comunidade do réxime común na que menos se incrementa o gasto e sitúase a gran distancia das que encabezan o ranking.

Canarias e Baleares son as que incrementan máis a súa capacidade de gasto, no entorno do 9%, grazas aos seus maiores ingresos. Pero de novo tamén destaca a Comunidade Valenciana co 6,13%, ou a Comunidade Autónoma de Castela León, cun incremento do gasto do 8,77%.

E aquí tamén hai que recordar que si a inflación interanual media ata decembro está no 2,1% o gasto en termos reais situaríase ao redor do 1%, isto é, estaría practicamente estancado.

En síntese no último exercicio Galicia presenta unha evolución orzamentaria preocupante e negativa, con taxas de variación dos ingresos e dos gastos non financeiros inferiores á media das CCAA e afastada dos que teñen mellores valores, o que se traduce en ingresos e gastos por debaixo da media o que cuestiona a estratexia da consolidación fiscal, porque o equilibrio orzamentario non se consegue ingresando máis senón gastando menos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

- 1.ª) Como explica que en termos reais os ingresos crezan o 2,71% moi por baixo do que o fixo o PIB nominal?
- 2.ª) Cal é a razón de que os ingresos medren en Galicia en menor medida do que o fan o conxunto das CCAA?
- 3.ª) Ten cuantificado a Xunta os menores ingresos dos que dispón por esta peor evolución comparada coa media do Estado e sobre todo coas CCAA con mellor evolución?



4.^a) Como explica a Xunta que a taxa de variación do gasto non financeiro sexa do 3,28% mentres que o PIB nominal creceu ao redor do 4,2% para o conxunto do ano 2017?

5.^a) Esta evolución forma parte da estratexia do goberno de ir reducindo o peso do gasto público en relación ao PIB, seguindo o comprometido polo Goberno central coa Comisión Europea?

6.^a) Como explica que en termos reais o gasto non financeiro estea practicamente estancado no ano 2017, o cuarto ano da fase alcista do ciclo?

7.^a) Cal é a razón que pode explicar que a taxa de variación do gasto non financeiro no conxunto das CCAA sexa do 4,48% mentres que en Galicia é do 3,28%?

8.^a) Ten cuantificado a Xunta o incremento do gasto en sanidade ou en educación que teriamos si o gasto público medrara en Galicia en taxas similares ás das CCAA con mellor evolución?

9.^a) Por qué Galicia está entre as CCAA con peor evolución da variación do gasto público?

10.^a) A evolución descrita no informe do MINHAP de menores ingresos e menores gastos é a estratexia de consolidación fiscal que ten o Goberno?

11.^a) Observando os resultados de execución orzamentaria, considera a Xunta que a súa política fiscal é axeitada?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 30/08/2018 13:54:24

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 13:54:39

Á Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O 12 de setembro iníciase en Galicia o curso escolar 2018/2019 no segundo ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria. Asemade, o 15 de setembro iníciase o curso escolar na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial.

É por todos coñecido que o inicio do curso escolar implica atender a un importante número de persoas e habilitar abondosos recursos humanos e materiais para atender as necesidades formativas de algo menos de 400000 alumnos e alumnas de distintos niveis educativos

Tendo esto presente podemos afirmar que cada inicio de curso require dun importante esforzo de coordinación e dispoñibilidade de recursos materiais e humanos por parte da administración educativa.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Qué valoración fai o goberno galego sobre o inicio do curso escolar 2018/2019?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 30/08/2018 13:53:39

María Antón Vilasánchez na data 30/08/2018 13:53:50

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 13:54:03

Carlos Gómez Salgado na data 30/08/2018 13:54:14

María Isabel Novo Fariña na data 30/08/2018 13:54:47

Antonio Mouriño Villar na data 30/08/2018 13:55:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/08/2018 13:55:25

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727